

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

A Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, no seu artigo 55 regula as ensinanzas do persoal técnico deportivo, atendendo aos diferentes niveis educativos, condicións de acceso, programas, directrices e plans de estudo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, establece o sistema nacional de cualificacións e formación profesional como marco das accións formativas dirixidas a responder as demandas do sector produtivo. Atendendo á capacidade de crecemento, diversidade de servizos e relevancia para efectos económicos da actividade física e o deporte, exíxese a profesionalización de recursos humanos, incrementándose as competencias requiridas polo persoal técnico e vinculándose este á formación profesional. Por isto, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), establece a posibilidade de que as ensinanzas deportivas se refiran ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Nesta mesma lei, o seu artigo 64.6 fai referencia ao establecemento das titulacións correspondentes aos estudos de ensinanzas deportivas, aos aspectos básicos do currículo e aos requisitos mínimos dos centros.

O Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, desenvolve as ensinanzas que conducen á obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior, mencionadas no artigo 55 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte. Así mesmo, aproban as directrices xerais sobre os títulos e as correspondentes ensinanzas.

O citado real decreto, que introduce as ensinanzas deportivas no sistema educativo, tal como queda recollido no artigo 3 e no capítulo VIII da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), concreta no artigo 6 o perfil profesional dos ditos títulos, que incluírá a competencia xeral, as competencias profesionais, persoais e sociais, as cualificacións e, de ser o caso, as unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas nos títulos, para que os títulos das ensinanzas deportivas respondan ás necesidades demandadas polo sistema produtivo e os valores persoais e sociais para exercer unha cidadanía democrática.

O Real decreto 935/2010, do 23 de xullo, que establece para a modalidade deportiva de vela, os títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre, establece para cada título a súa identificación, o seu perfil profesional, o

ámbito profesional, as ensinanzas dos ciclos de ensinanzas deportivas, a correspondencia dos módulos de ensinanzas deportivas coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, a acreditación de módulos debida á experiencia docente, espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado. Tamén se determinarán os requisitos específicos de acceso, identificando a carga lectiva acreditada a través destes requisitos, a vinculación con outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

As ensinanzas que regula este decreto configuráronse para dotar os alumnos e alumnas dos coñecementos suficientes para permitirilles o exercicio competente das súas funcións. De acordo con este obxectivo xenérico, ponse o acento en conseguir unha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade científico técnica e social da vela.

Finalmente, este decreto atende nestas ensinanzas de vela á Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e desenvolve neste, as previsións contidas na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia.

No desenvolvemento deste decreto os centros educativos terán en conta o disposto no artigo 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta e un de maio de dous mil doce,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto

Artigo 1. *Obxecto*

1. Este decreto establece o currículo das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre, que será de aplicación na Comunidade Autónoma galega.

2. De acordo co establecido no Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, os elementos recollidos no presente decreto non constitúen unha regulación do exercicio de ningunha profesión titulada.

CAPÍTULO II

Identificación do título e organización das ensinanzas

Artigo 2. Identificación dos títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre

1. O título de técnico deportivo en vela con aparello fixo queda identificado polos seguintes elementos:

- a) Denominación: vela con aparello fixo.
- b) Nivel: ensinanzas deportivas de grao medio.
- c) Duración: 1.100 horas.
- d) Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada de Educación).

2. O título de técnico deportivo en vela con aparello libre queda identificado polos seguintes elementos:

- a) Denominación: vela con aparello libre.
- b) Nivel: ensinanzas deportivas de grao medio.
- c) Duración: 1.100 horas.
- d) Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada de Educación).

Artigo 3. Organización das ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en vela con aparello fixo

As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en vela con aparello fixo organízanse en dous ciclos:

a) Ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, que ten unha duración de 500 horas.

b) Ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo, que ten unha duración de 600 h.

Artigo 4. *Organización das ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en vela con aparello libre*

As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en vela con aparello libre organízanse en dous ciclos:

a) Ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, que ten unha duración de 500 horas.

b) Ciclo final de grao medio en vela con aparello libre, que ten unha duración de 600 horas.

Artigo 5. *Especializacións dos títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre*

1. O título de técnico deportivo en vela con aparello fixo terá como única especialización, a de vela adaptada con aparello fixo.

2. O título de técnico deportivo en vela con aparello libre terá como especializacións:

a) *Kiteboarding*.

b) Vela adaptada con aparello libre.

CAPÍTULO III

Perfil profesional e ámbito profesional, persoal e laboral deportivo dos ciclos

Artigo 6. *Perfil profesional dos ciclos de grao medio en vela con aparello fixo e os ciclos de grao medio en vela con aparello libre*

O perfil profesional do ciclo inicial e final de grao medio en vela con aparello fixo e grao medio en vela con aparello libre queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título e no ámbito profesional, laboral e deportivo.

Artigo 7. Competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre

A competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre consiste en dinamizar, instruír e concretar a iniciación deportiva da vela; gobernar embarcacións de recreo de ata oito metros; organizar, acompañar e tutelar os/as deportistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel, utilizando embarcacións con aparello fixo e libre; conforme as directrices establecidas na programación de referencia, respectando o medio natural, en condicións de seguridade e cunha calidade que permita a satisfacción dos/as deportistas na actividade.

Artigo 8. Competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre

O ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre conteñen a seguinte relación de competencias profesionais, persoais e sociais:

a) Dominar as técnicas básicas da navegación deportiva a vela con aparello fixo e libre, co nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias da iniciación deportiva en condicións de vento ata 10 nós.

b) Atender o/a deportista informando das características da navegación deportiva a vela, solicitando información sobre as súas motivacións e intereses e motivándoo/a cara á práctica da vela.

c) Valorar as habilidades e destrezas específicas dos/as deportistas co obxecto de determinar o seu nivel e tomar as medidas de corrección axeitadas.

d) Concretar a sesión de ensino, aprendizaxe para a iniciación á navegación deportiva a vela de acordo coa programación de referencia e as condicións da área de navegación, adecuándose ao grupo e ás condicións ambientais e materiais existentes, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.

e) Dirixir a sesión de ensino-aprendizaxe de iniciación á navegación deportiva a vela, solucionando as continxencias existentes, para conseguir unha participación e rendemento conforme os obxectivos propostos e dentro das normas medio e as marxes de seguridade requiridas.

f) Preparar, transportar, almacenar e reparar os materiais náuticos e embarcacións para a práctica no nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, garantindo a súa dispoñibilidade e seguridade e respectando a normativa ambiental.

g) Controlar a seguridade da actividade no nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, supervisando as áreas de navegación, as condicións do contorno, os materiais náuticos e as embarcacións utilizadas e intervindo mediante a axuda ao rescate nas situacións de risco detectadas, aplicando os protocolos de evacuación establecidos.

h) Asistir como primeiro/a interveniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.

i) Seleccionar os/as deportistas en función do seu nivel e características, comprobando que se adaptan ás exigencias da navegación e da competición do nivel de iniciación á navegación deportiva a vela, respectando os obxectivos propostos e as normas de seguridade.

j) Acompañar os/as deportistas nas competicións e noutras actividades do nivel de iniciación para proporcionar unha experiencia motivadora e segura.

k) Dirixir tecnicamente os/as deportistas en competicións do nivel de iniciación á navegación deportiva a vela dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo e ao respecto aos demais, reforzando a súa responsabilidade e esforzo persoal.

l) Colaborar e intervir na organización e xestión de competicións e eventos propios da iniciación á navegación deportiva a vela, co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista na práctica da vela.

m) Valorar o desenvolvemento da sesión, recollendo e procesando a información necesaria para a elaboración de xuízos que permitan o axuste e a mellora permanente do proceso de ensino-aprendizaxe e das actividades propias da iniciación á vela.

n) Transmitir a través do comportamento ético-persoal valores vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.

o) Manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.

p) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.

q) Gobernar embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor adecuada a ela para navegacións realizadas ata 5 millas lonxe dun abrigo.

Artigo 9. *Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre*

O ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre inclúe a cualificación completa de iniciación deportiva en vela con embarcacións de aparello libre e fixo DFA_513_2, que inclúe as seguintes unidades de competencia:

a) UA_7035_2: executar as técnicas de goberno de embarcacións a vela con aparello libre.

b) UA_7036_2: executar as técnicas de goberno de embarcacións a vela con aparello fixo en condicións de vento ata dez nós.

c) UA_7037_2: concretar, dirixir e dinamizar sesións secuenciadas de iniciación deportiva á vela utilizando embarcacións con aparello libre e aparello fixo.

d) UA_7039_2: dinamizar accións de promoción e tutela a deportistas en eventos e competicións de iniciación á vela.

e) UC0272_2_R: asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

Artigo 10. *Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre*

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa a Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións e clubs deportivos e sociais, escolas de vela e escolas náuticas, centros educativos, empresas de servizos de actividades extraescolares, casas de colonias, que ofrezan actividades deportivo-recreativas de descubrimento e iniciación da vela.

2. Sitúase nos sectores do deporte, o ocio e tempo libre e o turismo.

3. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

- a) Monitor/a de iniciación á vela.
- b) Adestrador/a de iniciación á competición.

4. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo cos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixente.

Artigo 11. Competencia xeral do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo

A competencia xeral do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo consiste en adaptar, dirixir e dinamizar o adestramento básico e o perfeccionamento técnico na etapa de tecnificación deportiva da vela con embarcacións de aparello fixo; gobernar embarcacións de recreo de ata 12 metros; organizar, acompañar e tutelar os/as regatistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel; establecer as áreas de navegación propias deste nivel; xestionar os recursos materiais necesarios e coordinar as actividades do persoal técnico ao seu cargo; organizar actividades, competicións e eventos do nivel de iniciación deportiva; todo iso conforme as directrices establecidas na programación de referencia, respectando o medio natural, en condicións de seguridade e co nivel óptimo de calidade que permita a satisfacción dos/as regatistas participantes na navegación deportiva a vela con aparello fixo.

Artigo 12. Competencias profesionais, persoais e sociais propias do sistema deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo son as que se relacionan a continuación:

- a) Valorar e seleccionar o/a regatista en función do seu nivel e das súas características, co fin de adaptar a programación de referencia de perfeccionamento técnico na práctica da navegación deportiva a vela con aparello fixo.
- b) Adaptar e concretar a sesión de preparación física para a práctica da navegación deportiva a vela de acordo coa programación de referencia, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo.

c) Adaptar e concretar os programas específicos de perfeccionamento técnico-táctico para a etapa de tecnificación deportiva da navegación a vela con aparello fixo, de acordo coa programación xeral e do medio natural.

d) Diseñar programas de iniciación deportiva acordes cos procesos de tecnificación deportiva, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.

e) Dirixir a sesión de adestramento básico na etapa de tecnificación deportiva da navegación a vela con aparello fixo, solucionando as continxencias existentes, para conseguir a participación e rendemento conforme os obxectivos propostos da mesta e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridas.

f) Controlar a seguridade da práctica no nivel de tecnificación da navegación deportiva a vela, supervisando as instalacións, áreas de navegación e medios utilizados e intervindo mediante a axuda ou o rescate nas situacións de risco detectadas, e asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

g) Preparar, transportar, poñer a punto, almacenar e reparar os materiais náuticos e embarcacións necesarios para a práctica no nivel de tecnificación da navegación deportiva a vela con aparello fixo, garantindo a súa dispoñibilidade e seguridade e respectando a normativa ambiental.

h) Diseñar e establecer as áreas de navegación de nivel de iniciación e tecnificación, tendo en conta as previsións meteorolóxicas da zona e as normas e protocolos de seguridade.

i) Acompañar e dirixir os/as regatistas en competicións de nivel de tecnificación realizando as orientacións técnico-tácticas e decisións máis axeitadas ao desenvolvemento da competición con aparello fixo, co fin de garantir a súa participación nas mellores condicións dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao propio corpo.

j) Organizar eventos propios da iniciación e da tecnificación da navegación deportiva a vela e colaborar e intervir na xestión de competicións e eventos propios da vela, co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista á práctica da vela.

k) Coordinara outro persoal técnico encargado da iniciación deportiva revisando a súa programación, organizando os recursos materiais e humanos, co fin de dinamizar e favorecer as relacións entre o dito persoal técnico.

l) Avaliar o proceso de tecnificación deportiva, recollendo a información necesaria para a elaboración de xuízos e axustando programas que permitan a mellora permanente do adestramento básico e perfeccionamento das actividades propias da tecnificación á navegación deportiva a vela con aparello fixo.

m) Transmitir a través do comportamento ético-persoal valores vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao respecto e coidado do propio corpo.

n) Manter o espírito de responsabilidade individual, de esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.

o) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.

p) Gobernar embarcacións de recreo a motor e vela, de ata 12 m de eslora e potencia de motor axeitada, para navegacións realizadas entre a costa e a liña de 12 millas paralela a ela.

Artigo 13. *Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo*

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, ben na Administración xeral do Estado, nas administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións, centros de tecnificación, clubs deportivos e sociais, escolas de vela e escolas náuticas, centros educativos, empresas de servizos de actividades extraescolares, que ofrezan actividades deportivo-recreativas e tecnificación da vela.

2. Sitúase nos sectores do deporte, tempo libre e lecer.

3. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

a) Adestrador/a de tecnificación en vela con aparello fixo.

b) Coordinador/a doutro persoal técnico de iniciación á vela.

c) Xestor/a e organizador/a de eventos de vela de promoción e iniciación.

d) Acompañamento e dirección o/a regatista en competicións.

e) Responsable da seguridade da navegación e das instalacións deportivas utilizadas na tecnificación.

4. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo cos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixente.

Artigo 14. Competencia xeral do ciclo final de grao medio en vela con aparello libre

A competencia xeral do ciclo final de grao medio en vela con aparello libre consiste en adaptar, dirixir e dinamizar o adestramento básico e o perfeccionamento técnico na etapa de tecnificación deportiva da vela con embarcacións de aparello libre; organizar, acompañar e tutelar os/as regatistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel; establecer as áreas de navegación propias do nivel de iniciación e tecnificación; xestionar os recursos materiais necesarios e coordinar as actividades do persoal técnico ao seu cargo; organizar actividades, competicións e eventos do nivel de tecnificación deportiva; todo iso conforme as directrices establecidas na programación de referencia, respectando o medio natural, en condicións de seguridade e co nivel óptimo de calidade que permita a satisfacción dos/as regatistas participantes na navegación deportiva a vela con aparello libre.

Artigo 15. Competencias profesionais, persoais e sociais propias do sistema deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello libre

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo final de grao medio en vela con aparello libre son as que se relacionan a continuación:

a) Valorar e seleccionar o/a regatista en función do seu nivel e das súas características co fin de adaptar a programación de referencia de perfeccionamento técnico na práctica da navegación deportiva a vela co aparello libre.

b) Adaptar e concretar a sesión de preparación física para a práctica da navegación deportiva a vela con aparello libre de acordo coa programación de referencia, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo.

c) Adaptar e concretar os programas específicos de perfeccionamento técnico-táctico para a etapa de tecnificación deportiva da navegación a vela con aparello libre, de acordo coa programación xeral e do medio natural.

d) Diseñar programas de iniciación deportiva e vela con aparello libre acordes cos procesos de tecnificación deportiva, tendo en conta a transmisión de valores da práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo e do medio natural.

e) Dirixir a sesión de adestramento básico da etapa de tecnificación deportiva da navegación a vela con aparello libre, solucionando as continxencias existentes, para conseguir a participación e rendemento conforme os obxectivos propostos dela e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridas.

f) Controlar a seguridade da práctica no nivel de tecnificación da navegación deportiva a vela con aparello libre, supervisando as instalacións, áreas de navegación e medios utilizados e intervindo mediante a axuda ao rescate nas situacións de risco detectadas, e asistir como primeiro/a interveniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.

g) Preparar, transportar, pór a punto, almacenar e reparar os materiais náuticos e embarcacións necesarios para a práctica no nivel de tecnificación da navegación deportiva a vela con aparello libre, garantindo a súa dispoñibilidade e seguridade e respectando a normativa ambiental.

h) Diseñar e establecer as áreas de navegación co aparello libre, tendo en conta as previsións meteorolóxicas da zona e as normas e protocolos de seguridade.

i) Acompañar e dirixir os/as regatistas en competicións do seu nivel de tecnificación realizando as orientacións técnico-tácticas e decisións máis adecuadas ao desenvolvemento da competición con embarcacións de aparello libre, co fin de garantir a súa participación nas mellores condicións dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo, ao respecto aos demais e ao propio corpo.

j) Organizar eventos propios da iniciación e tecnificación da navegación deportiva a vela e colaborar e intervir na xestión de competicións e eventos propios da vela, co obxecto de captar, adherir e fidelizar o/a deportista á práctica da vela.

k) Coordinar outro persoal técnico encargado da iniciación deportiva a vela con aparello libre, revisando a súa programación, organizando os recursos materiais e humanos, co fin de dinamizar e favorecer as relacións entre o dito persoal técnico.

l) Avaliar o proceso de tecnificación deportiva, recollendo a información necesaria para a elaboración de xuízos e axustando programas que permitan a mellora permanente do

adestramento básico e perfeccionamento das actividades propias da tecnificación á navegación deportiva a vela con aparello libre.

m) Transmitir a través do comportamento ético-persoal valores vencellados ao xogo limpo, ao respecto as demais e ao respecto e coidado do propio corpo.

n) Manter o espírito de responsabilidade individual, de esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como persoal técnico deportivo.

o) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.

Artigo 16. *Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello libre*

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, ben na Administración xeral do Estado, nas administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sesan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións, centros de tecnificación, clubs deportivos e sociais, escolas de vela e escolas náuticas, centros educativos, empresas de servizos de actividades extraescolares, que ofrezan actividades deportivo-recreativas e tecnificación da vela.

2. Sitúase nos sectores do deporte, tempo libre e lecer.

3. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

a) Adestrador/a de tecnificación en vela con aparello fixo.

b) Coordinador/a doutro persoal técnico de iniciación á vela.

c) Xestor/a e organizador/a de eventos de vela de promoción e iniciación.

d) Acompañamento e dirección o/a regatista en competicións.

e) Responsable da seguridade da navegación e das instalacións deportivas utilizadas na tecnificación.

CAPÍTULO IV

**Estrutura das ensinanzas de cada un dos ciclos de ensinanzas deportivas
conducentes aos títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico
deportivo con aparello libre**

Artigo 17. Estrutura dos ciclos iniciais de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, final de grao medio en vela con aparello fixo e final de grao medio en vela con aparello libre

1. Os ciclos desenvolvidos neste decreto estrutúranse en módulos, agrupados en bloque común e bloque específico.

2. Os módulos de ensino deportivo do ciclo inicial de grao medio de vela con aparello fixo e aparello libre son os seguintes:

a) Módulos do bloque común:

MED-C101 - Bases do comportamento deportivo.

MED-C102 - Primeiros auxilios.

MED-C103 - Actividade física adaptada e discapacidade.

MED-C104 - Organización deportiva.

b) Módulos do bloque específico:

MED-VEVE102 - Formación técnica.

MED-VEVE103 - Seguridade da navegación e conservación dos materiais.

MED-VEVE104 - Metodoloxía da vela e iniciación á competición.

MED-VEVE105 - Formación práctica.

3. Os módulos comúns de ensino deportivo dos ciclos finais de grao medio de vela con aparello fixo e grao medio de vela con aparello libre son os seguintes:

a) Módulos do bloque común:

MED-C201 - Bases da aprendizaxe deportiva.

MED-C202 - Bases do adestramento deportivo.

MED-C203 - Deporte adaptado e discapacidade.

MED-C204 - Organización e lexislación deportiva.

MED-C205 - Xénero e deporte.

4. Os módulos específicos de ensino deportivo do ciclo final de grao medio de vela con aparello fixo son os seguintes:

a) Módulos do bloque específico:

MED-VEVE201 - Escola de vela.

MED-VEVE202 - Competicións e eventos a vela.

MED-VEVE203 - Seguridade na navegación a vela.

MED-VEVE204 - Preparación física do/a regatista.

MED-VEVE205 - Vela adaptada.

MED-VEAF206 - Perfeccionamento técnico-táctico da vela con aparello fixo.

MED-VEAF207 - Posta a punto do material de aparello fixo.

MED-VEAF208 - Formación práctica.

5. Os módulos específicos de ensino deportivo do ciclo final de grao medio de vela con aparello libre son os seguintes:

a) Módulos do bloque específico:

MED-VEVE201 - Escola de vela.

MED-VEVE202 - Competicións e eventos a vela.

MED-VEVE203 - Seguridade na navegación a vela.

MED-VEVE204 - Preparación física do/a regatista.

MED-VEVE205 - Vela adaptada.

MED-VEAL206 - Perfeccionamento técnico-táctico da vela con aparello libre.

MED-VEAL207 - Posta a punto do material de aparello libre.

MED-VEAL208 - Formación práctica.

6. A distribución horaria dos bloques común e específico dos ciclos desenvolvidos no presente decreto establécese no anexo I.

7. Os obxectivos xerais e os módulos de ensino deportivo dos ciclos inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, final de grao medio en vela con aparello fixo e final de grao medio en vela con aparello libre quedan redactados nos anexos II, III e IV.

Artigo 18. *Ratio profesorado/alumnado*

1. Para impartir os módulos do bloque común e os contidos relacionados cos resultados da aprendizaxe de carácter conceptual dos módulos do bloque específico, dos ciclos inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, final de grao medio en vela con aparello fixo e final de grao medio en vela con aparello libre, a relación profesorado/alumnado será de 1/20.

2. Para impartir os contidos relacionados cos resultados da aprendizaxe de carácter procedemental dos módulos do bloque específico dos ciclos inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, final de grao medio en vela con aparello fixo e final de grao medio en vela con aparello libre, a relación profesorado/alumnado será a recollida no anexo V.

Artigo 19. *Módulo de formación práctica*

De acordo co Real decreto 935/2010, do 23 de xullo, para iniciar os módulos de formación práctica dos ciclos inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, final de grao medio en vela con aparello fixo e final de grao medio en vela con aparello libre, será necesario superar con anterioridade os módulos comúns e específicos de ensino deportivo que se establezan no anexo VI.

Artigo 20. *Espazos e equipamentos deportivos*

Os espazos e equipamentos para desenvolver os módulos do ciclo inicial e final de grao medio de vela con aparello fixo e vela con aparello libre son os establecidos nos anexos VII A, VII B e VII C de este decreto.

**CAPÍTULO V
Acceso a cada un dos ciclos**

Artigo 21. *Requisitos xerais de acceso aos ciclos inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, final de grao medio en vela con aparello fixo e final de grao medio en vela con aparello libre*

1. Para acceder ao ciclo inicial das ensinanzas de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre será necesario ter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente para efectos académicos e superar as probas de carácter específico que figuran no artigo 22.

2. Para acceder ao ciclo final das ensinanzas de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre será necesario acreditar ter superado o primeiro nivel en vela con aparello fixo e aparello libre.

3. Será posible acceder a estas ensinanzas sen ter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que o/a aspirante reúna os outros requisitos de carácter xeral e específico establecidos e, ademais, cumpra as condicións de idade e supere a proba correspondente, conforme o artigo 31.1 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, segundo o cal o/a aspirante deberá superar unha proba de acceso ao grao medio, que ten por obxecto demostrar os coñecementos e habilidades abondadas para cursar con aproveitamento as ensinanzas do devandito grao.

Os contidos da proba versarán sobre o currículo de educación secundaria obrigatoria da Comunidade Autónoma de Galicia. Para realizar esta proba requírese unha idade mínima de 17 anos. A idade mínima establecida deberá cumprirse dentro do ano natural de realización da proba.

Artigo 22. *Requisitos de acceso específicos ao ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre*

1. Para acceder ao ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre será necesario superar a proba de carácter específico que se establece no anexo VIII.

2. A proba de carácter específico do ciclo inicial acredita a competencia profesional de «Dominar as técnicas básicas da navegación deportiva a vela con aparello fixo e libre, con nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias da iniciación deportiva en condicións de vento ata 10 nós». Asígnaselle unha carga horaria de formación de 220 horas sobre a duración total do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre.

3. Para a superación da proba de carácter específico será necesaria a avaliación positiva na totalidade dos criterios de avaliación descritos nelas.

Artigo 23. *Efectos e vixencia da proba de carácter específico*

1. A superación da proba de carácter específico, que se establece para o acceso ao ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre, terá efectos en todo o territorio nacional.

2. A superación das probas de carácter específico, que se establecen no anexo VIII, terá unha vixencia de 18 meses, contados a partir da data de finalización daquelas.

Artigo 24. *Requisitos do acceso dos/as deportistas de alto nivel ou alto rendemento*

Estarán exentos/as de realizar a proba de carácter específico que se establece para ter acceso ao ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre aqueles/as deportistas que acrediten:

a) A condición de deportista de alto nivel nas condicións que establece o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportista de alto nivel e alto rendemento na modalidade ou especialidade correspondente.

b) A cualificación de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de vela con aparello fixo ou modalidade de vela con aparello libre, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.

c) Ter sido seleccionado/a pola Real Federación Española de Vela para representar a España, dentro dos dous últimos anos, polo menos nunha competición oficial internacional de categoría absoluta, na modalidade ou especialidade correspondente.

d) Quedar clasificado/a entre os cinco primeiros/as nalgún dos campionatos do Mundo, de Europa ou de España na modalidade correspondente.

Artigo 25. *Requisitos de acceso de persoas que acrediten discapacidades*

As persoas con discapacidade poderán acceder ás ensinanzas destes ciclos conforme a disposición adicional terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, e será obriga das administracións competentes levar a cabo os axustes razoables para que este acceso non comporte restricións inxustificadas contrarias ao principio de igualdade de oportunidades.

Artigo 26. *Composición e perfil do tribunal da proba de carácter específico*

1. O tribunal que vai organizar e xulgar as probas de acceso será designado polo órgano competente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe do centro que as convoca e estará composto por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e polo menos tres avaliadores/as.

2. Os/As avaliadores/as das probas de carácter específico deberán acreditar, polo menos, a titulación de técnico deportivo en vela con aparello fixo, ou de técnico deportivo superior en vela con aparello libre, ou tamén poderán ser avaliadores/as aqueles/as que estiveran en disposición de homologar ou tramitar a equivalencia profesional de técnico deportivo en vela ou técnico superior en vela.

Artigo 27. *Funcións do tribunal avaliador da proba de carácter específico*

1. O tribunal da proba de carácter específico terá, entre outras, as seguintes funcións:

a) A organización da proba de carácter específico consonte o especificado no anexo VIII.

b) Garantir o correcto desenvolvemento das probas de carácter específico, comprobando os obxectivos, os contidos e a avaliación dos exercicios que compoñen as probas, aténdose ao establecido na descrición destas.

c) Os/As avaliadores/as realizarán a valoración das actuacións dos/as aspirantes de conformidade co establecido nos criterios de avaliación dos resultados da aprendizaxe da proba de carácter específico.

d) A avaliación final dos/as aspirantes.

2. O tribunal, como órgano colexiado, rexerase polo establecido na sección III, capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. No caso de que algún/algunha dos/as aspirantes acredite algún tipo de discapacidade, o tribunal actuará de acordo co disposto na disposición adicional terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

CAPÍTULO VI

Profesorado

Artigo 28. Requisitos de titulación do profesorado en centros públicos

Os requisitos da titulación do profesorado en centros públicos determinaranse en función do bloque de ensino deportivo en que impartan a docencia:

1. A docencia dos módulos do bloque común que constitúen as ensinanzas deportivas dos ciclos desenvolvidos neste decreto corresponde ao profesorado do corpo de profesores/as de ensino secundario e do corpo de catedráticos/as de ensino secundario, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo IX deste decreto.

2. A docencia dos módulos do bloque específico que constitúen as ensinanzas deportivas dos ciclos desenvolvidos no presente decreto está especificada no anexo X A e correspóndese a:

a) Profesores/as especialistas que posúan, segundo corresponda, o título de técnico deportivo superior en vela con aparello fixo, o título de técnico deportivo superior en vela con aparello libre, ou aqueles non titulados que acrediten a experiencia no ámbito laboral e deportivo, ou a experiencia docente, detallada no anexo X B.

b) Profesorado dos corpos de profesores/as de ensino secundario e catedráticos/as de ensino secundario, coa especialidade en educación física e que posúan o título de técnico deportivo superior en vela con aparello fixo ou o título de técnico deportivo superior en vela con aparello libre, segundo corresponda.

Artigo 29. Os requisitos de titulación do profesorado en centros privados e públicos non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

As titulacións requiridas e calquera outros requisitos necesarios para a impartición dos módulos tanto do bloque común, como do bloque específico que forman os ciclos desenvolvidos no presente decreto, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concrétnanse no anexo XI do presente decreto.

CAPÍTULO VII

Vinculación a outros estudos

Artigo 30. *Acceso a outros estudos*

Os títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre permitirán o acceso directo a todas as modalidades do bacharelato.

Artigo 31. *Validación destas ensinanzas*

1. A validación do bloque común destas ensinanzas cos títulos de licenciado en ciencias da actividade física e o deporte, diplomado en educación física e licenciado en educación física, mestre especialista en educación física, técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas e o de técnico en conducción de actividades físico-deportivas no medio natural, realizarase de acordo co artigo 33 do Real decreto 935/2010, do 23 de xullo.

2. A correspondencia dos módulos de ensino deportivo que forman o presente título coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo XII A.

3. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos de ensino deportivo que forman o presente título para a súa validación ou exención queda determinada no anexo XII B.

4. Serán obxecto de validación os módulos comúns e específicos do ensino deportivo coa mesma denominación e código.

5. A superación da totalidade dos módulos do bloque común do 1º o 2º nivel, en calquera das modalidades ou especialidades deportivas dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, validarase pola totalidade dos módulos do bloque común do correspondente ciclo inicial ou final de ensino deportivo en vela con aparello fixo e vela con aparello libre. A superación da totalidade dos módulos do bloque común dos ciclos inicial e final dos títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre, validarase pola totalidade dos módulos do bloque común, do correspondente nivel, dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Artigo 32. Exención do módulo de formación práctica

Poderán ser obxecto de exención total ou parcial do módulo de formación práctica dos ciclos desenvolvidos no presente decreto, en función da súa correspondencia coa experiencia no ámbito deportivo ou laboral, detallada no anexo XIII.

Artigo 33. Correspondencia formativa dos módulos de ensinanza deportiva coa experiencia docente

1. A correspondencia formativa entre os módulos de ensino deportivo dos ciclos desenvolvidos no presente decreto e a experiencia docente acreditable das formacións anteriores de adestradores/as deportivos/as a que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial e as formacións de adestradores/as a que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, establécese no anexo XIV.

2. A correspondencia formativa será aplicada polos centros, seguindo o procedemento establecido pola correspondente Administración educativa.

Artigo 34. Correspondencia formativa dos módulos de ensino deportivo coa experiencia deportiva

1. A correspondencia formativa entre os módulos de ensino deportivo dos ciclos desenvolvidos neste decreto e a experiencia deportiva acreditable nesta modalidade deportiva, establécese no anexo XV.

2. A correspondencia formativa será aplicada polos centros, seguindo o procedemento establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Disposición adicional primeira. Referencia do título no marco europeo

Unha vez establecido o marco nacional de cualificacións, de acordo coas recomendacións europeas, determinarase o nivel correspondente destas titulacións no marco nacional e o seu equivalente europeo.

Disposición adicional segunda. *Oferta a distancia dos módulos de ensino deportivo dos presentes títulos*

Os módulos de ensino deportivo que se establecen no anexo XVI, poderán ofertarse a distancia, sempre que se garanta que o/a alumno/a pode conseguir os resultados da aprendizaxe de acordo co disposto no presente decreto. Para iso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptará as medidas que estime necesarias e ditará as instrucións precisas.

Disposición adicional terceira. *Clave identificativa dos certificados de superación do ciclo inicial*

A clave identificativa dos certificados oficiais acreditativos da superación do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre a que fai referencia o artigo 15.4 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, é:

a) Certificación académica oficial: CA.

b) Díxito da comunidade autónoma: de acordo ao establecido no anexo IV da Orde ECD/454/2002, do 22 de febreiro, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación das ensinanzas conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos reguladas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son necesarios para garantir a mobilidade dos/as alumnos/as.

c) Díxitos da modalidade deportiva: VEVE.

Disposición adicional cuarta. Habilitación ás ensinanzas de grao medio en vela con aparello libre e vela con aparello fixo para o goberno de embarcacións e o exercicio do seu perfil profesional.

1. A posesión do certificado académico oficial da superación das ensinanzas do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre habilitará para o goberno de embarcacións de recreo ata 8 metros de eslora se son a vela e de 7,5 metros de eslora se son de motor, coa potencia de motor axeitada a ela, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo. Da mesma maneira, habilitará para o exercicio das competencias recollidas no perfil profesional do ciclo inicial descritas nos artigos 7, 8 e 10 do presente decreto.

2. A posesión do título de técnico deportivo en vela con aparello libre habilitará para o goberno de embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora se son a vela e de 7,5 metros de eslora se son de motor, coa potencia de motor axeitada a ela, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo. Da mesma maneira habilitará para o exercicio das competencias recollidas no perfil profesional do ciclo final de grao medio en vela con aparello libre descritas nos artigos 14, 15 e 16 do presente decreto.

3. A posesión do título de técnico deportivo en vela con aparello fixo, habilitará para o goberno de embarcacións de recreo de motor ou motor e vela de ata 12 metros, para a navegación que se efectúe na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 12 millas, así como a navegación interinsular nos arquipélagos balear e canario. Da mesma maneira habilitará para o exercicio das competencias recollidas no perfil profesional do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo descritas nos artigos 11, 12 e 13 do presente decreto.

Disposición transitoria primeira. *Extinción da formación do período transitorio en vela con aparello fixo e aparello libre*

1. De acordo co establecido no apartado 1 da disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, extingúrase o período transitorio en vela con aparello fixo e aparello libre, regulado na Orde ECD/3310/2002, do 16 de decembro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos da formación en materia deportiva, a que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro.

2. Os órganos competentes en materia de deportes ou, de ser o caso, de formación deportiva das comunidades autónomas establecerán o procedemento axeitado, no territorio da súa competencia, co fin de que os/as que iniciaran formacións reguladas na mencionada Orde ECD/3310/2002, do 16 de decembro, na vela con aparello fixo e aparello libre, poidan completala ata o seu terceiro nivel, durante os dous cursos académicos seguintes á súa implantación.

Disposición transitoria segunda. *Recoñecemento das formacións deportivas e prazo para solicitar a homologación, validación e equivalencia das formacións as que se refiren a disposición adicional quinta, a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, e a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, na modalidade de vela*

1. O recoñecemento das formacións deportivas anteriores as que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, levadas a cabo na modalidade de vela polos órganos competentes na Comunidade galega e as federacións deportivas da

modalidade mencionada, poderán solicitalo ante o Consello Superior de Deportes os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Real Federación Española de Vela, dentro dos sesenta días naturais seguintes ao da entrada en vigor do Real decreto 935/2010, do 23 de xullo, que establece os títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e libre, conforme o que se dispón na Orde do 30 de xullo de 1999 (BOE do 12 de agosto), pola que se regula o procedemento para o recoñecemento das formacións de adestradores/as deportivos/as e a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

Corresponderalle á Dirección Xeral de Infraestruturas Deportivas, do Consello Superior de Deportes (CSD), a instrución do procedemento e, no prazo máximo de seis meses contados a partir da data de entrada no rexistro do CSD da solicitude do recoñecemento, por proposta do citado organismo, o/a secretario/a de Estado-presidente/a do Consello Superior de Deportes ditará e notificará a oportuna resolución, cuxa parte dispositiva se publicará no *Boletín Oficial del Estado*.

2. O procedemento de recoñecemento das formacións a que se refiren a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, e a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, na modalidade de vela, efectuarase en canto á solicitude e á documentación, aos prazos de emenda, ás prácticas de dilixencias e ao trámite de audiencia, conforme ao previsto na xa citada Orde do 30 de xullo do 1999. O recoñecemento iniciarase por instancia do órgano competente en materia de deporte ou, de ser o caso, competente en materia de formación deportiva, da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo de presentación das solicitudes de recoñecemento de formacións deportivas a que se refire esta epígrafe e que finalizaran antes da publicación deste decreto, será de 90 días naturais a partir da súa entrada en vigor. Para as formacións realizadas durante o período de extinción marcado na disposición transitoria primeira, o prazo de presentación será de 90 días naturais a partir da finalización do prazo de extinción establecido na disposición transitoria primeira.

Corresponderalle á Dirección Xeral de Infraestruturas Deportivas, do Consello Superior de Deportes, a instrución do procedemento e, no prazo máximo de tres meses contados a partir da súa iniciación, por proposta do citado organismo, o/a secretario/a de Estado-presidente/a do Consello Superior de Deportes ditará e notificará a oportuna resolución, cuxa parte dispositiva se publicará no *Boletín Oficial del Estado*.

3. As solicitudes de homologación, validación e equivalencia para os efectos profesionais, das formacións de adestradores/as as que se refire a disposición adicional quinta do Real

decreto 1363/2007, do 24 de outubro, poderanas formular individualmente os/as interesados/as, para a modalidade de vela, dentro do prazo de 10 anos que empezará a contar desde o día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial del Estado* dos criterios comúns da modalidade, segundo se establece no punto 2 desta disposición adicional. A resolución do procedemento notificarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da solicitude.

4. Se nos procedementos regulados por este decreto non recaera resolución expresa nos prazos sinalados en cada caso, entenderase desestimada de acordo co disposto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria terceira. *Perfil dos/as avaliadores/as das probas de carácter específico*

Ata o momento da publicación no *Boletín Oficial del Estado* dos criterios comúns da modalidade de vela con aparello fixo e vela con aparello libre, para efectos de homologación, validación e equivalencia profesional, segundo se establece no número 2 da disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, poderán ser avaliadores/as das probas de carácter específico aqueles/as que estiveran en disposición de homologar ou tramitar a equivalencia profesional a técnico deportivo superior en vela con aparello fixo, ou de técnico deportivo superior en vela con aparello libre, desde formacións as que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, e da disposición transitoria primeira dos reais decretos 1913/1997, do 19 de decembro, e 1363/2007, do 24 de outubro.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas*

Quedan derogadas todas e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Referencia dos títulos de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre, ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais*

No momento da publicación no *Boletín Oficial del Estado*, das correspondentes cualificacións profesionais das modalidades de vela con aparello libre e vela con aparello fixo incluídas nos títulos obxecto do presente decreto, será de aplicación, en relación coas cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualifica-

cións Profesionais, o disposto nos artigos 6, 9 e nos números 2 e 3 do artigo 31 do presente decreto, sempre e cando as unidades de competencia manteñan o seu nivel.

Disposición derradeira segunda

Facúltase a persoa titular competente en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación do que se establece neste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de maio de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I Distribución horaria

Ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e libre

	Carga horaria	
RAE-VEVE101: Proba de carácter específico para o acceso ás ensinanzas de ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre	220 h	
	Carga horaria	
Bloque común	Teóricas	Prácticas
MED-C101: Bases do comportamento deportivo	15 h	5 h
MED-C102: Primeiros auxilios	20 h	10 h
MED-C103: Actividade física adaptada e discapacidade	5 h	--
MED-C104: Organización deportiva	5 h	--
Total	60 h	
Bloque específico	Teóricas	Prácticas
MED-VEVE102: Formación técnica	15 h	--
MED-VEVE103: Seguridade da navegación e conservación dos materiais	--	30 h
MED-VEVE104: Metodoloxía da vela e iniciación á competición	25 h	--
MED-VEVE105: Formación práctica	150 h	
Total	220 h	
Total ciclo inicial (RAE-VEVE101+BC+BE)	500 h	

Ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo

Bloque común	Carga horaria	
	Teóricas	Prácticas
MED-C201: Bases da aprendizaxe deportiva	40 h	5 h
MED-C202: Bases do adestramento deportivo	55 h	10 h
MED-C203: Deporte adaptado e discapacidade	20 h	--
MED-C204: Organización e lexislación deportiva	20 h	--
MED-C205: Xénero e deporte	10 h	--
Total	160 h	
Bloque específico	Carga horaria	
	Teóricas	Prácticas
MED-VEVE201: Escola de vela	30 h	--
MED-VEVE202: Competicións e eventos a vela	15 h	--
MED-VEVE203: Seguridade na navegación a vela	20 h	30 h
MED-VEVE204: Preparación física do/a regatista	--	30 h
MED-VEVE205: Vela adaptada	--	20 h
MED-VEAF206: Perfeccionamento tec./tac. da vela con aparello fixo	--	45 h
MED-VEAF207: Posta a punto do material de aparello fixo	--	50 h
MED-VEAF208: Formación práctica	200 h	
Total	440 h	
Total ciclo final (BC+BE)	600 h	

Ciclo final de grao medio en vela con aparello libre

Bloque común	Carga horaria	
	Teóricas	Prácticas
MED-C201: Bases da aprendizaxe deportiva	40 h	5 h
MED-C202: Bases do adestramento deportivo	55 h	10 h
MED-C203: Deporte adaptado e discapacidade	20 h	--
MED-C204: Organización e lexislación deportiva	20 h	--
MED-C205: Xénero e deporte	10 h	--
Total	160 h	
Bloque específico	Carga horaria	
	Teóricas	Prácticas
MED-VEVE201: Escola de vela	30 h	-
MED-VEVE202: Competicións e eventos a vela	15 h	-
MED-VEVE203: Seguridade na navegación a vela	20 h	30 h
MED-VEVE204: Preparación física do/a regatista	-	30 h
MED-VEVE205: Vela adaptada	-	20 h
MED-VEAL209: Perfeccionamento tec./tac. da vela con aparello libre	-	45 h
MED-VEAL210: Posta a punto do material de aparello libre	-	50 h
MED-VEAL211: Formación práctica	200 h	
Total	440 h	
Total ciclo final (BC+BE)	600 h	

ANEXO II

Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre

Obxectivos xerais:

a) Executar técnicas básicas propias deste nivel, coa seguridade suficiente e tomando conciencia do realizado, para servir de modelo no proceso de ensino-aprendizaxe da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, en condicións de vento ata 10 nós.

b) Establecer e transmitir a información sobre a actividade e recoller a información sobre os/as participantes, analizando as características da información e aplicando procedementos establecidos, para atender e motivar o/a deportista.

c) Analizar a execución técnica no nivel de iniciación, utilizando procedementos establecidos e comparando a execución técnica cos estándares propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre para valorar a execución dos/as deportistas e determinar o seu nivel.

d) Interpretar e adaptar a programación de referencia e a organización da sesión, utilizando criterios de elección e temporalización das tarefas, discriminando a información sobre as características do grupo, as condicións da área de navegación, as condicións ambientais e materiais existentes todo iso dentro da transmisión de valores de práctica saudable e respecto do medio natural, para concretar a sesión de ensino-aprendizaxe da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre.

e) Elixir e demostrar as técnicas de dirección e procedementos de control das continxencias, aplicando instrumentos de observación e control e resolvendo supostos, para dinamizar sesións de ensino-aprendizaxe de iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre.

f) Seleccionar, comprobar, almacenar e axustar os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, aplicando os procedementos establecidos, operando cos instrumentos de reparación e mantemento, para facilitar a dispoñibilidade e a axeitada utilización dos medios necesarios.

g) Identificar e describir as variables que interveñen no desenvolvemento da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, aplicando os

procedementos establecidos e clasificando a información obtida, para valorar o desenvolvemento da sesión de iniciación e axustar o proceso de ensino-aprendizaxe.

h) Identificar as condicións de seguridade das instalacións, as áreas de navegación e medios propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, aplicando procedementos establecidos e a normativa vixente, para controlar a seguridade na práctica.

i) Elixir e demostrar as técnicas de axuda e rescate de embarcacións e persoas, aplicando os procedementos establecidos, para intervenir en situacións de risco.

j) Describir, preparar e executar os primeiros auxilios, identificando as características dos supostos e aplicando os protocolos establecidos, para asistir como primeiro/a interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

k) Identificar as características das competicións e eventos propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, analizando o regulamento e as bases de competición propias deste nivel, para seleccionar os/as deportistas en función do seu nivel e características.

l) Identificar e describir os procesos de inscrición e acompañamento de deportistas, así como os aspectos técnicos da competición na iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, analizando supostos, aplicando os procedementos establecidos e tendo en conta o regulamento, para acompañar e dirixir os/as deportistas en competicións de nivel de iniciación.

m) Identificar e describir as características organizativas das competicións e eventos propios da iniciación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre, enumerando os medios materiais e humanos necesarios, para colaborar e intervenir na organización e xestión deste tipo de eventos.

n) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/as deportistas, para transmitir valores propios da navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo ou libre a través do comportamento ético-persoal.

o) Recoñecer e promover os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo as actitudes que reflicten estes valores, para manter o espírito

de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.

p) Identificar e describir os principios que fundamentan o traballo en equipo, sendo consciente da importancia do liderado e a comunicación, para manter a iniciativa e autonomía dentro do grupo de traballo.

q) Identificar e describir as características básicas das principais discapacidades, seguindo os procedementos de actuación establecidos e fixando as condicións básicas de relación e comunicación, para facilitar a integración e normalización das persoas con discapacidade.

r) Aplicar e demostrar técnicas de control de embarcacións de motor, interpretando o convenio internacional para a prevención de abordaxes, describindo a preparación e o mantemento das embarcacións de motor, para gobernar as embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor adecuada a ela para navegacións realizadas ata 5 millas afastadas dun abrigo.

* Módulo común de ensino deportivo: Bases do comportamento deportivo

Código: MED-C101

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais da/s persoa/s, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.

a) Describíronse diferentes estadios madurativos da infancia, identificando as particularidades de cada un.

b) Aplicáronse técnicas elementais de recollida de información para a obtención de datos relevantes da persoa.

c) Identificáronse os intereses e as motivacións características das persoas na etapa da infancia.

d) Describíronse as características dos mozos e das mozas a nivel motriz e psicolóxico na primeira etapa do proceso da aprendizaxe motora.

e) Demostrouse interese por respectar o desenvolvemento natural e saudable do/a deportista acorde co seu estado madurativo.

f) Valorouse a importancia de que a persoa conte con diversidade e variabilidade de experiencias físico-deportivas, nestes estadios e a evitar unha especialización precoz.

2. Atende o/a deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.

a) Identificáronse as diferentes técnicas de comunicación, verbal e non verbal, que poden utilizarse tendo en conta o contexto deportivo.

b) Elixíronse as técnicas de comunicación, así como a disposición espacial do material e do alumnado, máis oportunas no intercambio de información.

c) Identificáronse diferentes formas de captar a información e de tomar unha decisión a partir dela.

d) Identificáronse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.

e) Valorouse a importancia de contar con habilidades comunicativas e sociais nas relacións interpersoais.

f) Valorouse a importancia de utilizar unha linguaxe que respecte a equidade dos distintos sexos.

g) Empregáronse técnicas e estratexias comunicativas na presentación das tarefas propostas, logrando unha maior participación e motivación nelas.

h) Valorouse a importancia de manter a motivación e o goce de todas as persoas como elemento clave para a súa fidelización coa práctica deportiva e a prevención do abandono en etapas posteriores.

i) Demostrouse interese por valorar o proceso da aprendizaxe por enriba do resultado obtido.

j) Valorouse a autonomía, a espontaneidade e a creatividade dos/as mozos/as deportistas na iniciación deportiva.

3. Conduce o grupo seleccionando e aplicando dinámicas grupais e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

a) Descríronse as características fundamentais do grupo na iniciación deportiva, atendendo especialmente a factores de relación social e de xénero.

b) Descríronse as principais fontes de conflito na sesión, tanto individuais como grupais.

c) Aplicáronse estratexias de recollida de información que permitan coñecer mellor o grupo.

d) Aplicáronse dinámicas de grupo baseadas na aprendizaxe cooperativa e no traballo en equipo.

e) Utilizáronse estratexias de resolución de conflitos no grupo, promovendo e transmitindo valores de respecto, sinceridade, empatía, compromiso e igualdade de xénero.

f) Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

g) Demostrouse interese por respectar os intereses das persoas, evitando os prexuízos e valorando os elementos diferenciadores individuais tales como: emocións, sentimentos, personalidade, sexo, características morfolóxicas, orixe cultural, clase social.

h) Descríronse aqueles aspectos da contorna familiar e do contexto social que exercen unha influencia positiva ou negativa na iniciación deportiva de mozos e mozas.

i) Aplicáronse estratexias e técnicas axeitadas para corrixir actitudes negativas da contorna familiar ou do contexto social na iniciación deportiva.

j) Analizouse a importancia dos valores positivos da familia e do contexto social na práctica deportiva.

4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.

a) Descríronse os valores persoais e sociais que se poden transmitir a través do deporte.

b) Valorouse a importancia de ser un modelo ético de referencia nos/as deportistas durante a iniciación deportiva.

c) Reflexionouse sobre os propios prexuízos e estereotipos, incluídos os de xénero.

d) Demostrouse interese por educar ética e moralmente a través do deporte.

e) Identificáronse e describíronse estratexias de transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.

f) Identificáronse estratexias de fomento da coeducación.

g) Valorouse a importancia do respecto do xogo limpo, dun mesmo, aos demais e ao contorno durante a práctica deportiva.

h) Valorouse a importancia de defender e manter o carácter lúdico da práctica deportiva.

Contidos básicos:

1. Identifica as características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais do individuo, relacionándoas cos estadios madurativos da infancia.

- Desenvolvemento persoal dos mozos e das mozas na iniciación deportiva:
 - Crecemento, maduración e desenvolvemento.
 - Padróns motores básicos na infancia.
 - Características motrices, psicolóxicas, afectivas e sociais dos mozos e das mozas.
- Técnicas elementais de recollida de información a partir da teoría do procesamento da información.
- A actividade físico-deportiva nos estadios madurativos da infancia.
- A iniciación deportiva.
- Diversidade e variabilidade de experiencias deportivas na iniciación e os seus efectos positivos sobre o desenvolvemento motor.

- Respecto dos estados madurativos e as diferenzas interindividuais e intraindividuais.

2. Atende o/a deportista describindo e aplicando diferentes técnicas de comunicación e motivación.

- Motivacións e actitudes propias da infancia ante a práctica deportiva:
 - Motivacións intrínsecas e extrínsecas.
 - A teoría de metas de logro.
 - Principais motivos de abandono en mozos/as deportistas. A trascendentalización competitiva.
 - Estratexias para fomentar a participación, a motivación e o goce, como elementos clave para a fidelización deportiva, atendendo ás diferenzas de xénero.
 - Valoración do proceso da aprendizaxe por enriba do resultado deportivo.
 - Valoración da actitude do alumnado por enriba da súa aptitude.
- Proceso de comunicación. Elementos, tipos e dificultades:
 - Técnicas de comunicación: verbal e non verbal.
 - Valoración comunicativa do contexto: elementos facilitadores e obstáculos e inhibidores no proceso de comunicación.
 - Disposición do espazo e o alumnado para a mellora da comunicación na sesión deportiva.
 - Información inicial e retroalimentación (*feedback*) na sesión deportiva.
 - Habilidades comunicativas, persoais e sociais, nas relacións interpersoais.
 - Uso non sexista da linguaxe.

3. Conduce o grupo seleccionando e aplicando dinámicas grupais e estratexias para a resolución de conflitos, en función das características do contexto.

 - Fontes de conflito no grupo deportivo:
 - Falta de confianza mutua.

- Competitividade e liderado.
- Discriminación: por razóns de sexo, de capacidade, actitudes xenófobas.
- Diverxencia de intereses individuais en mozos e en mozas.
- A dinámica de grupos na iniciación deportiva e a súa importancia:
 - Condución de dinámicas orientadas á valoración sociolóxica do grupo:
 - Dinámicas de presentación e coñecemento do grupo.
 - Técnicas sociométricas.
 - Condución de dinámicas de grupo orientadas ao traballo cooperativo e á resolución de conflitos:
 - Dinámicas de autocoñecemento para a afirmación persoal e a autoconfianza.
 - Dinámicas socio-afectivas para crear confianza mutua.
 - Dinámicas de traballo en equipo:
 - De responsabilidade grupal.
 - De toma de decisións por consenso.
 - De eficiencia no traballo en grupo.
 - Dinámicas de resolución de conflitos en pequenos grupos, para:
 - A identificación do problema.
 - A solución do problema.
 - Modelos de intervención do persoal técnico nos grupos de iniciación deportiva:
 - Modelo autoritario.
 - Modelo permisivo.

- Modelo democrático.
- Actitudes e influencia do contexto familiar na iniciación deportiva:
 - Contextos familiares que exercen unha influencia positiva na iniciación deportiva dos mozos e das mozas.
 - Condutas e actitudes negativas máis frecuentes protagonizadas por familiares na iniciación deportiva:
 - Excesiva presión competitiva sobre os seus fillos e fillas.
 - Comportamentos e actitudes agresivas e violentas.
 - Interferencias co persoal técnico deportivo.
 - Estratexias de intervención na contorna familiar durante a iniciación deportiva. A entrevista cos/coas responsables legais do/a deportista.
- 4. Transmite valores persoais e sociais aplicando as técnicas axeitadas e reflexionando sobre as propias actitudes e comportamentos.
 - O deporte como transmisor de valores persoais e sociais tanto positivos como negativos:
 - A responsabilidade do persoal técnico deportivo na transmisión de valores éticos no deporte e en evitar os contravalores.
 - Superación da idea de bondade natural do deporte en canto á transmisión de valores éticos.
 - Condutas inmorais máis frecuentes na práctica deportiva.
 - Xogo limpo e deportividade (condutas éticas na práctica deportiva).
 - Técnicas e estratexias para o desenvolvemento de valores no deporte: reflexión, establecemento de normas consensuadas, desenvolvemento do xuízo moral, autocontrol da conduta, análise, desenvolvemento da empatía e comprensión crítica de temas eticamente relevantes e encontros de grupo.

◦ Autoavaliación e reflexión dos propios prexuízos e estereotipos persoais, incluídos os de xénero.

* Módulo común de ensino deportivo: Primeiros auxilios

Código: MED-C102

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

- a) Identificáronse e tomáronse as constantes vitais.
- b) Identificáronse e describíronse os protocolos de valoración que se deben seguir en cada caso.
- c) Identificáronse e describíronse as lesións óseas e articulares, así como os síntomas e mecanismos de produción.
- d) Identificáronse e describíronse as lesións musculares e tendinosas, así como os síntomas e mecanismos de produción.
- e) Identificáronse e describíronse os diferentes tipos de traumatismos.
- f) Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos primeiros auxilios.
- g) Identificáronse e describíronse as lesións provocadas por outros axentes externos (frío, calor, axentes químicos e biolóxicos) así como os síntomas e mecanismos de produción.
- h) Utilizouse a terminoloxía médico sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.
- i) Identificouse a secuencia de actuación segundo o protocolo establecido polo ILCOR (Comité de Coordinación Internacional sobre a Resucitación).

2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.

- a) Aplicáronse técnicas de primeiros auxilios axeitadas aos diferentes tipos de lesión.

b) Identificáronse e describíronse os protocolos de primeiros auxilios e inmovilización que se debe seguir segundo a lesión.

c) Identificáronse os medios materiais de aplicación de primeiros auxilios (caixa de primeiros auxilios e outros).

d) Describíronse as repercusións dunha incorrecta aplicación das técnicas de primeiros auxilios e do traslado da persoa accidentada.

e) Aplicáronse técnicas de inmovilización para traslado da persoa accidentada.

3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.

a) Detállouse a instrumentación básica para o soporte vital, recoñecendo as súas partes e mecanismos de funcionamento.

b) Describíronse os fundamentos de resucitación cardiopulmonar básica.

c) Aplicáronse técnicas de apertura de vía aérea.

d) Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio.

e) Aplicáronse técnicas de soporte circulatorio.

f) Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DESA).

g) Aplicáronse medidas de pos-reanimación.

h) Recoñecéronse aquelas situacións nas cales se desaconsella a intervención e posterior evacuación, detallando as súas características.

i) Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos.

4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicológico á persoa accidentada e acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.

a) Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de apoio psicológico.

b) Describíronse e aplicáronse técnicas básicas de autocontrol.

c) Aplicáronse estratexias básicas de comunicación en situacións de prestación de primeiros auxilios.

d) Describíronse os posibles estados emocionais dos/as accidentados/as.

e) Valorouse a importancia de autocontrolarse ante situacións de tensión.

f) Describíronse os factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencias.

g) Describíronse e aplicáronse técnicas que se deben empregar para controlar situacións de tensión ambiental.

5. Aplica técnicas para o control da contorna relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.

a) Determináronse as distintas técnicas que se poden utilizar cando a contorna xera determinados niveis de risco.

b) Describíronse os protocolos de actuación oportunos para establecer unha contorna segura e emocionalmente estable.

c) Determináronse as distintas técnicas que se poden utilizar en relación co risco da contorna.

d) Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.

e) Definíronse os conceptos de urxencia, emerxencia e catástrofe.

f) Describiuse a organización dos sistemas de emerxencia.

Contidos básicos:

1. Realiza unha valoración inicial aplicando técnicas de valoración segundo protocolos establecidos e relacionándoos cos principios de anatomía e fisioloxía.

- Signos e síntomas de urxencia.

- Valoración do nivel de consciencia.

- Toma de constantes vitais.
 - Protocolos de exploración elementais.
 - Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
 - Protocolo de transmisión da información.
 - Signos de compromiso vital en adulto, neno ou nena e lactante.
 - Métodos e materiais de protección da zona.
 - Bases anatomofisiolóxicas relacionadas cos primeiros auxilios: ósos, articulacións e músculos (concepto, características, clasificación e localización a nivel básico/elemental).
 - Valoración básica en lesións por traumatismos e por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
 - Valoración básica ante patoloxía orgánica de urxencia.
2. Aplica as técnicas de primeiros auxilios relacionando o tipo de lesión co protocolo establecido en cada caso.
- Caixa de primeiros auxilios.
 - Aplicación dos primeiros auxilios.
 - Seguridade na aplicación das técnicas utilizadas.
 - Aplicación de procedementos de inmovilización e mobilización.
3. Aplica técnicas de soporte vital identificando a súa instrumentación e describindo as súas fases segundo o protocolo básico establecido.
- Control da permeabilidade das vías aéreas.
 - Resucitación cardiopulmonar básica.
 - Desfibrilación externa semiautomática (DESA).

- Valoración básica do/a accidentado/a.
 - Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
 - Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
 - Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
 - Actuación limitada no marco das súas competencias.
4. Aplica técnicas de autocontrol e de apoio psicolóxico á persoa accidentada e acompañantes, describindo e aplicando as estratexias de comunicación máis axeitadas.
- Apoio psicolóxico os/as pacientes.
 - Primeiros auxilios psicolóxicos. Comportamento da poboación ante unha catástrofe.
 - Estratexias básicas de comunicación.
 - Valoración do papel do/a primeiro/a interveniente.
 - Técnicas facilitadoras da comunicación interpersonal.
 - Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.
5. Aplica técnicas para o control da contorna relacionándoo cos protocolos establecidos e a organización do sistema de emerxencias.
- Sistemas de emerxencias.
 - Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
 - Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
 - Normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
 - Técnicas de primeiros auxilios en relación co risco da contorna.
 - Protocolos de alerta.

* Módulo común de ensino deportivo: Actividade física adaptada e discapacidade

Código: MED-C103

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica as principais discapacidades describindo as características básicas delas e relacionándoas coa práctica deportiva.

- a) Describíronse as principais causas da discapacidade física, intelectual e sensorial.
- b) Determináronse os beneficios que xera a práctica de actividades físicas adaptadas nas persoas con discapacidade.
- c) Recoñecéronse as limitacións na práctica e as condicionantes fundamentais segundo o tipo de discapacidade.
- d) Valorouse a vivencia persoal do que supón a discapacidade en situacións simuladas, usando contornas restritivas a nivel perceptivo, decisional e motriz.
- e) Describíronse as posibilidades das axudas técnicas básicas segundo discapacidade.
- f) Aplicáronse procedementos básicos de identificación e recoñecemento da discapacidade mediante a observación das características morfolóxicas e funcionais do/a deportista.
- g) Valorouse a importancia do recoñecemento das capacidades do/a deportista, máis aló das limitacións que poida presentar pola súa discapacidade.
- h) Identificáronse os principais programas de iniciación deportiva dirixidos ás persoas con discapacidade.

2. Informa as persoas con discapacidade sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na iniciación a estas.

- a) Describiuse a terminoloxía máis actual en relación coas persoas con discapacidade.

b) Aplicáronse técnicas de recollida de información acerca dos intereses, capacidades, experiencias previas e motivacións das persoas con discapacidade cara á práctica deportiva.

c) Demostrouse interese por non prexulgar as persoas, respectando os seus elementos únicos e diferenciadores: emocións, sentimentos, personalidade.

d) Determináronse e aplicáronse criterios de adaptación das técnicas de comunicación para as principais discapacidades.

e) Describíronse as principais posibilidades de práctica e deportes adaptados segundo tipo de discapacidade.

f) Valorouse a importancia da participación activa das persoas con discapacidade en contornas/contextos deportivos normalizados.

Contidos básicos:

1. Identifica as principais discapacidades describindo as súas características básicas e relacionándoas coa práctica deportiva.

- Características básicas das principais discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.
- Recoñecemento da discapacidade mediante procedementos básicos de observación das características morfolóxicas e funcionais do/a deportista.
- Valoración das posibilidades individuais, máis aló das limitacións que se poidan presentar segundo discapacidade.
- Condicionantes derivados dun tipo de discapacidade para a práctica físico deportiva.
- Recoñecemento e uso fundamental do material deportivo específico e as axudas técnicas básicas.
- Beneficios da práctica deportiva para persoas con discapacidade.
- Os programas de iniciación e difusión da práctica deportiva para persoas con discapacidade.

- A vivencia persoal en situacións de práctica restritivas simulando a discapacidade.

2. Informa as persoas con discapacidade sobre as prácticas deportivas, describindo as técnicas de comunicación específicas e identificando as limitacións que poden presentarse na iniciación a elas.

- Toma de conciencia dos sentimentos e actitudes cara a persoas con discapacidade.
- Terminoloxía básica en relación coa saúde e coa discapacidade.
- Aplicación de técnicas básicas de recollida de información en relación coas características dos/as deportistas con discapacidade.
- Recoñecemento e aplicación de técnicas de comunicación concretas segundo discapacidade.
- Métodos de comunicación alternativa respecto de persoas con discapacidade.
- Aplicación de exemplos de inclusión deportiva de persoas con discapacidade en contextos normalizados.
- Os principais deportes adaptados.
- A importancia da práctica deportiva para a autonomía persoal e integración social de persoas con discapacidade.
- A identificación dos propios prexuízos previos á práctica respecto de persoas con discapacidade.

* Módulo común de ensino deportivo: Organización deportiva

Código: MED-C104

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

a) Describíronse as formas de organización a nivel local e autonómico en referencia ao ámbito deportivo.

b) Descríbíronse as principais competencias e programas das organizacións deportivas locais e autonómicas.

c) Utilizáronse as fontes de información dispoñibles que fan referencia á normativa xurídica deportiva.

d) Utilizouse unha terminoloxía básica axeitada ás estruturas das organizacións deportivas locais e autonómicas, así como da normativa deportiva.

2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.

a) Descríbíronse as competencias, funcións e formas de organización das federacións deportivas autonómicas.

b) Descríbíronse as formas de asociacionismo deportivo no ámbito local e autonómico.

c) Identificáronse as características do asociacionismo deportivo.

d) Descríbíronse as vías de apoio ao asociacionismo deportivo por parte da Administración local e autonómica.

e) Cubriuse a documentación básica para a procura de apoios ao asociacionismo deportivo e describíronse os procedementos que esa documentación debe seguir.

f) Valorouse a importancia que ten o apoio institucional ao desenvolvemento do asociacionismo deportivo e a potenciación do asociacionismo feminino como medio de promoción da práctica da actividade físico-deportiva nas mulleres.

Contidos básicos:

1. Identifica a organización deportiva local e autonómica relacionándoa coa estrutura administrativa e as súas competencias básicas.

- A lexislación básica do Estado e da comunidade autónoma:
- O marco competencial do deporte no ámbito local e autonómico.
- Interpretación da lexislación deportiva básica: obxectivo e rango da norma.

- Estrutura administrativa e organizativa do deporte:
 - Estrutura autonómica do deporte.
 - Identificación das características esenciais das diferentes estruturas deportivas no ámbito local de servizos e padroados municipais, sociedades públicas, organismos de deputacións, clubs, asociacións, entre outras.
 - Aceptación da organización deportiva autonómica e local.
- As fontes de información en normativa xurídica deportiva.
 - A terminoloxía básica en normativa deportiva.
 - As publicacións oficiais que reflicten a normativa xurídica deportiva.
- 2. Concreta a estrutura do asociacionismo deportivo identificando os seus elementos e organización.
 - As federacións deportivas autonómicas: competencias, funcións e estrutura organizativa.
 - Tipos de clubs e asociacións deportivas; tipos e a súa importancia no asociacionismo deportivo.
 - Asociacionismo deportivo feminino. Presenza das mulleres na organización deportiva.
 - As vías de apoio ao asociacionismo deportivo:
 - Administración local e autonómica: tipos e formas de axuda.
 - As vías de apoio ao asociacionismo deportivo:
 - Procedementos para a xestión de apoios ao asociacionismo deportivo:
 - Na Administración local.
 - Na Administración autonómica.

* Módulo específico de ensino deportivo: Formación técnica

Código: MED-VEVE102

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Fundamenta a navegación a vela, describindo os principios básicos da navegación e relacionándoa cos sistemas vento-vela-casco-auga.

a) Describíronse os principios físicos da mecánica de fluídos aplicables á navegación.

b) Describíronse as características fundamentais do sistema vento-vela-casco (táboa)-auga.

c) Describíronse as características fundamentais das forzas de propulsión e o seu avance, así como a súa composición.

d) Describíronse as características fundamentais do vento real, aparente velocidade, así como a deriva do barco e a súa composición.

e) Definíronse os conceptos equilibrio e goberno en embarcacións (táboa) a vela.

f) Xustificouse a importancia do sistema vento-vela-casco-auga na navegación con aparello fixo e libre.

2. Interpreta as condicións da área de navegación a vela, caracterizando os signos naturais e analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos de medios acuáticos navegables, e interpretando a información de cartas náuticas e mapas meteorolóxicos.

a) Aplicáronse os diferentes conceptos de presión, temperatura e humidade.

b) Describíronse as características de desprazamento e comportamento das masas de aire.

c) Interpretáronse os datos dos instrumentos de medición, barómetro, termómetro, anemómetro e higrómetro.

d) Describíronse a formación e características das ondas.

- e) Descríbíronse as escalas de Douglas e Beaufort.
- f) Explicáronse os conceptos básicos de correntes e mareas.
- g) Interpretáronse as táboas de mareas para o coñecemento das mareas.
- h) Descríbíronse os fenómenos atmosféricos para o desenvolvemento dunha sesión de prácticas.
- i) Descríbíronse os signos naturais que permiten predicir cambios do tempo meteorolóxico.
- j) Identificouse a dirección e intensidade do vento, observando as características da auga e elementos da natureza.
- k) Valorouse a importancia de revisar as condicións da área de práctica como factor de seguridade na navegación.

Contidos básicos:

1. Fundamenta a navegación a vela, describindo os principios básicos da navegación, relacionándoa cos sistemas vento-vela-casco-auga.

- Os principios básicos da navegación a vela.
- Conceptos básicos de mecánica de fluídos, impulso e resistencia.
 - O sistema vento-vela-casco-auga (VVCA).
 - O sistema vento vela-táboa-auga (VVTA).
 - Dinámica do sistema vento-vela (VV).
 - Teoría da vela, capa límite, fluxo laminar, circulación de velocidade.
 - Forzas aerodinámicas: resistencia e sustentación, abatemento/deriva e avance, centro vélico.
 - Vento real, de velocidade e aparente.

- Dinámica do sistema vela-casco e táboa: fluxo laminar.
- Dinámica do sistema casco-auga: fluxo laminar.
- Equilibrio do barco: co peso, co temón, coas escotas, coas velas.
- Equilibrio nunha táboa.
- Propulsión do barco: co peso, co temón, coas escotas, coas velas.
- Propulsión da táboa.
- Dirección do barco: co peso, co temón, coas escotas, coas velas.
- Sistema de efectos directos e indirectos que relacionan a propulsión, equilibrio e dirección dunha embarcación (táboa).

2. Interpreta as condicións da área de navegación a vela, caracterizando os signos naturais e analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos de medios acuáticos navegables, e interpretando a información de cartas náuticas e mapas meteorolóxicos.

- Conceptos básicos:
 - Presión atmosférica, temperatura, humidade e a súa interpretación.
 - Masas de aire: definición, comportamento, desprazamento.
 - O vento. Medida, escalas de medición e tipos, Beaufort.
 - As ondas. Medida, escalas de medición e tipos, Douglas.
 - As mareas, funcionamento das mareas, utilización das táboas.
- Fenómenos atmosféricos xerais e locais que afectan as actividades da vela (gradiente de presión e gradiente de temperatura).
- Signos naturais (observación do ceo, tipo de nubes, altura, dirección, cambios de intensidade de vento e dirección, variacións bruscas de temperatura).
- Interiorizouse a importancia de realizar a análise do contorno antes da navegación.

* Módulo específico de ensino deportivo: Seguridade da navegación e conservación dos materiais

Código: MED-VEVE103

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica as condicións de seguridade da navegación, interpretando a normativa e aplicando os procedementos de seguridade e de respecto ambiental nas actividades de iniciación á navegación a vela con AF e AL.

a) Diseñouse a seguridade dun grupo de deportistas de iniciación, dependendo das súas características (número, idade, etc.) e as condicións de navegación.

b) Estableceuse o equipamento persoal básico segundo distintas condicións meteorolóxicas e de navegación.

c) Identificouse na carta o porto de saída e arribada, así como a ruta que se vaia realizar, ou punto praia.

d) Describíronse os pasos necesarios para asegurar as condicións do material antes de saír á auga.

e) Describíronse as normas de seguridade, de prevención de caídas á auga e abandono das embarcacións do Ministerio de Fomento-Mariña Mercante, para embarcacións de recreo.

f) Aplicáronse, en situacións simuladas, os sinais de perigo prescritos no Regulamento internacional para previr as abordaxes (RIPA).

g) Utilizáronse as normas de balizamento de portos, praias, entradas e saídas do Ministerio de Fomento (Mariña Mercante), para garantir a seguridade dos/as usuarios/as das praias.

h) Describíronse os procedementos de activación dos medios de salvamento en caso de urxencia, establecidos polo Ministerio de Fomento (Mariña Mercante).

i) Describíronse as recomendacións de Salvamento Marítimo con respecto á protección do medio.

j) Describiuse o sistema mundial de socorro e seguridade marítima.

k) Aplicáronse as normas de transmisión e recepción de mensaxes, así como os equipos de comunicación para as embarcacións de recreo.

2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate.

a) Explicouse e realizouse remolque de embarcacións tanto polo método de abarloadas, como en liña.

b) Explicouse e realizouse remolque dunha soa embarcación ou de varias á vez.

c) Explicáronse as distintas técnicas de recuperación de barcos, tendo en conta se son solitarios, dobres ou colectivos.

d) Realizouse a recuperación de barcos, tendo en conta se son solitarios, dobres ou colectivos.

e) Realizouse o endereitamento da embarcación envorcada, desde o barco de seguridade, tendo en conta se a embarcación estaba boca abaixo ou non, se ten orza ou non, ou se cravou o pau no fondo ou non.

f) Nun suposto práctico explicouse e realizouse o rescate dunha táboa.

g) Aplicáronse os protocolos de aproximación á embarcación desde a pneumática de seguridade, recollida de aparellos, amarre e remolque de embarcación, nun suposto práctico de rotura ou avaría.

h) Describíronse e aplicáronse os protocolos de aproximación e recuperación dun home á auga, desde unha embarcación a vela, nun suposto práctico.

i) Describíronse e aplicáronse os protocolos de aproximación e recuperación dun home á auga, desde unha embarcación de seguridade, nun suposto práctico.

j) Valorouse a importancia da mentalización do persoal técnico deportivo en todo o referente á seguridade.

k) Explicáronse e recoñecéronse as marcas laterais, de perigo illado, especiais, de augas navegables e cardinais.

3. Goberna embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor axeitada a ela, sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo, demostrando o control da embarcación, describindo e aplicando as técnicas de mantemento e conservación do motor.

a) Explicouse o funcionamento xeral dun motor de explosión de 2 e 4 tempos e un motor diésel de 2 e 4 tempos.

b) Explicáronse as diferenzas entre os motores de explosión e os motores diésel.

c) Explicáronse as partes principais dos motores: bloque, culata, cárter, cilindro e camisa, émbolo, biela, cegoñal, válvulas, eixo de levas, volante, bancada.

d) Explicouse o funcionamento das embarcacións de salvamento e os accesorios de seguridade que debe levar.

e) Demostrouse o manexo dunha embarcación de salvamento: preparación para a posta en marcha, arranque, parada, avance e atrás, así como manobras de saída e entrada en praia, pantalán, rampla ou fondeadoiro.

f) Explicouse o funcionamento dos sistemas eléctricos.

g) Realizouse o cálculo da autonomía dunha embarcación de recreo de motor.

h) Demostrouse o manexo de chalecos salvavidas, extintores, bengalas e espello de sinais.

i) Realizáronse exercicios de conservación e mantemento de motores: carburación, inxección, acendido, refrixeración, lubricación e invernaxe, cambio de buxías, filtros, niveis de aceite.

j) Explicouse as atribucións que ten o título de patrón de navegación básica.

4. Selecciona os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación deportiva a vela, describindo os principios básicos da construción naval, identificando as características das embarcacións, compoñentes e materiais propios da vela con AF e AL.

a) Explicáronse os principios básicos da construción naval e as forzas que actúan sobre eles.

b) Explicáronse os diferentes materiais e procedementos básicos de construción naval, as súas características e a súa utilización.

c) Describíronse os tipos de velas, cometas e os materiais de construción.

d) Diferenciouse entre arboradura e enxarcia, describindo a tipoloxía dos materiais.

e) Describíronse e aplicáronse os criterios de comprobación do estado dos materiais de iniciación deportiva á vela con AF e AL.

f) Valorouse a importancia da comprobación do estado do material como acción previa á navegación.

g) Describíronse os tipos de embarcacións utilizados na iniciación á vela con AF e AL.

h) Explicouse a utilización dos diferentes tipos de embarcacións da iniciación desde un punto de vista didáctico e de formación.

i) Explicáronse as diferentes partes dun cabo.

5. Almacena, estiba e mantén as embarcacións e materiais náuticos, identificando as condicións de almacenamento e transporte, aplicando as técnicas de mantemento axeitadas.

a) Describíronse os procedementos, materiais e ferramentas máis usuais na reparación de embarcacións de iniciación deportiva con AF e AL.

b) Efectuáronse reparacións sinxelas, aplicando os materiais e ferramentas axeitadas.

c) Realizáronse as técnicas de mantemento básicas das embarcacións.

d) Describíronse os criterios de almacenaxe en función da súa tipoloxía e lugar de almacenaxe.

e) Realizáronse as accións de reparación das embarcacións e material auxiliar nun suposto práctico.

f) Realizáronse as accións de carga das embarcacións e material auxiliar nun suposto práctico.

g) Describiuse a normativa de aplicación no transporte de embarcacións.

h) Describiuse a normativa ambiental de aplicación aos procedementos de uso e eliminación dos materiais de reparación.

i) Argumentouse a importancia do respecto aos procedementos de reparación para a seguridade persoal e ambiental.

j) Descríronse as características básicas das instalacións náuticas.

Contidos básicos:

1. Identifica as condicións de seguridade da navegación, interpretando a normativa e aplicando os procedementos de seguridade e de respecto ao medio nas actividades de iniciación á navegación a vela con AF e AL.

- Aplicación de protocolos para o seguimento e a seguridade de actividades de iniciación a vela. (Plan de seguridade).

- Regulamento internacional de abordaxes na mar, RIPA (extracto):

- Regras de rumbo e goberno.

- Risco de abordaxes.

- Conduta dos buques que se atopan e que se alcanzan.

- Conduta dos buques en condicións de visibilidade reducida.

- Normativa do Ministerio de Fomento (Mariña Mercante), para embarcacións de recreo:

- Normas de obrigado cumprimento. Consellos para a navegación.

- Normas de comunicación.

- Normas de balizamento de portos e praias.

- Normas de prevención de caídas á auga.

- Acoutar a zona de navegación, manobras perigosas e a súa relación.

- Procedemento de activación dos medios de salvamento en caso de urxencia.
- Preparación da navegación prevista: porto de saída e arribada e punto praia.
- Actualización de normativa e permisos ao plan vixente.
- Coñecementos da zona marítima de navegación.
- Regulamentación de salvamento e socorrismo, SASEMAR.
- Recomendacións de Salvamento Marítimo con respecto á protección do medio.
- O sistema mundial de socorro e seguridade marítima.
- Normas de transmisión e recepción de mensaxes.
- Equipamentos de comunicación para as embarcacións de recreo.

2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate.

- Remolque de embarcacións de vela. Técnicas:
 - Abarloadas e en liña.
 - Un só barco, varios á vez.
- A recuperación de veleiros. Técnicas de aproximación, recollida de velas e aparellos, posición da orza, amarre, barco remolcador e remolcado:
 - Barcos individuais.
 - Barcos dobres.
 - Barcos colectivos.
- Endereitamento de veleiros. Técnicas:
 - Individuais, dobres, colectivos.

- Envorcado completo ou non.
 - Pau picado no fondo.
 - Perda de orza e temón.
 - Rescate de táboas.
 - Sinais que debe realizar o/a alumno/a.
 - O salvamento acuático. Manobra de home á auga. (Aproximación, parada, recollida).
 - Recuperación de náufragos/as desde o barco de seguridade.
 - Criterios de seguridade: activa e pasiva.
 - Seguridade e prevención de riscos en vela deportiva.
 - Balizamento: marcas laterais, de perigo illado, especiais, de augas navegables e cardinais.
3. Goberna embarcacións de recreo de ata 8 metros de eslora e potencia de motor axeitada a ela sempre que a embarcación non se afaste máis de 5 millas, en calquera dirección, dun abrigo, demostrando o control da embarcación, describindo e aplicando as técnicas de mantemento e conservación do motor.
- Os motores de explosión e diésel de 2 e 4 tempos. Diferenzas, partes principais. Mantemento e conservación.
 - Diferenza entre motores foraborda e intraborda. Diferenzas, partes principais. Mantemento e conservación.
 - Mantemento e conservación do material especial de rescate: embarcacións de salvamento e material de seguridade.
 - Manexo de embarcacións de motor. Posta en marcha e parada, avance e atrás, manobras básicas.
 - Sistemas eléctricos.

- Cálculo da autonomía da embarcación de motor.
- Utilización de chalecos salvavidas, extintores, bengalas e espellos de sinais.
- Nomenclatura náutica.
- Lexislación e atribucións do título de patrón de navegación básica.

4. Selecciona os materiais náuticos e embarcacións propias da iniciación deportiva a vela, describindo os principios básicos da construción naval, identificando as características das embarcacións, compoñentes e materiais propios da vela con AF e AL.

- Principios básicos de construción naval: estrutura, casco, quilla, roda, codaste, cader-nas, biombos, borda.

- Principios básicos de construción dunha táboa.

- Estrutura do buque: obra viva e obra morta, liña de flotación, proa, popa, babor, estri-bor, amura, aleta, cuberta.

- Nomenclatura náutica: escora, manga puntal, francobordo, calado, asento.

- Análise e tendencia dos materiais e procedementos de construción naval.

- Procedementos de comprobación do estado dos materiais.

- Conxunto de cabos (chicote, seo, gaza, boza, firme).

- Tipos e características das embarcacións de iniciación a vela con aparello fixo e libre (barcos colectivos, individuais, táboas).

- Cascos, apéndices.

- Velas, cometas.

- Arboradura e enxarcia.

- Tipoloxía de materiais.

- Utilización desde un punto didáctico e de formación. vantaxes e inconvenientes.

5. Almacena, estiba e mantén as embarcacións e materiais náuticos, identificando as condicións de almacenamento e transporte, aplicando as técnicas de mantemento axeitadas.

- Conceptos básicos, tipos e características das instalacións de vela.
- Mantemento de embarcacións: características e mantemento, diagnóstico de avarías, reparacións básicas e de urxencia, ferramentas para a reparación, embarcacións.
- Mantemento de embarcacións de seguridade.
- Transporte de embarcacións, normativa básica, código de circulación.
- Descrición de todos os tipos de transporte utilizados (remolques, bacas).
- Almacenaxe e estiba de embarcacións e os seus aparellos.
- Normativa aplicable en cada comunidade autónoma en materia ambiental.
- Tipos de pantaláns, ramplas e guindastres.

* Módulo específico de ensinanza deportiva: Metodoloxía da vela e iniciación á competición

Código: MED-VEVE104

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Concreta o programa de referencia e organiza sesións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando a programación de referencia, identificando as características das sesións, elaborando e caracterizando as secuencias da aprendizaxe.

- a) Descríronse as etapas do ensino da técnica de iniciación de navegación con AF e AL.
- b) Explicouse en que consiste o ensino por estándares e en que circunstancia debe aplicarse.
- c) Descríronse as características dun estándar técnico en canto a obxectivos que se deben conseguir en navegación deportiva a vela no nivel de iniciación.

d) Descríbíronse estándares técnicos dun programa do proceso de iniciación deportiva á vela con AF e AL, en canto a condicións meteorolóxicas, medios que se utilicen e a relación entre eles.

e) Establecéronse as secuencias da aprendizaxe relacionadas con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.

f) Concretáronse xogos ou actividades náutico-recreativas relacionados con estándares de navegación deportiva a vela no nivel de iniciación á vela con AF e AL.

g) Descríbíronse as características dunha sesión tipo de iniciación á navegación deportiva a vela en AF e AL.

h) Concretáronse os obxectivos operativos da sesión nun suposto práctico de estándar de navegación no nivel de iniciación á vela con AF e AL.

i) Valorouse a importancia da preparación de sesións atendendo ao programa de referencia como elemento de calidade da iniciación á vela.

j) Concretáronse na programación os principios básicos-teóricos da navegación a vela relacionados cos obxectivos da iniciación deportiva a vela con AF e AL.

2. Dirixe os/as deportistas en sesións de iniciación deportiva á vela con AF e AL, describindo e aplicando procedementos de control, organización e dinamización e modelos de relación do persoal técnico cos/coas deportistas do seu equipo.

a) Descríbíronse as características do escenario da aprendizaxe: en terra e na auga.

b) Descríbíronse as técnicas básicas de: organización, distribución na área de navegación e de seguridade, dunha sesión práctica de iniciación á vela con AF e AL.

c) Explicouse como exercer o control do grupo, unindo e dinamizando a actividade de vela.

d) Descríbiuse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da actividade que facilite a percepción e comprensión das súas indicacións.

e) Estableceuse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da sesión que permita a constante visualización da zona de navegación e dos/as usuarios/as.

f) Descríbóronse as continxencias máis probables nunha sesión de iniciación deportiva á vela con aparello fixo e libre.

g) Descríbóronse e aplicáronse as medidas de control máis usuais para previr riscos no desenvolvemento da sesión de iniciación deportiva á vela con aparello fixo e libre.

h) Descríbóronse os tipos de reforzo e coñecemento dos resultados utilizados na iniciación á vela con AF e AL.

i) Descríbóronse as funcións do persoal técnico de iniciación, no desenvolvemento da sesión nesta etapa.

j) Valorouse a iniciativa á hora de concretar e organizar as sesións de iniciación.

3. Valora a técnica de navegación en vela con embarcacións de AF e AL, describindo as etapas de adquisición da técnica e as características da aprendizaxe destas, aplicando técnicas de observación, elaborando instrumentos de observación, identificando os erros máis usuais nesta etapa e relacionando os erros coas tarefas de corrección máis habituais.

a) Explicáronse as técnicas de valoración polo sistema de controis e efectos, recoñecendo a evolución dos/as alumnos/as no coñecemento, a comprensión e a aprendizaxe dos xestos técnicos.

b) Descríbóronse os procedementos de observación da técnica na iniciación á vela con AF e AL.

c) Identificáronse os instrumentos de recollida e rexistro de datos da execución técnica de estándares propios da iniciación á vela con AF e AL.

d) Interpretáronse os informes técnicos realizados identificando as características da etapa da iniciación.

e) Realizouse un informe estandarizado sobre a execución práctica de estándares de navegación a vela con AF e AL, tendo en conta as áreas de avaliación.

f) Explicáronse os erros tipo nas técnicas da etapa de iniciación deportiva, utilizando un inventario de técnicas básicas.

g) Relacionáronse as tarefas de corrección, cos erros típicos na execución de estándares de navegación a vela con AF e AL.

h) Observouse a execución técnica do/a deportista, avaliando os erros e propondo solucións.

i) Interiorizouse a necesidade de informar os/as alumnos/as sobre os erros cometidos como factor de mellora da técnica de navegación a vela con AF e AL.

4. Colabora na recollida de información do proceso de iniciación á vela e á competición con AF e AL identificando as características da información e dos instrumentos de avaliación máis axeitados, utilizando procedementos para a súa obtención ao longo da actividade.

a) Identificáronse os parámetros que describe o desenvolvemento das sesións e competicións de iniciación á vela en AF e AL e que son susceptibles de valoración.

b) Describíronse procedementos de valoración e control do proceso de ensino-aprendizaxe na iniciación á navegación a vela e á competición con AF e AL.

c) Describíronse os instrumentos de recollida da información sobre os aspectos que se deben valorar nunha sesión e competición de iniciación á vela con AF e AL.

d) Describíronse as características dos instrumentos utilizados para a recollida de información sobre o grao de satisfacción dos/as participantes e o desenvolvemento da actividade.

e) Describíronse as características dun informe que recolla a información sobre o desenvolvemento dunha sesión e competición de iniciación á vela con AF e AL.

f) Identificáronse as pautas para a elaboración dunha memoria co tratamento da información xerada no proceso de avaliación, como guía das futuras actividades e competicións.

g) Aplicáronse, en situacións prácticas, os instrumentos elaborados para a recollida de información en actividades e competicións de iniciación á vela con AF e AL.

h) Identificouse a importancia da recollida sistemática de información das actividades e competicións, como base para a mellora permanente na organización e xestión de actividades.

i) Valorouse o grao de participación dos/as alumnos/as e o aproveitamento do tempo de práctica como factor de calidade das actividades de iniciación á navegación a vela e á competición.

j) Xustificouse a importancia da imaxe e o comportamento do persoal técnico á hora de transmitir actitudes de seguridade e respecto ambiental.

5. Acompaña os/as deportistas na navegación e en competicións de iniciación a vela con AF e AL, interpretando a normativa básica aplicable a ambas as situacións, identificando as características da competición e os requisitos de inscrición.

a) Describíronse as funcións básicas dos distintos comités (xuíces/xuízas, oficiais, árbitros e medidores/as) no desenvolvemento dunha regata.

b) Recoñeceuse e aplicouse correctamente o contido da Guía federativa anual, no relativo ao regulamento de competicións e licenzas.

c) Enumeráronse as partes do Regulamento de regatas a vela (RRV), describindo o seu contido, así como as definicións.

d) Aplicouse correctamente o contido das regras da parte 1 e 2 do Regulamento de regatas de vela, nunha situación simulada.

Explicouse o uso das «Sinais de regata» descrito no RRV.

a) Describíronse as características das clases recoñecidas pola RFEV.

b) Valorouse a importancia dunha aplicación obxectiva da normativa básica utilizada na iniciación á competición de vela con AF e AL.

c) Valorouse a importancia de que o comportamento dos/as deportistas axústese ao principio básico de deportividade descrito no RRV.

6. Colabora na organización de eventos e actividades de iniciación á vela con AF e AL, describindo e analizando os requisitos materiais e humanos necesarios.

a) Describíronse os tipos de competicións apropiadas a esta iniciación á competición, os seus formatos e percorridos.

b) Describiuse a relación de material necesario para a realización dunha regata ou evento de iniciación á vela con AF e AL.

c) Establecéronse as características dun campo de prácticas para a realización de eventos ou competicións de iniciación á vela con AF e AL.

d) Descríbíronse os criterios para o fondeo de forma eficaz, sen garrar, de embarcacións e balizas en diferentes condicións meteorolóxicas.

e) Aplicáronse, nunha situación practica, os contidos do anuncio e instrucións de regata.

f) Descríbíronse as canles de información axeitados para facer chegar a información os/as deportistas, nunha regata ou evento de iniciación á vela con AF e AL.

g) Descríbíronse os horarios da competición, a inscrición para os/as participantes, a elaboración e comunicación de resultados, así como o protocolo para o acto de entrega de trofeos.

h) Descríbíronse os compoñentes: do Comité de regatas, de protestas, xuíces/xuízas, oficiais.

i) Valorouse a importancia da colaboración na organización de eventos e actividades de iniciación á vela.

Contidos básicos:

1. Concreta o programa de referencia e organiza sesións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando a programación de referencia, identificando as características das sesións, elaborando e caracterizando as secuencias da aprendizaxe.

- Etapas da iniciación á vela tendo en conta estándares da RFEV e as federacións deportivas autonómicas (FFDDAA).

- Aplicación de estándares de iniciación á vela da RFEV e FFDDAA.

- Contidos básicos de estándares, dirección, propulsión, equilibrio, orientación, etc. (áreas de ensino).

- Obxectivos que se pretende conseguir.

- Programación de actividades na iniciación á vela seguindo estándares.

- Estrutura dun programa de actividades de iniciación á vela.

- O xogo e actividades náutico-recreativas a vela na iniciación á vela.

- Seriación da aprendizaxe dos exercicios de iniciación.
- Importancia de traballar con percorridos e circuítos balizados.
- Características dunha sesión de iniciación.
- Elementos da programación de actividades náuticas.
- Elaboración do programa operativo.

2. Dirixe os/as deportistas en sesións de iniciación deportiva á vela con AF e AL, describindo e aplicando procedementos de control, organización e dinamización e modelos de relación do/a adestrador/a cos/coas deportistas do seu equipo.

- O escenario da aprendizaxe en terra e en auga. Características.
- Intervención do persoal técnico na sesión de iniciación á vela:
 - Dinamización e dirección técnica en vela.
 - Técnicas de control de grupos e unión estes para a actividade.
 - Motivación, dinamización, reforzos.
 - Estratexias metodolóxicas en vela: técnicas, métodos de ensino.
 - Outros modelos de intervención na iniciación á vela.
 - Coñecemento dos resultados.
- Funcións do persoal técnico.
- Colocación do persoal técnico na auga e en terra:
 - Visualización constante da área e dos/as navegantes.
 - Percepción e comprensión das súas indicacións.
- Continxencias nunha sesión de iniciación:

- Medidas de control para previr riscos durante a sesión.

3. Valora a técnica de navegación en vela con embarcacións de AF e AL, describindo as etapas de adquisición da técnica e as características da aprendizaxe destas, aplicando técnicas de observación, elaborando instrumentos de observación, identificando os erros máis usuais nesta etapa, relacionando os erros coas tarefas de corrección máis habituais.

- Obxectivos da avaliación, rexistro e avaliacións individuais ou comparativas.
- Instrumentos e técnicas de observación e identificación e corrección de erros.
- Áreas de avaliación:
 - Avaliación de navegación (4 áreas).
 - Dirección, propulsión, equilibrio e orientación espacial.
 - Avaliación de seguridade (3 áreas).
 - Seguridade activa e pasiva, intereses e motivacións.
 - Avaliación de manobras (3 áreas).
- Manobra, equipo de navegación, aparello e léxico.
- Erros máis usuais ao realizar as técnicas de iniciación.
- Valoración inicial e final do nivel técnico do/a deportista/usuario-a.
- Táboas de avaliación a partir dos obxectivos estándares.
- Descrición de estándares de iniciación da RFEV, niveis da aprendizaxe, características.
- Aprendizaxe e desenvolvemento motor, elementos do proceso de ensino-aprendizaxe e proceso de adquisición da habilidade motriz en vela, con base na técnica de avaliación.

4. Colabora na recollida de información do proceso de iniciación á vela e á competición con AF e AL identificando as características da información e dos instrumentos de avalia-

ción máis axeitados, utilizando procedementos para a súa obtención ao longo da actividade.

- Obxectivos control da sesión e do proceso de iniciación á navegación a vela e á competición con AF e AL.

- Os sistemas de recollida de información:

- Cuestionarios antes do inicio do curso, sobre intereses e coñecementos.

- Cuestionarios, ao terminar o curso: de opinión, de coñecementos e un rexistro de datos do observado durante a navegación.

- Estrutura e contidos de memorias e informes.

- Cuestionarios de avaliación que realiza o/a alumno/a, sobre a actividade e o persoal técnico.

- Utilización dos recursos e tipo de soportes de almacenamento e proceso da información.

- Elaboración de informes sobre o proceso de iniciación á vela e á competición.

- Tratamento e interpretación dos resultados obtidos na recollida de información:

- Obxectividade e rigor na aplicación do proceso.

- Protocolo de seguimento das actividades e recollida da información.

- A organización da actividade. Aspectos para valorar.

- Toma de conciencia da importancia da imaxe e o comportamento do persoal técnico no desenvolvemento da iniciación á navegación a vela con AF e AL.

- A información como base da mellora permanente na organización e xestión da actividade.

5. Acompaña os/as deportistas na navegación e en competicións de iniciación a vela con AF e AL, interpretando a normativa básica aplicable a ambas as situacións, identificando as características da competición e os requisitos de inscrición.

- Normativa relacionada coas actividades da vela.

- Regulamento federativo:
 - Normativa de organización de regatas da RFEV. Conceptos básicos.
 - Normativa de competicións e licenzas. Conceptos básicos.
- Regulamentos de regatas de vela (RRV).
 - Principios básicos e sinais de regata.
 - Parte 1-Regras fundamentais.
 - Parte 2-Cando os barcos se atopan.
 - Definicións.
- Clases recomendadas pola RFEV, como barcos de iniciación. Características.
- Código internacional de sinais.

6. Colabora na organización de eventos e actividades de iniciación á vela con AF e AL, describindo os requisitos materiais e humanos necesarios.

- Actividades e eventos de iniciación á vela deportiva: tipos, características.
- Competicións e regatas de iniciación deportiva á vela:
 - Formatos.
 - Tipos de regata e percorridos.
 - Necesidades materiais.
 - O anuncio de regata. Inscripcións.
 - Resultados. Elaboración e comunicación destes.
 - Instrucións da regata.
 - Comités de regata. Tipos e características.

- Protocolo e cerimonia deportiva.
- Campos de regata. Características.
- Canle balizada de entrada e saída.
- Habilitación do campo de prácticas. Fondeo de embarcacións, áncoras que se utilizarán.
- * Módulo específico de ensino deportivo: Formación práctica

Código: MED-VEVE105

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do club ou entidade deportiva, relacionándoa coa oferta de actividades en relación coa iniciación deportiva ou co acompañamento de usuarios/as en actividades de navegación a vela.

a) Identificouse a estrutura da organización deportiva local e autonómica e as súas relacións co club ou entidade deportiva.

b) Identificouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do club ou entidade deportiva.

c) Recoñeceuse o tipo de asociación deportiva do club ou entidade deportiva de prácticas.

d) Identificáronse as relacións xerárquicas dentro do club ou entidade deportiva.

e) Identificouse a oferta de actividades vinculadas á iniciación deportiva ou ao acompañamento de usuarios/as.

f) Distinguiuse a oferta de actividades orientada á práctica da navegación a vela nas mulleres.

g) Identificáronse as vías de apoio institucional (local e autonómico) utilizadas polo club ou entidade deportiva.

h) Recoñecéronse os valores educativos presentes nas actividades da navegación a vela do club ou entidade deportiva.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo medio e aplicando os procedementos establecidos pola empresa.

- a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.
- b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizouse do traballo asignado.
- c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do club ou entidade deportiva.
- d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club ou entidade deportiva.
- e) Establecéronse unha comunicación e relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os membros do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.
- f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevisto que se presente na actividade.
- g) Mantívose unha actitude clara de respecto ao medio nas actividades desenvolvidas e aplicado as normas internas e externas vinculadas a ela.
- h) Utilizáronse os equipos de prevención de riscos laborais propios da navegación a vela.

i) Aplicáronse os aspectos fundamentais da Lei de prevención de riscos laborais, relacionados coas actividades, competicións e eventos da iniciación deportiva en vela.

3. Colabora no desenvolvemento das actividades de iniciación á vela e á competición con aparello fixo (AF) e aparello libre (AL), identificando os requisitos materiais e humanos necesarios e interpreta as programacións de referencia e executando os procedementos de acordo coa norma establecida, e instrucións recibidas.

a) Identificáronse e interpretáronse as instrucións recibidas e/ou documentación asociada á organización e xestión de pequenas competicións e eventos propios da iniciación deportiva en vela.

b) Interpretáronse e identificáronse as medidas de protección e de seguridade persoal do/a deportista durante a competición, tendo en conta as características da competición de iniciación en vela.

c) Realizáronse xestións de petición dos permisos necesarios para a realización da actividade, competición ou evento de iniciación deportiva en vela.

d) Realizáronse accións de colaboración e intervención na organización e xestión de pequenas competicións e eventos propios da iniciación deportiva en vela.

e) Realizouse a recollida de documentación para a inscrición dos/as participantes nunha actividade ou eventos de iniciación deportiva en vela.

f) Aplicáronse criterios á revisión e confidencialidade da documentación presentada polos/as participantes na actividade.

g) Describíronse as canles de comunicación para facer chegar os/as regatistas: o anuncio e as instrucións de regata.

h) Describiuse a relación do material necesario para a realización dunha regata ou evento de iniciación á vela con AF e AL.

i) Realizáronse as operacións necesarias para establecer as áreas de navegación e os percorridos para unha actividade de iniciación á vela e á competición con AF e AL.

j) Realizáronse accións de preparación e comprobación do material de comunicación utilizado nas actividades de iniciación á vela con AF e AL.

k) Realizouse a comunicación a través dos medios existentes, aplicando as técnicas e procedementos axeitados.

4. Concreta e dirixe sesións de iniciación á navegación a vela con AF e AL e dirixe o/a regatista en competicións, interpretando programacións de referencia, executando procedementos e técnicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe e transmitindo valores éticos vinculados ao respecto e coidado polo propio corpo, respecto aos demais, xogo limpo, responsabilidade e esforzo persoal.

a) Identificáronse e seleccionáronse os medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

b) Identificáronse as condicións ambientais necesarias para o desenvolvemento da sesión, aplicando técnicas e procedementos establecidos e respectando as normas de seguridade establecidas para as actividades de iniciación á navegación a vela.

c) Recibiuse e despediuse o/a deportista seguindo o protocolo establecido, identificando as súas demandas e necesidades e motivándoo/a para a práctica continuada da navegación a vela.

d) Demostrouse interese pola captación, motivación e adherencia á práctica dos/as deportistas e usuarios/as.

e) Valoráronse as habilidades e destrezas específicas dos/as deportistas co obxecto de determinar o seu nivel propondo a súa incorporación a un grupo e tomando as medidas de corrección axeitadas.

f) Concretouse a sesión de ensino-aprendizaxe da iniciación á navegación a vela, seguindo a programación de referencia, adecuándose ao grupo e ás condicións materiais existentes.

g) Explicáronse os contidos da sesión, seguindo os protocolos e técnicas establecidos, de forma clara e motivadora.

h) Exemplificáronse as tarefas propostas, executando as accións técnicas seguindo estándares da iniciación á vela con aparello fixo e libre e os procedementos establecidos.

i) Establecéronse as condicións de seguridade necesarias na iniciación á navegación a vela, interpretando as instrucións ou normas e aplicando os procedementos establecidos.

j) Dirixiuse a sesión de ensino-aprendizaxe de iniciación á navegación a vela, adoptando a posición máis axeitada, solucionando as continxencias existentes, conseguindo a participación e rendemento conforme os obxectivos propostos dela e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridas.

k) Aplicáronse estratexias de comunicación, control de continxencias, servíndose das dinámicas de grupo máis axeitadas en cada caso.

l) Valorouse o desenvolvemento da sesión, aplicando procedementos de recollida e procesamento da información necesaria para a elaboración de xuízos que permitan o axuste e mellora permanente do proceso de ensino-aprendizaxe e das actividades propias da iniciación á modalidade ou especialidade deportiva.

m) Demostrouse interese pola coeducación, a transmisión de valores éticos, persoais e sociais a través da práctica deportiva: xogo limpo, respecto á saúde persoal, aos demais e ao contorno.

n) Valorouse a colocación do persoal técnico durante o desenvolvemento da actividade adoptando a colocación máis axeitada.

5. Acompaña o/a deportista na navegación e en competicións de iniciación á vela con AF e AL, interpretando as normas e regulamentos aplicables a ambas as situacións, executando os procedementos e técnicas de transmisión de valores.

a) Comprobouse o estado da inscrición do grupo ou regatistas na competición de iniciación á navegación a vela con AF e AL seguindo as instrucións e normas establecidas.

b) Informouse os/as regatistas das características da competición, interpretando a documentación sobre a esta.

c) Aplicáronse procedementos de reclamación nunha competición de iniciación á navegación a vela, aplicando os protocolos e normas establecidos.

d) Aplicáronse criterios de valoración da execución técnico-táctica do/a regatista, utilizando técnicas e procedementos de observación axeitadas ao nivel de iniciación deportiva.

e) Trasladáronse o/a regatista as instrucións técnicas e tácticas para a competición de iniciación, tendo en conta as características da competición e do/a deportista.

f) Acompañouse os/as deportistas nas competicións, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

g) Velouse polo respecto aos valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e aos demais, durante a participación na competición de iniciación á navegación a vela, aplicando os procedementos axeitados e respectando as súas normas.

6. Realiza operacións de almacenamento, estiba, transporte, preparación e mantemento das instalacións, embarcacións e materiais náuticos, necesarias para as actividades de iniciación á navegación a vela, interpretando instrucións ou normas establecidas e executando procedementos e técnicas propias das operacións.

a) Interpretáronse as instrucións recibidas e identificouse a documentación asociada aos procesos de verificación e control do estado e funcionamento do material necesario.

b) Recoñecéronse e determináronse as necesidades e lugares idóneos para o almacenamento, estiba e conservación dos materiais necesarios, tendo en conta os protocolos establecidos.

c) Realizáronse operacións de mantemento das embarcacións e aparellos de navegación, tendo en conta os procedementos, normas ou instrucións establecidos e respectando a normativa ambiental.

d) Realizáronse operacións de reparación básica do material, tendo en conta os procedementos, normas ou instrucións establecidos e respectando a normativa ambiental.

e) Aplicáronse criterios de verificación do estado do material, para a súa baixa ou mantemento, tendo en conta os procedementos, normas e instrucións establecidos.

f) Aplicáronse criterios de selección do material para o equipamento dunha instalación de actividades de iniciación á navegación a vela, tendo en conta as características da actividade e as normas e instrucións establecidas.

g) Efectuáronse operacións de equipamento e desequipamento dunha instalación de actividades de iniciación á navegación a vela, aplicando as técnicas e procedementos axeitados e seguindo as instrucións e normas establecidas.

h) Identificáronse as condicións de seguridade da instalación para a realización de actividades de iniciación á navegación a vela, interpretando a normativa aplicable.

7. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de AF e AL en condicións propias da iniciación á vela, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate, interpretando a normativa de seguridade e de respecto ao medio.

a) Realizáronse operacións de preparación das áreas de navegación de prácticas de iniciación á vela con AF e AL, para o apoio á seguridade dos/as participantes.

b) Efectuáronse operacións de revisión dos equipos individuais e equipamentos de seguridade, seguindo as instrucións ou normas establecidas.

c) Realizáronse operacións de rescate de persoas e embarcacións de iniciación á navegación a vela de AF e AL, aplicando técnicas e procedementos específicos.

d) Interpretáronse e aplicáronse as normas de seguridade do Ministerio de Fomento.

e) Controlouse o grupo de navegantes, durante as situacións de risco ou perigo, aplicando os protocolos de acordo coas instrucións e normas recibidas.

f) Efectuáronse os protocolos de comunicación da situación de risco ou perigo, de acordo coas normas e procedementos establecidos.

g) Mantívose unha actitude de tranquilidade e responsabilidade durante a intervención nas operacións de rescate.

h) Mostrouse un interese positivo cara á formación continua en técnicas e procedementos de rescate en situacións de risco ou perigo.

8. Realiza operacións de prestación dos primeiros auxilios, interpretando as normas e protocolos establecidos e aplicando técnicas e procedementos de acordo a instrucións ou normas establecidas.

a) Desenvolvéronse operacións de valoración inicial o/a accidentado/a, de acordo cos protocolos e instrucións recibidos.

b) Estableceuse a secuencia de actuación de acordo co protocolo establecido polo IL-COR (Comité de Coordinación Internacional sobre a Resucitación).

c) Establecéronse medidas de seguridade e autoprotección persoal nas situacións de prestación dos primeiros auxilios, de acordo cos protocolos e instrucións recibidos.

d) Aplicáronse técnicas e procedementos de prestación de primeiros auxilios en lesións, seguindo os protocolos e a normativa establecidos.

e) Aplicáronse técnicas de soporte vital, seguindo os protocolos e instrucións establecidos.

f) Efectuáronse operacións de desfibrilación externa semiautomática, seguindo os protocolos e instrucións establecidos.

g) Mantívose o autocontrol en situacións de prestación dos primeiros auxilios o/a accidentado/a tendo en conta os protocolos e instrucións establecidos.

h) Aplicáronse técnicas de apoio psicolóxico o/a accidentado/a e acompañante, tendo en conta os protocolos e instrucións establecidos.

i) Utilizouse a terminoloxía médico sanitaria elemental relacionada cos primeiros auxilios.

j) Demostrouse unha actitude positiva cara á reciclaxe e actualización persoal en novos protocolos e instrumentos relacionados cos primeiros auxilios.

k) Realiza o goberno de embarcacións de ata 6 metros de eslora e 40 kW, demostrando o control sobre a navegación e realizando técnicas de mantemento e conservación do motor.

l) Realizáronse exercicios de manexo dunha embarcación de salvamento: arranque, parada, avance e atrás, así como manobras de saída e entrada en praia, pantalán, rampla ou fondeadoiro.

m) Realizáronse exercicios do manexo de chalecos salvavidas, extintores, bengalas e espello de sinais.

n) Realizáronse exercicios de conservación e mantemento de motores: carburación, inxección, acendido, refrixeración, lubricación e invernaxe, cambio de buxías, filtros, niveis de aceite.

ANEXO III

Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo

Obxectivos xerais:

a) Executar técnicas de goberno de embarcacións a vela con aparello fixo, coa seguridade suficiente e tomando conciencia do realizado, para servir de modelo no proceso de ensino-aprendizaxe da tecnificación á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo, en condicións de vento superior a 10 nós.

b) Identificar e detectar as características técnicas, físicas e psicolóxicas e da competición, aplicando procedementos establecidos, para valorar e seleccionar o/a regatista na etapa de tecnificación deportiva en vela con aparello fixo.

c) Analizar a execución técnica no nivel de tecnificación, utilizando procedementos establecidos e comparando a execución técnica con estándares de perfeccionamento á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo para valorar a execución dos/as deportistas e determinar o seu nivel.

d) Analizar e interpretar a programación de referencia do adestramento básico do/a regatista de embarcacións a vela con aparello fixo, elixindo e deseñando tarefas e aplicando métodos establecidos, para adaptar e concretar a sesión de adestramento básico.

e) Analizar e interpretar a programación de referencia do perfeccionamento técnico de vela con aparello fixo, elixindo e deseñando tarefas e aplicando métodos establecidos, para adaptar e concretar os programas específicos de tecnificación deportiva.

f) Estructurar, elaborar e describir os obxectivos e contidos do ensino da vela con aparello libre, aplicando metodoloxías específicas, tendo en conta os principios da aprendizaxe motora e da práctica saudable, para deseñar programas de iniciación á vela con aparello fixo.

g) Analizar as características da zona navegable, así como as cartas náuticas e mapas meteorolóxicos, para deseñar as áreas de navegación a vela con aparello fixo.

h) Elixir e demostrar as técnicas de dirección e procedementos de control das continxencias, aplicando instrumentos de observación e control e resolvendo supostos, para dinamizar sesións de adestramento e perfeccionamento á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo.

i) Seleccionar, comprobar, almacenar e axustar os materiais náuticos e embarcacións propias da tecnificación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo, aplicando os procedementos establecidos, operando cos instrumentos de reparación e mantemento, para facilitar a dispoñibilidade e a axeitada utilización dos medios necesarios.

j) Identificar e describir as variables que interveñen no desenvolvemento da tecnificación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo, aplicando os procedementos de recollida e valoración da información, para avaliar o devandito proceso.

k) Identificar as condicións de seguridade das instalacións, as áreas de navegación e medios propios da tecnificación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo, aplicando procedementos establecidos e a normativa vixente, para controlar a seguridade na práctica.

l) Elixir e demostrar as técnicas de axuda e rescate de embarcacións e persoas, aplicando os procedementos establecidos, para intervir en situacións de risco.

m) Analizar os aspectos técnicos e tácticos propios da competición de tecnificación en vela con aparello fixo, aplicando procedementos establecidos e tendo en conta as caracte-

rísticas dos/as regatistas e a regulamentación oficial, para acompañar e dirixir os/as regatistas nas competicións deste nivel.

n) Analizar e elaborar a estrutura organizativa das competicións e eventos propios do nivel de iniciación á vela con aparello fixo, e identificar as características organizativas de competicións de nivel de tecnificación á vela con aparello fixo, enumerando os requisitos administrativos, os medios materiais e humanos necesarios, aplicando o marco legal que os regula, para organizar e colaborar na xestión de competicións e eventos.

o) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/as deportistas, para transmitir valores propios da navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello fixo a través do comportamento ético persoal.

p) Recoñecer e promover os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo as actitudes que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.

q) Identificar e describir os principios que fundamentan o traballo en equipo, sendo consciente da importancia do liderado e a comunicación, para manter a iniciativa e autonomía dentro do grupo de traballo.

r) Identificar e describir as características básicas das principais discapacidades, seguindo os procedementos de actuación establecidos e fixando as condicións básicas de relación e comunicación, para facilitar a integración e normalización das persoas con discapacidade.

s) Aplicar e demostrar técnicas de control do goberno de embarcacións de recreo de motor e vela, ata 12 metros de eslora e potencia de motor axeitada, para navegacións realizadas entre a costa e a liña de 12 millas paralela a ela, así como a navegación interinsular nos arquipélagos balear e canario.

t) Identificar e analizar as características organizativas e medios materiais e humanos, aplicando procedementos establecidos de xestión e comunicación, para coordinar outro persoal técnico encargado da iniciación á vela con aparello fixo.

* Módulo común de ensino deportivo: Bases da aprendizaxe deportiva

Código: MED-C201

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica as características do/a deportista de tecnificación deportiva (TD), relacionándoas coa etapa da adolescencia e analizando as variables psicolóxicas implicadas no rendemento deportivo.

- a) Describíronse as características psicolóxicas propias da adolescencia.
- b) Aplicáronse métodos de valoración das características psicolóxicas da etapa de TD.
- c) Enumeráronse os trazos sociais máis frecuentes dos/as adolescentes.
- d) Determináronse os elementos que forman parte da contorna familiar, social e deportiva do/a deportista da etapa de TD.
- e) Aplicáronse procedementos de avaliación dos trazos sociais máis frecuentes no/a adolescente.
- f) Describíronse os factores psicolóxicos que facilitan a aprendizaxe na etapa de TD: a motivación, a concentración, o control de pensamentos e o control das emocións.
- g) Describíronse as características e tipos de motivación no deporte.
- h) Argumentouse a contribución da motivación no fomento da TD.
- i) Analizáronse os procedementos do mantemento da motivación durante a etapa de TD.
- j) Aplicáronse estratexias psicolóxicas para o mantemento da concentración e o control de pensamentos e emocións en adestramentos e competicións propios da etapa de TD.
- k) Valorouse a necesidade de integrar os aspectos psicosociais na preparación deportiva na etapa de TD.

2. Valora o proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista, analizando as características da aprendizaxe motora e os factores que interveñen.

- a) Describíronse as diferentes teorías da aprendizaxe motora.

b) Analizáronse o proceso da aprendizaxe con base nos mecanismos de percepción, decisión e execución de accións motoras e os seus mecanismos de regulación.

c) Valorouse a importancia de estimular os mecanismos de percepción e decisión (aspectos tácticos e estratéxicos) como construtor previo aos mecanismos de execución (aspectos técnicos).

d) Comparáronse as fases do proceso da aprendizaxe na adquisición de habilidades motoras.

e) Analizouse a tarefa, identificando os factores que determinan a súa complexidade a partir dos mecanismos de percepción, decisión e execución.

f) Analizáronse os factores que inflúen na aprendizaxe dependente do alumnado, da habilidade e/ou do proceso de ensino-aprendizaxe.

g) Identificouse a importancia da memoria nos procesos da aprendizaxe.

h) Identificouse a transferencia como elemento importante para ter en conta na aprendizaxe.

i) Aplicáronse os principios da aprendizaxe motora; exercicio, reforzo, retención e transferencia.

j) Definíronse o concepto, as características e os tipos de avaliación.

k) Elaboráronse procedementos e instrumentos de avaliación axeitados para a valoración do proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista.

l) Valorouse a necesidade de adecuar as tarefas ao nivel de desenvolvemento técnico-táctico do/a deportista, garantindo a súa significatividade e a motivación do alumnado.

3. Aplica as técnicas de dirección, organización e dinamización de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico, analizando a metodoloxía e os procedementos de control e dinamización axeitados.

a) Definíronse as diferentes técnicas de dirección, organización e dinamización de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico.

b) Descríbíronse as diferentes estratexias metodolóxicas que se poden aplicar atendendo ás características do grupo.

c) Descríbíronse e aplicáronse os diferentes estilos de ensino en función das características do grupo e dos contidos que se van impartir.

d) Valora o tempo de práctica individual como criterio de calidade nas sesións de adestramento básico (EB) e perfeccionamento técnico (PT).

e) Valórase a importancia da organización do espazo e do material como factor de mellora da participación do alumnado e de redución de condutas non desexadas en tarefas e sesións de EB e PT.

f) Detectáronse os efectos da posición e desprazamento do persoal técnico como factor de control e dinamización das tarefas.

g) Valórase a importancia da actitude do persoal técnico como factor de motivación e activación nas tarefas e sesións de EB e PT.

h) Aplicáronse diferentes tipos de *feedback* desde o punto de vista da súa eficacia (coñecemento de resultados e coñecemento do rendemento).

i) Identificáronse as variables para ter en conta na administración do *feedback*: momento de aplicación, frecuencia na administración e a cantidade.

j) Identificáronse e aplicáronse as diferentes formas de distribución da práctica como un dos factores que inflúen na aprendizaxe, ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

k) Descríbíronse e argumentáronse as características e posibles causas dos comportamentos non desexados nas tarefas e sesións de EB e PT.

l) Analizáronse e aplicáronse as medidas de intervención do persoal técnico ante posibles condutas non desexadas en tarefas e sesións de EB e PT.

4. Interpreta a programación do ensino deportivo analizando os seus compoñentes e deseñando actividades en función da etapa da aprendizaxe do/a deportista.

a) Descríbíronse os tipos de programación de tecnificación deportiva, os seus principios e diferentes fases.

b) Identificáronse os obxectivos, contidos, medios, métodos e instrumentos de avaliación dun programa de ensino deportivo.

c) Valorouse a importancia da programación como elemento de control da evolución das aprendizaxes deportivas.

d) Describíronse as consideracións básicas no deseño de programas de iniciación deportiva.

e) Analizáronse as características e estrutura da sesión da aprendizaxe como unidade básica de programación deportiva.

f) Aplicáronse criterios de modificación de tarefas a partir da programación de referencia segundo a etapa da aprendizaxe deportiva.

g) Identificáronse os elementos de complexidade da tarefa e o seu axuste en relación cos mecanismos de regulación desta.

h) Describíronse os conceptos de progresión, interferencia contextual e significatividade das tarefas na aprendizaxe deportiva.

i) Valorouse a importancia da progresión e a interferencia contextual no deseño e modificación de tarefas como factor de mellora na aprendizaxe deportiva.

j) Destacouse a importancia da motivación do/a deportista cara á tarefa como elemento clave na súa mellora e a súa adherencia á práctica.

5. Coordina a intervención do persoal técnico ao seu cargo, aplicando técnicas de xestión de recursos humanos.

a) Diferenciáronse as funcións do persoal técnico coordinado polo/a adestrador/a.

b) Definíronse as técnicas de comunicación máis eficaces na coordinación do traballo do persoal técnico ao seu cargo.

c) Describíronse os diferentes estilos de condución do grupo, en función das situacións e das características do persoal técnico que se vai dirixir.

d) Elaboráronse dinámicas de grupo que potencian a capacidade de escoita e de traballo en equipo.

e) Valorouse a necesidade de cooperar para optimizar o rendemento do equipo de traballo.

6. Tutela os/as deportistas durante a súa participación en adestramentos e competicións, identificando e inculcando actitudes e valores persoais e sociais.

a) Identificáronse os principais problemas éticos propios da etapa de TD.

b) Valorouse a importancia de aplicar principios éticos durante a participación en competicións deportivas.

c) Identificáronse as principais formas de actuación do persoal técnico deportivo para inculcar actitudes e valores de respecto, xogo limpo e traballo en equipo, nas competicións deportivas.

d) Valorouse a importancia de desenvolver unha actitude responsable e asertiva que favoreza a transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.

e) Aplicáronse procedementos para a resolución de problemas e conflitos éticos que poden xurdir durante a competición deportiva.

f) Identificáronse os principais elementos do contexto que inflúen nas condutas éticas e inmoraes durante a práctica deportiva.

g) Describíronse os principios deontolóxicos profesionais do persoal técnico deportivo.

h) Describíronse e aplicáronse mecanismos de adaptación da competición para favorecer unha práctica inclusiva na etapa de tecnificación deportiva.

i) Valorouse a importancia de fomentar o desenvolvemento integral do/a deportista e non só o aspecto técnico-deportivo.

j) Describíronse e aplicáronse técnicas e instrumentos de avaliación e medida de actitudes e valores no deporte.

Contidos básicos:

1. Identifica as características do/a deportista de tecnificación deportiva (TD), relacionándoas coa etapa da adolescencia e analizando as variables psicolóxicas implicadas no rendemento deportivo.

- Análise das características psicosociais dos/as deportistas na etapa de tecnificación deportiva:

- Características psicolóxicas da adolescencia.
- Trazos sociais dos/as adolescentes.
- Diferenzas entre mozos e mozas na adolescencia.
- Elementos da contorna familiar, social e deportiva na TD.
- Aplicación de métodos para avaliar as características psicosociais dos/as deportistas na etapa de TD e da súa contorna familiar, social e deportiva.
- Valoración da necesidade de integrar os aspectos psicosociais da adolescencia na preparación deportiva da etapa de TD.

- Identificación e control dos factores psicolóxicos máis relevantes na etapa de tecnificación deportiva:

- A motivación:
 - Características e tipos.
 - Procedementos para o mantemento da motivación durante a etapa de TD.
 - Valoración do papel destacado da motivación no fomento da TD.
- A concentración:
 - Características psicolóxicas.
 - Aplicación de recursos para facilitar o mantemento da concentración en adestramentos e competicións.

- Control de pensamentos e emocións:

- Características psicolóxicas.

- Medo ao fracaso e ansiedade precompetitiva.

- Burnout* (síndrome do queimado) en mozos/as deportistas.

- Aplicación de recursos para facilitar o control de pensamentos e emocións en adestramentos e competicións.

2. Valora o proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista, analizando as características da aprendizaxe motora e os factores que interveñen.

- Análise das características da aprendizaxe motora e os factores que interveñen:

- Teorías da aprendizaxe motora.

- Mecanismos da aprendizaxe: a percepción, a decisión, a execución e os seus mecanismos de regulación.

- Fases da aprendizaxe deportiva:

- Cognitiva (iniciación).

- Asociativa (perfeccionamento).

- Automática (dominio).

- A importancia da aprendizaxe con base nos mecanismos de percepción e decisión, sobre os aspectos de execución.

- Factores dos cales depende a aprendizaxe:

- Identificación dos factores que inflúen na aprendizaxe, dependentes do alumnado: idade, sexo, coñecementos previos, coeficiente intelectual, motivación.

- Identificación dos factores que inflúen na aprendizaxe, dependentes da habilidade: atendendo ao mecanismo implicado e á complexidade da tarefa.

-Identificación dos factores que inflúen na aprendizaxe, dependentes do proceso de ensino-aprendizaxe: transmisión de información, progresión, distribución da práctica.

-Valoración da importancia de adaptar as tarefas ás necesidades do alumnado.

◦ Principios da aprendizaxe motora:

-Aplicación dos principios da aprendizaxe motora.

-Exercicio, reforzo, retención e transferencia.

-A transferencia: tipos e aplicacións á aprendizaxe.

-A memoria.

-Importancia da transferencia do aprendido a outros contextos.

• O proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista:

◦ Identificación das características técnico-tácticas propias da etapa de perfeccionamento.

• A avaliación: concepto, características e tipos.

◦ Deseño e aplicación de procedementos e instrumentos de avaliación do proceso de perfeccionamento técnico-táctico do/a deportista: obxectivos/subxectivos, cualitativos/cuantitativos.

◦ Valoración da importancia da avaliación para valorar a adquisición de novas aprendizaxes e a estabilidade das xa aprendidas.

3. Aplica as técnicas de dirección, organización e dinamización de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico, analizando a metodoloxía e os procedementos de control e dinamización axeitados.

• Análise da metodoloxía e os procedementos de control e dinamización de actividades de adestramento básico e perfeccionamento técnico.

◦ Técnicas de dirección, organización e dinamización de actividades.

- Os estilos de adestrador/a na dirección de grupos.
 - Estratexias metodolóxicas e estilos de ensino en función das características do grupo e a actividade. Valoración do tempo de práctica do alumnado.
 - Técnicas de xestión das actividades para optimizar os tempos de práctica e o control do grupo.
 - Importancia da posición estratéxica do persoal técnico na actividade.
 - Implicación activa do persoal técnico nas tarefas para involucrar e motivar o alumnado.
 - Diferentes tipos de *feedback*, variables e tipos desde o punto de vista da súa eficacia (coñecemento de resultados e coñecemento do rendemento).
 - Identificación da práctica concentrada ou distribuída en función do tipo de actividade e características do grupo.
 - As condutas disruptivas e situacións de conflito nas actividades.
 - Xestión de recursos fronte ás condutas non desexadas.
4. Interpreta a programación do ensino deportivo analizando os seus compoñentes e deseñando actividades en función da etapa da aprendizaxe do/a deportista.
- Interpretación e deseño de programacións:
 - Tipos, principios e fases da programación deportiva.
 - Elementos da programación das aprendizaxes deportivas: obxectivos, contidos, medios, métodos e instrumentos de avaliación.
 - Interpretación da programación do ensino deportivo.
 - Elaboración e aplicación de programas de iniciación deportiva.
 - Deseño de sesións da aprendizaxe na iniciación deportiva.
 - Elaboración de secuencias da aprendizaxe, aplicación de criterios para a modificación de tarefas da aprendizaxe deportiva.

- A programación como elemento de avaliación das aprendizaxes deportivas.
- Elección e deseño de tarefas motoras:
 - A tarefa motora: complexidade e dificultade, factores de que depende.
 - A progresión, significatividade e interferencia contextual nas tarefas durante as secuencias da aprendizaxe.
 - Valoración da progresión das aprendizaxes como elemento fundamental no deseño e modificación/manipulación de tarefas.
 - Valoración da importancia de adecuar as tarefas ás características e intereses dos e das deportistas.
- 5. Coordina a intervención do persoal técnico ao seu cargo, aplicando técnicas de xestión de recursos humanos.
 - Dirección e coordinación de grupos de traballo:
 - Dinámica e características de grupos de traballo non xerarquizados.
 - Asignación de roles: claridade, aceptación e cumprimento das funcións do persoal técnico.
 - Valoración da necesidade de cooperar.
 - Aplicacións técnicas de comunicación e condución de grupos:
 - Técnicas de comunicación para a coordinación de grupos non xerarquizados.
 - Adecuación dos estilos de condución ás necesidades da situación e das persoas.
 - Dinámicas de grupo que potencian o traballo en equipo e a capacidade de escoita.
- 6. Tutela os/as deportistas durante a súa participación en adestramentos e competicións, identificando e inculcando actitudes e valores persoais e sociais.
 - Identificación de actitudes e valores persoais e sociais en relación coa práctica deportiva e a competición:
 - Principais problemas éticos na etapa de TD: abandono, exclusión da práctica, procura de resultados.

- O contexto da práctica deportiva (clubs, asociacións, organizadores deportivos, árbitros, medios de comunicación etc.) na promoción e desenvolvemento de valores no deporte.

- Avaliación e medida de actitudes e valores no deporte: técnicas e instrumentos de medida dos valores no deporte (diario de sesións, test sociométrico, cuestionarios, perfil de polaridade etc.).

- Transmisión de actitudes e valores persoais e sociais en relación coa práctica deportiva e a competición:

- Características do persoal técnico deportivo para favorecer a transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte:

- Empatía, asertividade, sensibilidade moral, capacidade de liderado, fomento do traballo en equipo etc.

- Necesidade de desenvolvemento da responsabilidade persoal e a asertividade na transmisión de valores persoais e sociais a través do deporte.

- Estratexias para resolución de conflitos que poidan xurdir durante a participación en eventos deportivos e competicións (role-playing; banco de reflexión; dilemas morais etc.).

- Principios deontolóxicos do persoal técnico deportivo.

- Adaptación das estruturas competitivas ao desenvolvemento de valores persoais e sociais (mantemento do carácter lúdico e de participación de todos e todas, cambios regulamentarios).

- * Módulo común de ensino deportivo: Bases do adestramento deportivo

Código: MED-C202

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica as características físicas de homes e mulleres, analizando as funcións anatómico-fisiolóxicas do organismo en relación co exercicio físico.

a) Describiuse a estrutura e organización do organismo en función das súas unidades estruturais (células, tecidos e sistemas).

b) Diferenciáronse as distintas posibilidades de movemento do corpo humano, usando a terminoloxía correcta para a descrición de posicións e direccións, en función dos eixos e planos anatómicos.

c) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do aparato locomotor (ósos, articulacións e músculos).

d) Analizouse e describiuse a estrutura e o funcionamento do sistema nervioso en relación co exercicio, atendendo á estrutura e función da neurona e ao proceso de sinapse nerviosa.

e) Analizouse e describiuse a estrutura e o funcionamento do aparato cardiocirculatorio en relación co exercicio, atendendo á estrutura e dinámica do sangue, do corazón e dos vasos sanguíneos.

f) Analizouse e describiuse a estrutura e o funcionamento do aparato respiratorio en relación co exercicio físico.

g) Analizouse e describiuse a estrutura e funcionamento do sistema endócrino, en relación coas hormonas e glándulas endócrinas determinantes no desenvolvemento e co exercicio físico.

h) Analizouse e describiuse o ciclo menstrual feminino en relación co adestramento deportivo.

i) Analizouse e describiuse a estrutura e o funcionamento do sistema dixestivo.

j) Descríronse as diferentes fontes enerxéticas no organismo, relacionándoas coa súa implicación no exercicio físico.

k) Descríronse as principais adaptacións do organismo ao exercicio físico.

l) Valorouse a importancia das funcións anatómico-fisiolóxicas como base do adestramento deportivo.

2. Promove prácticas deportivas saudables, identificando as pautas hixiénicas máis axeitadas nas etapas de iniciación e tecnificación deportiva.

a) Analizáronse as repercusións positivas máis relevantes da práctica deportiva sobre o organismo humano.

b) Analizáronse as consecuencias negativas que pode levar consigo unha práctica deportiva inadecuada.

c) Identificáronse as contraindicacións (patolóxicas) xerais máis importantes á práctica de exercicio físico.

d) Analizáronse os beneficios dunha axeitada hixiene deportiva.

e) Respectáronse unhas pautas básicas en canto ao equipamento e aos coidados hixiénico-corporais básicos na práctica deportiva.

f) Desenvolvéronse actividades de quecemento xeral e arrefriamento do/a deportista.

g) Aplicáronse os principios da hixiene postural na práctica de exercicios de acondicionamento físico xeral.

h) Identificáronse hábitos posturais axeitados na práctica de actividades cotiás.

i) Describíronse as bases para unha alimentación e hidratación axeitadas antes, durante e despois do exercicio.

j) Analizáronse hábitos insalubres contraproducentes para o desenvolvemento físico das persoas e especialmente en relación con deportistas novos/as.

k) Describíronse as consecuencias do adestramento deportivo sobre a saúde das deportistas.

l) Valorouse a importancia de prever as consecuencias negativas dunha mala práctica deportiva.

3. Valora a condición motriz xeral de homes e mulleres aplicando as técnicas e metodoloxía de avaliación axeitada distinguindo as diferentes capacidades físicas básicas.

a) Describiuse o concepto de capacidade motriz da persoa.

b) Identificáronse as capacidades coordinativas e condicionais como constitutivas da capacidade motriz da persoa.

c) Describíronse as características das capacidades condicionais da persoa.

- d) Descríbíronse as características das capacidades coordinativas da persoa.
 - e) Clasificáronse os instrumentos e medios máis importantes para a valoración das capacidades condicionais.
 - f) Clasificáronse os instrumentos e medios máis importantes para a valoración das capacidades coordinativas.
 - g) Describiuse a evolución da capacidade motriz da persoa durante a adolescencia.
 - h) Valorouse a importancia da obxectividade, fiabilidade e validez dos métodos de medición das capacidades condicionais.
 - i) Valorouse a importancia da obxectividade, fiabilidade e validez dos métodos de medición das capacidades coordinativas.
4. Interpreta a programación describindo os principios e os elementos básicos do adestramento deportivo.
- a) Descríbíronse e analizáronse os principais compoñentes das cargas de adestramento en relación cunha programación establecida.
 - b) Descríbíronse os principais conceptos de programación en adestramento deportivo.
 - c) Analizáronse, interpretáronse e comparáronse os elementos básicos da programación deportiva.
 - d) Analizáronse os diferentes mesociclos de toda programación deportiva.
 - e) Analizáronse os diferentes microciclos de toda programación deportiva.
 - f) Analizáronse os diferentes tipos e características da sesión de adestramento.
 - g) Analizáronse e interpretáronse programacións deportivas na etapa de tecnificación deportiva.
 - h) Identificáronse e analizáronse os procedementos de rexistro de toda programación deportiva.

i) Analizáronse os principios do adestramento deportivo e a súa relación coa programación deportiva.

j) Analizáronse e interpretáronse as principais leis que rexen o adestramento deportivo.

k) Valorouse a importancia da programación no proceso de adestramento.

5. Desenvolve a condición motriz xeral de homes e mulleres, analizando os principios metodolóxicos do adestramento das capacidades e os medios utilizados.

a) Analizáronse e aplicáronse os principios de incremento da carga de adestramento.

b) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da forza.

c) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da resistencia.

d) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da velocidade.

e) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento da flexibilidade.

f) Analizáronse e aplicáronse os principios metodolóxicos do adestramento das capacidades coordinativas.

g) Analizáronse os principais medios do adestramento da forza.

h) Analizáronse os principais medios do adestramento da resistencia.

i) Analizáronse os principais medios do adestramento da velocidade.

j) Analizáronse os principais medios do adestramento da flexibilidade.

k) Analizáronse os principais medios do adestramento das capacidades coordinativas.

l) Valorouse a importancia dos principios metodolóxicos e medios de adestramento das capacidades para o correcto desenvolvemento da condición motriz xeral das persoas.

Contidos básicos:

1. Identifica as características físicas de homes e mulleres, analizando as funcións anatómico-fisiolóxicas do organismo en relación co exercicio físico.

- Células, tecidos e sistemas no organismo: estrutura e organización xeral.
- Descrición espacial do movemento: posición anatómica, eixes e planos anatómicos; terminoloxía de posición e dirección.
- Aparato locomotor: principais ósos, articulacións e músculos. Estrutura e mobilidade das principais rexións anatómicas.
- Sistema nervioso: neurona, sinapse e transmisión do impulso nervioso.
- Aparato cardiocirculatorio: o corazón, resposta circulatoria ao exercicio, conceptos relacionados. Frecuencia cardíaca e volume sistólico.
- Aparato respiratorio: estrutura anatómica, capacidades e volumes pulmonares; resposta ventilatoria ao exercicio.
- Sistema endócrino: principais hormonas e glándulas endócrinas. Resposta hormonal ao exercicio.
- Ciclo menstrual: características, influencia na práctica da actividade físico deportiva, menarquia, amenorrea primaria e secundaria.

- Sistema dixestivo: anatomía e fisioloxía básica.
- Metabolismo enerxético: ATP e principais vías metabólicas.
- Adaptacións dos diferentes sistemas implicados no exercicio físico.

2. Promove prácticas deportivas saudables, identificando as pautas hixiénicas máis axeitadas nas etapas de iniciación e tecnificación deportiva.

- Deporte-saúde: concepto, relación con outros ámbitos deportivos.
- Beneficios da práctica físico-deportiva sobre o organismo: repercusións físicas, psico-emocionais e psicosociais.

- Riscos propios dunha práctica deportiva inadecuada: repercusións físicas, psico-emocionais e psicosociais.
 - Contraindicacións xerais máis importantes á práctica de exercicio físico: contraindicacións absolutas e relativas; precaucións.
 - Hixiene deportiva: pautas xerais, hábitos e coidados hixiénico-corporais, equipamento deportivo.
 - Efectos do adestramento deportivo na saúde específica das deportistas: beneficios (incremento capital óseo, entre outros) e riscos dunha práctica inadecuada (triada, entre outros).
 - Hixiene postural na práctica de exercicios de acondicionamento físico: pautas básicas de corrección postural, exercicios desaconsellados.
 - Hixiene postural na práctica de actividades cotiás.
 - O quecemento e a volta á calma na sesión deportiva.
 - A alimentación e a hidratación vinculadas ao exercicio (antes, durante e despois do exercicio físico).
 - Hábitos insalubres contraproducentes para a práctica deportiva: alcol, tabaco e outras drogas. «Comida lixo». Trastornos alimentarios.
3. Valora a condición motriz xeral de homes e mulleres, aplicando as técnicas e metodoloxía de avaliación axeitada, distinguindo as diferentes capacidades físicas básicas.
- Capacidades motrices: xeralidades.
 - Capacidades coordinativas: xeralidades.
 - Capacidades condicionais: xeralidades.
 - A resistencia.
 - A velocidade.
 - A forza.
 - ADM.
 - A axilidade.

- A coordinación.
 - O equilibrio.
 - Control do adestramento: instrumentos e valoración das capacidades condicionais e as capacidades coordinativas.
4. Interpreta a programación describindo os principios e os elementos básicos do adestramento deportivo.
- O adestramento deportivo: concepto, obxectivos e características. Elementos configurativos.
 - A carga de adestramento. Conceptos, características, elementos básicos, medios e métodos de aplicación, control e incremento da carga: volume, intensidade, recuperación, densidade.
 - Principios básicos do adestramento deportivo.
 - Leis básicas do adestramento deportivo: síndrome xeral de adaptación, sobrecompensación, recuperación.
 - Factores de rendemento.
 - Períodos e ciclos de adestramento.
 - Programación do adestramento e a competición: obxectivos, contidos, periodización.
5. Desenvolve a condición motriz xeral de homes e mulleres, analizando os principios metodolóxicos do adestramento das capacidades e os medios utilizados.
- Adestramento xeral e específico.
 - A resistencia: principios metodolóxicos e medios de adestramento.
 - A velocidade: principios metodolóxicos e medios de adestramento.
 - A forza: principios metodolóxicos e medios de adestramento.
 - ADM: principios metodolóxicos e medios de adestramento.

- Capacidades coordinativas: principios metodolóxicos e medios de adestramento.

- * Módulo común de ensino deportivo: Deporte adaptado e discapacidade

Código: MED-C203

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Organiza sesións de iniciación deportiva analizando as necesidades das persoas con discapacidade.

a) Describíronse os principais tipos de discapacidade atendendo ao mecanismo funcional afectado e as súas consecuencias a nivel perceptivo motor.

b) Recoñecéronse pautas de traballo específicas na iniciación deportiva segundo os diferentes tipos de discapacidade.

c) Aplicáronse procedementos básicos de recollida de información do comportamento motor da persoa con discapacidade, (especialmente en relación co transporte, co control de obxectos e coas súas habilidades motrices básicas).

d) Determináronse medidas de seguridade específicas na iniciación deportiva segundo os diferentes tipos de discapacidade.

e) Determináronse as principais orientacións metodolóxicas que se van empregar segundo o tipo de discapacidade, especialmente en relación coa comunicación e coa participación na tarefa.

f) Argumentouse a importancia de identificar, previamente á práctica, as características propias e individuais de todo/a practicante con algunha discapacidade.

2. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con discapacidade en actividades físico-deportivas, analizando as características da tarefa e identificando as limitacións para a práctica deportiva orixinadas polo contexto.

a) Valorouse a importancia de maximizar as oportunidades de participación das persoas con discapacidade nas tarefas, xogos e deportes.

b) Analizáronse as principais vías de incorporación á práctica deportiva de persoas con discapacidade.

c) Descríbíronse os mecanismos de adaptación de tarefas para as persoas con discapacidade que compensan os déficits que se presentan.

d) Aplicáronse procedementos de modificación das tarefas, xogos e deportes para favorecer a participación, o gozar e as posibilidades de éxito de persoas con discapacidade na práctica.

e) Valorouse a importancia do fomento da participación activa de persoas con discapacidade en situacións inclusivas de práctica.

f) Identificáronse as principais limitacións cara á práctica provocadas pola falta de accesibilidade nas instalacións e espazos deportivos.

g) Examináronse as limitacións orixinadas pola falta de acceso á información da oferta deportiva e a difusión da práctica.

h) Valorouse a importancia dunha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica deportiva de persoas con discapacidade.

i) Descríbíronse as posibilidades do material deportivo adaptado específico dos diferentes xogos e deportes adaptados.

j) Enunciáronse as posibilidades das axudas técnicas atendendo ao tipo de discapacidade e práctica deportiva que realicen as persoas.

3. Organiza os/as deportistas con discapacidade interpretando as principais clasificacións funcionais do deporte adaptado e as características dos deportes adaptados.

a) Describiuse o concepto de clasificación funcional deportiva e o concepto de discapacidade mínima.

b) Enunciáronse as clasificacións funcionais deportivas segundo o tipo de discapacidade.

c) Xustificouse a importancia das clasificacións funcionais para a homoxeneización dos procesos competitivos no deporte adaptado, argumentando as diferenzas entre elas.

d) Aplicáronse criterios de adaptación da clasificación para fomentar a participación de mulleres con discapacidade, grandes discapacitados e, mesmo, persoas sen discapacidade.

e) Identificáronse os xogos e deportes adaptados específicos para persoas con discapacidade, incluíndo as características daqueles que son específicos.

f) Recoñeceuse a importancia de vivenciar algúns deportes adaptados practicados por persoas con discapacidade a través de situacións simuladas.

g) Seleccíonouse o deporte adaptado máis axeitado atendendo ao tipo de mecanismo funcional afectado e a clasificación funcional deportiva.

h) Valorouse a importancia da participación de persoas con discapacidade no deporte como peza clave da súa integración social.

4. Orienta as persoas con discapacidade cara á práctica deportiva recoñecendo a estrutura do deporte adaptado e as fontes de información dispoñibles.

a) Relacionouse a orixe do deporte para persoas con discapacidade coa estrutura actual do deporte adaptado.

b) Identificáronse os organismos reguladores do deporte adaptado no ámbito internacional, nacional e rexional.

c) Diferenciáronse as estruturas deportivas paralímpicas das que non o son.

d) Valorouse o papel das institucións (federacións deportivas, asociacións, clubs etc.) na organización e fomento da competición, a recreación e a práctica saudable.

e) Diferenciáronse as orixes da práctica deportiva dunha persoa con discapacidade (hospitalaria, asociativa etc.) e as diferentes finalidades (rehabilitadora, terapéutica, recreativa, deportiva etc.) da práctica.

f) Describíronse os diferentes programas de deporte adaptado que existen.

g) Describíronse os principais programas de difusión da práctica e desenvolvemento do deporte adaptado como exemplos de boa práctica.

h) Utilizáronse as fontes de información dispoñibles en deporte adaptado como recurso básico para orientar os/as deportistas con discapacidade.

i) Valorouse a importancia da promoción do deporte adaptado como xerador de valores persoais e sociais e vehículo de integración social.

Contidos básicos:

1. Organiza sesións de iniciación deportiva analizando as necesidades das persoas con discapacidade.

- Descrición das discapacidades:
 - Discapacidade sensorial: visual e auditiva.
 - Discapacidade intelectual: atraso mental e síndrome de Down.
 - Discapacidade física: lesión medular, parálise cerebral e amputacións.
- Tipo de discapacidade e a súa relación co mecanismo perceptivo motor.
- Valoración inicial das características específicas das persoas con discapacidade.
- Utilización de ferramentas básicas para a recollida de información da competencia motriz en persoas con discapacidade.
- Aplicación das orientacións metodolóxicas oportunas en función do tipo de discapacidade.
- Aplicación de restricións e condicións básicas de seguridade na práctica deportiva segundo discapacidade.
- A importancia das adaptacións metodolóxicas e a seguridade na iniciación deportiva de persoas con discapacidade.

2. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con discapacidade en actividades físico deportivas, analizando as características da tarefa e identificando as limitacións para a práctica deportiva orixinadas polo contexto.

- Xustificación da práctica deportiva das persoas con discapacidade como factor clave do seu benestar e calidade de vida.
- As vías de incorporación á práctica de persoas con discapacidade.
- Identificación das principais restricións na participación cara á práctica deportiva provocados polo contexto.

- Identificación das actitudes na contorna das persoas con discapacidade.
 - Barreiras arquitectónicas nas instalacións deportivas.
 - Integración e inclusión a través dos xogos e os deportes.
 - Identificación e utilización dos mecanismos de adaptación das tarefas, xogos e deportes.
 - Aplicación do xogo e as súas diferentes orientacións como elemento de atención á diversidade.
 - Características do material deportivo adaptado.
 - As axudas técnicas para a práctica deportiva.
 - Valoración do papel da integración-inclusión das persoas con discapacidade en xogos e deportes.
 - Vivenciación de situacións de práctica inclusiva para o fomento da participación de persoas con discapacidade.
3. Organiza os/as deportistas con discapacidade interpretando as principais clasificacións funcionais do deporte adaptado e as características dos deportes adaptados.
- Tipo de deporte adaptado en función do mecanismo funcional afectado.
 - As principais clasificacións funcionais deportivas segundo o tipo de discapacidade. O concepto de «mínima discapacidade».
 - As clasificacións funcionais como proceso de homoxeneización para a participación.
 - Análise da participación das persoas con discapacidade, en función da afectación e do sexo para unha participación igualitaria.
 - A práctica deportiva con persoas con discapacidade en condicións de igualdade como factor de integración e participación.
 - Características do deporte adaptado.

- Os deportes adaptados específicos.
 - A participación de persoas sen discapacidade na práctica de deportes adaptados («Integración á inversa»).
 - Participación e vivenciación dos principais deportes adaptados.
4. Orienta as persoas con discapacidade cara á práctica deportiva recoñecendo a estrutura do deporte adaptado e as fontes de información dispoñibles.
- Orixe e historia do deporte adaptado.
 - Estrutura do deporte adaptado.
 - O Comité Paralímpico Internacional e o Comité Paralímpico Español.
 - As orixes da práctica deportiva dunha persoa con discapacidade e finalidades dela.
 - Os programas de difusión e desenvolvemento do deporte adaptado.
 - O papel do tecido asociativo de persoas con discapacidade na difusión da práctica deportiva.
 - As principais fontes de información sobre o deporte adaptado.
 - O deporte adaptado como promotor de valores e vehículo de integración social.
- * Módulo común de ensino deportivo: Organización e lexislación deportiva

Código: MED-C204

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Interpreta a normativa de competición relacionándoa coa organización deportiva nacional e coa súa estrutura administrativa e co réxime disciplinario deportivo.

a) Describíronse os organismos deportivos de ámbito nacional máis importantes e as súas funcións.

b) Relacionouse a lexislación deportiva de ámbito nacional, coa súa estrutura administrativa.

- c) Identificáronse as características do réxime disciplinario deportivo e as súas funcións.
 - d) Describiuse o réxime disciplinario deportivo aplicado á competición.
 - e) Expuxéronse as infraccións e sancións máis importantes relacionadas coa dopaxe, a violencia e a disciplina deportiva xeral.
 - f) Explicáronse os procedementos de comunicación das sancións deportivas.
 - g) Identificáronse as funcións dos diferentes órganos disciplinarios (clubs, federacións, Comité Español de Disciplina Deportiva).
 - h) Identificáronse os órganos responsables da aplicación da normativa sobre a dopaxe.
2. Selecciona e prepara recursos materiais e instalacións necesarias, analizando as súas condicións de seguridade e relacionándoa coa normativa vixente.
- a) Describíronse as características das instalacións deportivas, a súa funcionalidade e a súa relación cos aspectos de seguridade e de protección do medio.
 - b) Describíronse os criterios de seguridade que deben cumprir os equipamentos necesarios para a práctica deportiva.
 - c) Identificouse a normativa de aplicación en relación coa seguridade nas instalacións deportivas.
 - d) Analizouse o significado e alcance dos distintos tipos de sinalización de seguridade nunha instalación deportiva.
 - e) Analizáronse os requisitos básicos de seguridade que deben cumprir as instalacións e equipamento deportivo para todas as persoas que sexan usuarias ou persoal laboral, segundo a normativa vixente.
 - f) Analizáronse, nun suposto práctico, as características dos plans de emerxencia e evacuación dunha instalación deportiva.
 - g) Describíronse as medidas de protección contra actos antisociais e de violencia no deporte, nunha instalación deportiva.

h) Valorouse a importancia de establecer os plans de emerxencia e evacuación nunha instalación deportiva.

3. Prepara o desprazamento da persoa ou grupo, aplicando os procedementos establecidos e a normativa vixente.

a) Interpretouse e cubriuse a documentación e os permisos necesarios para a xestión da viaxe.

b) Identificouse a normativa referente aos seguros de accidente e actividade.

c) Comparáronse diferentes tipos de seguros de accidente coas necesidades dun suposto de desprazamento.

d) Valorouse a responsabilidade que ten o persoal técnico sobre o control do grupo nos desprazamentos.

e) Interpretouse a normativa referente á responsabilidade do persoal técnico no desprazamento dos grupos.

f) Diseñouse o plan de viaxe nun suposto práctico de desprazamento dun grupo de deportistas.

4. Dirixe e acompaña deportistas en competicións de nivel de iniciación e tecnificación deportiva analizando as características de organización das competicións.

a) Cubriuse a documentación relativa á inscrición en competicións.

b) Valorouse a importancia da responsabilidade do persoal técnico durante a competición.

c) Identificáronse as fases na organización dunha competición de iniciación ou tecnificación deportiva.

d) Describíronse as funcións máis relevantes na organización dunha competición deportiva.

e) Xustificouse a importancia da cobertura legal: licenza federativa e seguro deportivo, do/a deportista durante a competición.

5. Realiza actividades de xestión dun club deportivo aplicando os procedementos axei-tados para a súa constitución e posta en marcha.

a) Identificouse a normativa que regula a constitución e funcionamento dun club depor-tivo en función do seu ámbito de actuación.

b) Identificáronse os trámites necesarios para a creación dun club deportivo en función do seu ámbito de actuación.

c) Analizáronse as posibles vías de financiamento económico existentes para a creación e xestión dun club deportivo segundo as súas características.

d) Describíronse as características organizativas básicas dun club deportivo relacionán-doas co obxecto da súa actividade.

e) Valorouse a importancia do club deportivo como elemento favorecedor da práctica deportiva.

f) Identificáronse os elementos necesarios no establecemento de convenios coas admi-nistracións públicas, así como outras asociacións de carácter privado.

Contidos básicos:

1. Interpreta a normativa de competición relacionándoa coa organización deportiva na-cional e a súa estrutura administrativa.

- Lexislación deportiva estatal e normativa relacionada: obxecto e rango e ámbito de aplicación.

- O Consello Superior de Deportes. Estrutura básica e funcións.

- Entidades deportivas españolas: Comité Olímpico Español, Comité Paralímpico Espa-ñol. Estrutura básica e funcionamento.

- Entidades deportivas españolas: federacións españolas deportivas. Estrutura básica e funcionamento.

- Réxime disciplinario deportivo e procedementos sancionadores. Natureza, competen-cias dos órganos disciplinarios: Axencia Estatal Antidopaxe, Comité Español de Disciplina Deportiva, Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos.

2. Selecciona e prepara recursos materiais e instalacións necesarias analizando as súas condicións de seguridade e relacionándoa coa normativa vixente.

- Instalacións deportivas: concepto e características funcionais.
- Medidas de protección do medio nas instalacións deportivas:
 - Aforro e uso eficiente da auga e a enerxía.
 - As afeccións na contorna física. Redución de residuos, apoio á reciclaxe e reutilización.
 - Normativa sobre seguridade nas instalacións deportivas. Medidas de protección para usuarios/as e traballadores/as.
 - Protección contra actos antisociais e violencia no deporte.
 - Análise e aplicación dos plans de emerxencia e evacuación.
 - A información sobre seguridade nas instalacións deportivas. Interpretación da sinalización de seguridade.
 - Procedementos de revisión dos equipamentos deportivos.

3. Prepara o desprazamento da persoa ou grupo de iniciación e tecnificación deportiva aplicando os procedementos establecidos e a normativa vixente.

- A organización do desprazamento dos grupos deportivos:
 - Características, formalización e tipo de documentación e permisos de desprazamento dos/as deportistas, normativa de aplicación.
- A elección dos seguros de accidentes e de actividade. Tipos e características. Normativa de aplicación.
- Responsabilidade civil do persoal técnico deportivo:
 - Características e normativa vixente. O acompañamento ou tutela de menores durante o desprazamento.

- Asunción de normas e responsabilidades do persoal técnico deportivo nas viaxes dos grupos deportivos.

4. Dirixe e acompaña deportistas en competicións de nivel de iniciación e tecnificación deportiva analizando as características de organización das competicións.

- Análise dos requisitos básicos para a participación en competicións de tecnificación deportiva:

- Proceso de inscrición, documentación e prazos.
- Tramitación e características da licenza federativa: autonómica e nacional.
- A tramitación do seguro obrigatorio deportivo.

- Análise das funcións e responsabilidade do persoal técnico deportivo durante a competición.

- Organización e estrutura básica das competicións deportivas, as fases máis relevantes. Funcións da organización.

5. Xestiona un club deportivo aplicando os procedementos axeitados para a súa constitución e posta en marcha.

- O club deportivo. Tipos, características e estrutura básica.
- Normativa de constitución e funcionamento dun club deportivo.
- Procedemento de constitución e inscrición dos clubs deportivos.
- Vías de financiamento dos clubs deportivos: ingresos propios, ingresos indirectos, subvencións de institucións públicas.
- Tipos e modalidades das axudas e subvencións aos clubs. Procedemento de tramitación.
- Convenios de colaboración coa Administración: protocolos, cláusulas, anexos.
- O patrocinio deportivo. Tipos e normativa relacionada.

* Módulo común de ensino deportivo: Xénero e deporte

Código: MED-C205

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica a realidade do deporte feminino, analizando os elementos sociais que o caracterizan.

- a) Identifícase a terminoloxía específica na temática de xénero.
 - b) Valorouse a importancia da autoavaliación permanente sobre os prexuízos e estereotipos persoais en relación co xénero.
 - c) Descríbóronse os prexuízos e estereotipos persoais e sociais, específicos en relación co xénero e coa práctica da actividade físico-deportiva.
 - d) Identificouse a evolución do deporte feminino e os aspectos que resultaron determinantes na devandita evolución.
 - e) Identificáronse e categorizáronse as diferenzas do deporte feminino en relación co masculino.
 - f) Descríbóronse os índices de práctica deportiva feminina nos diferentes ámbitos (deporte escolar, deporte federado etc.).
 - g) Describiuse e analizouse o abandono feminino e as súas causas.
 - h) Analizouse a situación das mulleres como persoal técnico, corpo arbitral e adestradoras, así como en diferentes ámbitos da xestión deportiva.
2. Promove a incorporación da muller ao ámbito deportivo, analizando as súas peculiaridades específicas, as do seu contexto e aplicando diferentes estratexias de intervención.
- a) Descríbóronse os intereses e as motivacións particulares das mulleres ante a práctica deportiva.
 - b) Descríbóronse as principais barreiras que atopan as mulleres no desenvolvemento da práctica deportiva.

c) Valorouse a importancia de potenciar unha imaxe corporal saudable para o benestar da muller deportista.

d) Valorouse a importancia de considerar as características biolóxicas específicas da muller deportista como parte da súa vivencia persoal.

e) Valorouse a importancia de maximizar as oportunidades de participación das mulleres na actividade físico-deportiva.

f) Analizáronse as principais vías de incorporación das mulleres á práctica deportiva.

g) Valorouse a importancia de desenvolver prácticas inclusivas no fomento da participación activa das mulleres no deporte.

h) Aplicáronse estratexias metodolóxicas para favorecer a participación e as posibilidades de éxito das deportistas.

i) Valorouse a importancia dunha actitude positiva dos/as compañeiros, persoal técnico, familias e as institucións cara á práctica deportiva das mulleres.

j) Identificáronse os usos sexistas da linguaxe e as formas básicas para facer un uso del que visibilice ás mulleres deportistas.

3. Apoia a incorporación da muller ao deporte, identificando o papel das institucións e as liñas de apoio ao deporte feminino.

a) Identificáronse as institucións e organismos vinculados, co deporte feminino no ámbito nacional, autonómico e local.

b) Valorouse a importancia da coordinación e colaboración interinstitucional no fomento de hábitos de práctica físico-deportiva nas mulleres.

c) Valorouse o papel das institucións (federacións deportivas, asociacións, clubs etc.) na organización e o fomento da competición, a recreación e a práctica da actividade física saudable das mulleres.

d) Describíronse as principais características dos programas de promoción da práctica físico-deportiva nas mulleres.

e) Valoráronse os principais programas de promoción e desenvolvemento da práctica deportiva feminina como exemplos de boas prácticas.

f) Valorouse a importancia da promoción do deporte feminino como xerador de valores persoais, sociais e como vehículo de integración social.

Contidos básicos:

1. Identifica a realidade do deporte feminino, analizando os elementos sociais que o caracterizan.

- Terminoloxía específica:

- Sexo-xénero.

- Prexuízo/estereotipo de xénero.

- Igualdade de acceso/igualdade de oportunidades.

- Modelos androcéntricos.

- Expectativas sociais.

- Prexuízos e estereotipos persoais e sociais en relación co xénero e coa práctica de actividade físico-deportiva.

- Evolución da práctica de actividade físico-deportiva das mulleres e factores determinantes.

- Modalidades deportivas con características diferenciais entre homes e mulleres.

- Índices de práctica físico-deportiva feminina nos diferentes ámbitos:

- Ámbito escolar.

- Ámbito federado.

- Ámbito universitario.

- Ámbito recreativo.

- Índices de abandono nos diferentes ámbitos (escolar, federado, universitario, recreativo etc.).

- Causas do abandono da práctica físico-deportiva feminina.

- As mulleres como persoal técnico, adestradoras, corpo arbitral e xestoras deportivas.

2. Promove a incorporación da muller ao ámbito deportivo, analizando as peculiaridades específicas da muller deportista e o seu contexto e aplicando diferentes estratexias de intervención.

- Intereses e motivacións específicas da muller ante a práctica físico-deportiva.

- Barreiras para o desenvolvemento da práctica deportiva.

- Imaxe corporal na muller deportista:

- Trazos característicos dunha imaxe corporal positiva e imaxe corporal negativa.

- Estratexias para fomentar unha imaxe corporal positiva na muller deportista.

- Influencia das características biolóxicas femininas no desenvolvemento psicosocial da deportista (menarquia, amenorrea, ciclo menstrual, temporalidade da madurez física).

- Estratexias de intervención para a plena incorporación das mulleres á práctica físico-deportiva:

- Oportunidades de participación.

- Vías de incorporación.

- Prácticas inclusivas.

- Estratexias metodolóxicas.

- Fomento de actitudes positivas nos diferentes axentes sociais (compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias etc.).

- A linguaxe:

- Uso non sexista da linguaxe.

- Linguaxe inclusiva.

- Estratexias básicas.

3. Apoia a incorporación da muller ao deporte, identificando o papel das institucións e as liñas de apoio ao deporte feminino.

- Órganos responsables do deporte feminino dentro das institucións e organismos:

- Ámbito nacional.

- Ámbito autonómico.

- Ámbito local.

- Coordinación e colaboración institucional no fomento de hábitos de práctica físico-deportiva nas mulleres.

- Programas de promoción e desenvolvemento do deporte feminino:

- Características principais.

- Exemplos de boas prácticas.

- A actividade físico-deportiva como xeradora de valores na poboación feminina:

- Valores persoais.

- Valores sociais.

- * Módulo específico de ensino deportivo: Escola de vela

Código: MED-VEVE201

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Colabora no proceso de detección e selección de talentos deportivos dos/as regatistas, analizando as características dos sistemas e programas de detección e selección e aplicando técnicas específicas.

a) Identificáronse as características técnicas, tácticas, físicas e psicolóxicas que describen o talento deportivo en vela con aparello fixo e libre.

b) Descríbíronse os criterios utilizados para a detección e selección de talentos en vela con aparello fixo e libre.

c) Descríbíronse os principios dos programas de detección e selección de talentos deportivos en vela con aparello fixo e libre.

d) Analizáronse os programas de detección e selección de talentos deportivos en vela con aparello fixo e libre establecidos polas administracións deportivas.

e) Descríbíronse as funcións e o protocolo de actuación do persoal técnico deportivo de vela con aparello fixo e libre nos programas de detección e selección de talentos da modalidade.

f) Analizáronse os recursos materiais e recursos humanos, que se necesitan nun suposto práctico de programa de detección e selección de talentos en vela con aparello fixo e libre.

g) Valorouse a importancia dunha detección precoz do talento deportivo, na consecución do alto rendemento.

h) Xustificouse a necesidade de respectar o desenvolvemento do individuo no proceso de detección e selección de talentos deportivos en vela con aparello fixo e libre.

2. Elabora programas de iniciación á vela con aparello fixo e libre, seguindo estándares da RFEV, concretando os contidos e as adaptacións nos grupos de idades, coordina o seu desenvolvemento e aplicación con outro persoal técnico.

a) Elaborouse un programa de ensino a vela con aparello fixo e libre propondo adaptacións dos obxectivos e contidos ás características dos grupos de iniciación.

b) Analizáronse diferentes secuencias da aprendizaxe das técnicas que constitúe o programa de iniciación a vela con aparello fixo e libre.

c) Elaboráronse secuencias da aprendizaxe de estándares técnicos do programa de iniciación a vela con aparello fixo e libre.

d) Definíronse as diferenzas na execución de estándares técnicos do programa iniciación a vela con aparello fixo e libre.

e) Determináronse as adaptacións de contidos, medios e métodos de ensino da vela con aparello fixo e libre.

f) Definíronse os recursos didácticos necesarios nun programa de iniciación á vela con aparello fixo e libre.

g) Definíronse os parámetros que se deben ter en conta durante a avaliación da implementación de calidade do programa de iniciación á vela con embarcacións con aparello fixo e libre.

h) Xustificouse a necesidade de seriar de forma axeitada a aprendizaxe da navegación a vela con embarcacións de aparello libre e fixo, adaptándoa ás características dos grupos de iniciación.

3. Coordina a actividade doutro persoal técnico deportivo na iniciación á vela, analizando as funcións do persoal técnico nos cursos e eventos de iniciación e discriminando a estrutura dunha escola de vela.

a) Describiuse a estrutura, os compoñentes e os obxectivos dunha escola de vela.

b) Concretáronse os procedementos de coordinación e comunicación co persoal técnico responsable da iniciación e tecnificación en vela con aparello fixo e libre.

c) Describíronse as distintas tarefas que debe realizar o persoal técnico en cursos, eventos e competicións de vela con aparello fixo e libre.

d) Identificáronse os criterios de distribución de tarefas entre o equipo de persoal técnico nas distintas modalidades de cursos, eventos e competicións.

e) Describíronse os procedementos de comunicación dos cambios, necesidades ou continxencias entre o equipo de persoal técnico.

f) Describíronse procedementos de comunicación da escola de vela coa Federación autonómica e nacional de vela.

g) Identificáronse as funcións de coordinación ou dirección de cursos, eventos e competicións de iniciación á vela con AF e AL.

h) Descríbíronse os parámetros materiais, humanos e técnicos que determinan a calidade dunha escola de vela.

i) Interiorizouse a necesidade de coordinación dos equipos técnicos como medio eficaz e eficiente na posta en práctica das actividades e eventos de iniciación á vela con embarcacións a vela con aparello fixo e libre.

Contidos básicos:

1. Colabora no proceso de detección e selección de talentos deportivos dos/as regatistas analizando as características dos sistemas e programas de detección e selección e, aplicando técnicas específicas.

- Características técnicas, tácticas, físicas e psicolóxicas que describen o talento deportivo en vela.

- Criterios utilizados na detección e selección de talentos en vela.

- Principios básicos do proceso de detección e selección de talentos:

- Obxectivos deportivos e sociais de cada un deles.

- A súa estrutura seguindo as distintas seccións e clases e protocolo.

- Fases da súa aplicación, calendario, regatas da RFEV.

- Colocación temporal e/ou estacionalidade.

- Instalacións, embarcacións, recursos humanos e materiais e as posibles colaboracións.

- Campañas de detección de talentos:

- Obxectivos e fases de aplicación.

- Funcións e protocolo de actuación do persoal técnico.

- Probas, regatas e/ou concentracións que se van utilizar. Relación co calendario da RFEV.

- Análise dos resultados.
- Selección dos/as regatistas:
- Idades que se seguirán.
- Recursos humanos e a súa clasificación.
- Equipos de traballo e a súa coordinación.
- Recursos materiais, embarcacións e equipamento.

2. Elabora programas de iniciación á vela con aparello fixo e libre, seguindo estándares da RFEV, concretando os contidos e as adaptacións nos grupos de idades, coordinando o seu desenvolvemento e aplicación con outro persoal técnico.

- Programa de ensino de estándares de iniciación a vela con aparello fixo e libre, da RFEV ou FFDDAA.

- Metodoloxía de ensino das actividades de iniciación á vela con aparello fixo e libre.
- Obxectivos e contidos dunha sesión de iniciación á vela con aparello fixo e libre. Segundo estándares da RFEV.
- Elaboración de progresións técnicas nun ciclo de iniciación á vela con aparello fixo e libre.
- Seriación das actividades: elaboración dos criterios para a secuenciación.
- Temporalización de actividades de iniciación á vela con aparello fixo e libre.
- Recursos didácticos para a iniciación á vela con aparello fixo e libre.
- Avaliación dos programas de iniciación á vela con aparello fixo e libre.
- Elaboración de cuestionarios de recollida da información, que se realiza ao comezo e ao final de cada curso.

3. Coordina a actividade doutro persoal técnico deportivo na iniciación á vela, analizando as funcións do persoal técnico nos cursos e eventos de iniciación e discriminando a estrutura dunha escola de vela.

- Estrutura e obxectivos dunha escola de vela.
- Tipos e modelos de EV.
- Procedementos de coordinación e comunicación entre persoal técnico.
- Funcións e tarefas do director-a/coordinador-a da actividade:
 - Antes do inicio da actividade, durante e despois da actividade.
- Funcións e tarefas do persoal técnico:
 - Antes do inicio da actividade, durante e despois da actividade.
- Procedementos de comunicación de cambios, necesidades ou continxencias, entre persoal técnico.
- Xestión básica dunha escola.
- Métodos de promoción da EV.
- Parámetros de calidade dunha escola de vela:
 - Sistemas de xestión.
 - Estándares de ensino.
 - Recursos humanos.
 - Recursos materiais, didácticos e de seguridade.
 - Seguros.
- Nivel da aprendizaxe alcanzada polos/as alumnos/as.
- Nivel de satisfacción dos/as alumnos/as.

* Módulo específico de ensino deportivo: Competicións e eventos a vela

Código: MED-VEVE202

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Concreta a temporalización dos eventos náuticos, analizando as características dos clubs náuticos e a oportunidade no programa de actividades.

a) Aplicáronse criterios técnicos e organizativos na análise do calendario de competicións das RFEV e FFDDAA e na identificación do momento máis axeitado para a organización de eventos náuticos.

b) Describíronse os requisitos dos clubs náuticos e a súa vinculación ás FFDDAA e RFEV.

c) Analizáronse os medios básicos de que debe dispor un club náutico, segundo a RFEV, para o desenvolvemento dun evento náutico nas diferentes modalidades da navegación a vela.

d) Explicouse a organización básica que necesita un club náutico, segundo a RFEV, para o desenvolvemento das diferentes competicións e eventos das distintas modalidades da vela.

e) Analizáronse os instrumentos de promoción da vela que poden utilizar os clubs deportivos.

f) Identificáronse os beneficios que achega a organización de eventos aos clubs deportivos e á promoción das modalidades da vela.

g) Valorouse a importancia da promoción das diferentes modalidades de vela dentro dos obxectivos dun club náutico.

2. Xestiona e organiza eventos de vela de promoción e iniciación deportiva, dun club náutico, analizando as características e requisitos materiais e humanos dos eventos de acordo coa clase e coas características técnicas dos percorridos.

a) Realizouse un orzamento que valore os custos dun suposto de evento deportivo de promoción e iniciación da vela ou actividade.

b) Analizouse a viabilidade do proxecto do evento deportivo de promoción e iniciación da vela en relación co orzamento.

c) Identificáronse as fontes de financiamento dun evento de promoción ou iniciación da vela.

d) Seleccionáronse os requisitos administrativos que se cumpren para a organización dun evento náutico de iniciación á vela.

e) Concretouse a xestión de patrocinios e publicidade que avalen un evento deportivo de iniciación á vela.

f) Determináronse as necesidades de persoal, material e loxística necesaria para o desenvolvemento do evento ou actividade de iniciación á vela.

g) Analizáronse as funcións de distribución, colocación e aloxamento de participantes nun suposto práctico de organización do evento deportivo de promoción e iniciación da vela.

h) Analizáronse os criterios para a elaboración do calendario e a distribución das probas, de ser o caso, que integran o evento a vela de promoción e iniciación á vela.

i) Valorouse a importancia de preparar con antelación os aspectos organizativos e de financiamento nun evento de promoción e iniciación á vela.

j) Seleccionouse un percorrido deste nivel, atendendo ás características da embarcación e da área de navegación.

k) Enumeráronse as características dos diferentes tipos de percorridos nas competicións de promoción e iniciación á vela con AF e AL.

l) Descríbíronse as características das áreas de navegación das competicións deste nivel.

3. Colabora na xestión, organización e desenvolvemento de eventos a vela de tecnificación, analizando as condicións de organización dos eventos e o regulamento de competición.

a) Identificáronse os recursos humanos e materiais necesarios na realización dun evento a vela de tecnificación.

b) Descríbíronse os labores e funcionamento da secretaría e oficina de regatas dunha competición de tecnificación.

c) Descríbíronse as necesidades de aloxamento de regatistas e apoios materiais a eles/as antes e durante unha competición de tecnificación.

d) Descríbíronse as necesidades de organización dunha regata: instalacións e organigrama, formatos e percorridos elixidos, estrutura do salvamento.

e) Analizáronse as condicións que deben reunir os clubs ou entidades organizadoras na organización de regatas oficiais, seguindo a guía da RFEV.

f) Analizáronse as condicións das regatas oficiais, a redacción de anuncio e instrucións de regata, a solicitude e adxudicación dela, seguindo o Regulamento de competicións da guía da RFEV.

g) Analizouse a normativa sobre protección do medio de salvamento marítimo, aplicables á organización de eventos a vela no nivel de tecnificación.

h) Descríbíronse as obrigas da entidade organizadora, clubs e federacións deportivas, coordinador/a de seguridade na organización de regatas oficiais, seguindo o Real decreto 62/2008, do 25 de xaneiro.

i) Xustificouse a importancia de respectar e cumprir a normativa vixente como factor de calidade e seguridade na organización de eventos a vela de tecnificación.

4. Recolle a información sobre o desenvolvemento do evento deportivo de promoción e iniciación á vela, analizando os sistemas de recollida de datos, documentación utilizable e aplicando técnicas para o seu procesamento e arquivo.

a) Interpretáronse os instrumentos de recollida de información na análise e control dos aspectos organizativos e loxísticos dos eventos e regatas de vela.

b) Descríbíronse as características dos informes de regata, elaborados polo comité organizador, sobre o desenvolvemento técnico e loxístico dos eventos de vela.

c) Interpretouse o modelo de informe da RFEV, realizado polo comité de regatas.

d) Analizouse a información sobre o desenvolvemento técnico e loxístico dos eventos e regatas de vela, aplicando as técnicas de cálculo e tratamento estatístico axeitadas.

e) Clasificáronse as posibles incidencias que poden xurdir durante o desenvolvemento dos eventos e regatas a vela, relacionándoas coas decisións que se deban tomar e as súas consecuencias.

f) Describíronse os sistemas de recollida de información durante o desenvolvemento dunha regata ou evento a vela.

g) Xustificouse a recollida e análise da información como base da mellora continua na organización de eventos e regatas a vela.

Contidos básicos:

1. Concreta a temporalización dos eventos náuticos analizando as características dos clubs náuticos e a oportunidade no programa de actividades.

- Análise dos calendarios de regatas da RFEV e FFDDAA.
- Requisitos e medios que teñen que ter os clubs seguindo o Regulamento de competicións, de acordo coa guía da RFEV.
- Organización dos clubs seguindo os estatutos da RFEV.
- Estrutura dun club náutico, organigrama.
- Instrumentos de promoción que utilizarán os clubs náuticos.
- Procedemento de xestión de licenzas: regulamento de licenzas RFEV e FFDDAA.
- Beneficios obtidos polos clubs coa realización de eventos.
- Importancia para os clubs da promoción da vela.

2. Xestiona e organiza eventos de vela de promoción e iniciación deportiva dun club náutico, analizando as características e requisitos materiais e humanos dos eventos de acordo coa clase e as características técnicas dos percorridos.

- Procedementos de elaboración de orzamentos.
- Procedementos e fontes de financiamento.

- Viabilidade do proxecto.
 - Requisitos administrativos: regulamento de competicións e guía da RFEV.
 - Organización e xestión de actividades e eventos:
 - Calendario de probas da competición.
 - Xestión de patrocinadores e publicidade.
 - Seguridade.
 - Recursos materiais e humanos necesarios.
 - Distribución, colocación e aloxamento dos/as participantes.
 - Funcións dos distintos compoñentes da organización dunha competición ou evento deportivo.
 - Percorridos de competición seguindo a guía da RFEV.
 - Regulamento de regatas a vela:
 - K-Guía para o anuncio de regatas.
 - L-Guía para as instrucións de regata.
3. Colabora na xestión, organización e desenvolvemento de eventos a vela de tecnificación, analizando as condicións de organización dos eventos e o regulamento de competición.
- Recursos humanos e materiais necesarios para a realización dos eventos.
 - Dirección técnica en desenvolvemento de competicións e eventos en vela.
 - Organización de eventos (Oficina de regatas, secretaría, xestión de aloxamento).
 - A organización de regatas oficiais, seguindo a guía da RFEV: normativa de aplicación.

- Organización de regatas:
 - Instalacións e organigrama.
 - Formatos e percorridos de competición.
 - Salvamento.
 - Regulamento de competicións da guía da RFEV.
 - Regulamento de regatas a vela: organización de regatas.
 - Normativa de salvamento marítimo sobre protección do medio.
 - A realización de eventos deportivos seguindo o Real decreto 62/2008, do 25 de xaneiro: normativa de aplicación.
4. Recolle a información sobre o desenvolvemento do evento deportivo de promoción e iniciación á vela, analizando os sistemas de recollida de datos, a documentación utilizable e aplicando técnicas para o procesamento e arquivo.
- Instrumentos de recollida de información (a observación, a enquisa e o cuestionario).
 - Informes elaborados polo comité organizador da regata, sobre infraestrutura e orzamento de gastos e ingresos.
 - Modelos de informe da RFEV, realizado polo comité de regatas.
 - Análise de datos, interpretación da información e os cuestionarios (criterios de selección e de valoración), confidencialidade dos datos.
 - Incidencias durante a realización do evento ou regata a vela. Recollida e análise de información, actuacións para resolvelas.
 - Cuestionarios de avaliación de incidencias e decisións tomadas.
 - Sistemas de información no desenvolvemento dunha regata ou evento a vela.
 - Análise da información para a mellora continua da organización de eventos e regatas a vela.

* Módulo específico de ensino deportivo: Seguridade na navegación a vela

Código: MED-VEVE203

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica as condicións de seguridade da navegación na etapa de tecnificación, interpretando as normas de seguridade e protección ambiental que son de aplicación.

a) Establecéronse, a partir da normativa vixente, as medidas de protección e seguridade persoal na navegación con embarcacións de vela.

b) Explicáronse situacións de prioridade nunha navegación marítima a partir da regulamentación internacional vixente para previr as abordaxes na mar.

c) Interpretáronse as normas de seguridade e de sinalización de portos, embarcacións, luces, praias e outras zonas de navegación ou acceso, aplicables á navegación con embarcacións de recreo.

d) Describíronse métodos de advertencia e localización que se utilizan en situacións de perigo, emitindo sinais acústicos e visuais de socorro en función da normativa vixente.

e) Describíronse as recomendacións de Salvamento Marítimo con respecto á protección do medio e as medidas de prevención da contaminación.

f) Describíronse as previsións legais aplicables á navegación a vela, sobre seguridade en eventos e competicións deportivas, seguindo o Real decreto 62/2008, do 25 de xaneiro.

g) Xustificouse a importancia do coñecemento e respecto das normas aplicables á navegación na seguridade do/a navegante.

2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de aparello fixo e aparello libre en condicións de navegación propias do adestramento na tecnificación deportiva, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate.

a) Describíronse os medios de seguridade necesarios durante o adestramento na tecnificación da navegación con embarcacións a vela con aparello fixo e libre.

b) Describíronse e empregáronse, as funcións básicas do GPS para a identificación da posición, marcación, lista de waypoint, e navegación.

c) Describiuse a manobra de rescate dun home á auga utilizando o GPS.

d) Analizáronse as diferentes técnicas de recuperación de náufragos/as en cruceiro.

e) Describíronse as manobras de remolque con barcos de ata 12 m. de eslora.

f) Valorouse a importancia dunha preparación continua do/a navegante, respecto das técnicas de rescate de persoas e embarcacións.

3. Resolve situacións de urxencia no goberno de embarcacións de recreo de motor e vela, ata 12 metros de eslora e potencia de motor axeitada para navegacións realizadas entre a costa e a liña de 12 millas paralela a ela, identificando as funcións do/a patrón/patroa de embarcacións de recreo, analizando as medidas que se deben tomar e as características das situacións de urxencia.

a) Describíronse as atribucións do/a patrón/patroa de embarcacións do estribo de recreo seguindo a normativa vixente.

b) Describíronse as medidas que se deben tomar na embarcación, durante a navegación con mal tempo.

c) Describíronse as accións que se deben tomar na embarcación durante unha tormenta eléctrica.

d) Describíronse as precaucións que se deben tomar na embarcación durante a navegación con baixa visibilidade.

e) Describiuse o material de seguridade para embarcacións de recreo, seguindo a regulamentación establecida para a zona C.

f) Describíronse as medidas que se deben tomar na embarcación se se produce unha varada involuntaria.

g) Describíronse as medidas que se deben tomar na embarcación, durante a navegación en caso de producirse unha vía de auga.

h) Describíronse as normas e a forma sobre prevención de incendios e explosións, na embarcación, así como a forma de proceder.

- i) Describíronse a estrutura e composición da Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo.
 - j) Xustificouse a necesidade duns coñecementos básicos na formación dos/as patróns/patroas de embarcacións de recreo.
4. Emprega aparatos de comunicación, demostrando as súas características, aplicando técnicas de preparación e mantemento dos aparatos e analizando os sistemas e códigos de comunicación axeitados á navegación.
- a) Describíronse as funcións básicas dunha comunicación.
 - b) Describíronse as características dos sistemas obrigatorios de comunicación en función da zona onde se desenvolve a navegación.
 - c) Describíronse e respectáronse os procedementos e protocolos no emprego da radiofonía.
 - d) Identificáronse as características das bandas de emisión, canle 16 VHF ou a frecuencia 2.182 de onda media.
 - e) Describíronse os procedementos de enlace, canle de chamada, cos barcos e clubs náuticos.
 - f) Describíronse as características das mensaxes de urxencia, socorro e seguridade, así como a súa frecuencia de emisión.
 - g) Describíronse as características dos servizos: radio médica, avisos os/as navegantes, avisos de temporal, boletíns meteorolóxicos e o protocolo de contacto coa costeira.
 - h) Describíronse e executáronse os procedementos básicos de almacenamento e mantemento preventivo dos medios de comunicación.
 - i) Elixíronse e preparáronse os medios de comunicación para un suposto de navegación con embarcacións de ata 12 m. de eslora.
 - j) Mostrouse curiosidade e interese polas innovacións tecnolóxicas.
 - k) Interiorizouse a importancia da preparación e do mantemento dos medios de comunicación.

5. Dirixe a navegación da embarcación, interpretando as cartas de navegación, aplicando as técnicas e procedementos axeitados, así como os instrumentos de navegación, para situarse na carta.

a) Describíronse as cartas de navegación e portulanos, interpretando os seus signos e abreviaturas.

b) Explicáronse os distintos conceptos de: meridiano, paralelo e escalas de lonxitude e latitude.

c) Explicáronse as distintas clases de rumbos, así como a corrección total e a súa utilización na navegación marítima.

d) Realizáronse enfilacións, demoras, distancias, isóbatas, liñas de posición, trazándose na carta de navegación.

e) Empregáronse as enfilacións, demoras e sondas no trazado das liñas de posición de seguridade na carta de navegación.

f) Trazáronse e medíronse as demoras e enfilacións nunha carta, co transportador.

g) Trazáronse o rumbo axeitado para pasar a unha distancia segura da costa e os perigos.

h) Describíronse as axudas á navegación, marcas, luces e sinais marítimos.

i) Describíronse os conceptos da navegación por estima.

j) Explicouse a utilización da corredeira para o control da velocidade durante a navegación.

k) Explicouse a utilización da sonda para o control da profundidade durante a navegación.

l) Explicouse a utilización dos indicadores do vento para colocar axeitadamente as velas durante a navegación.

m) Explicouse a utilización do compás electrónico para coñecer o rumbo ao cal navegamos.

n) Xustificouse a importancia dunha preparación da navegación como factor da súa seguridade e eficacia.

6. Controla e organiza a seguridade da práctica deportiva da vela e das instalacións deportivas utilizadas, interpretando e analizando a normativa de aplicación e as medidas de protección do medio.

a) Describíronse as características e procedementos que se deben seguir para a análise e interpretación do plan de seguridade ante situacións de urxencia no transcurso da celebración dunha competición a vela de tecnificación, identificando os medios necesarios.

b) Describiuse a sinalización de seguridade necesaria nas instalacións náuticas.

c) Detallouse como realizar o control da seguridade pasiva de barcos, persoas, material etc.

d) Detallouse como realizar a organización dun plan de urxencia e evacuación das instalacións náuticas.

e) Valorouse a importancia de establecer e executar os plans de urxencia e evacuación nunha instalación deportiva de vela.

f) Describiuse como realizar a organización e control das persoas de seguridade e o material utilizado.

g) Describiuse como realizar a preparación da loxística necesaria do plan de actuación de salvamento na auga.

h) Describiuse como dar as instrucións ao equipo de salvamento.

i) Valorouse a importancia das medidas de protección do medio na práctica deportiva de vela.

j) Describíronse as medidas de protección do medio nas instalacións náuticas.

k) Valorouse a importancia da formación permanente do persoal técnico, na resolución de situacións de perigo.

l) Valorouse a importancia da redución de residuos, apoio á reciclaxe e a súa reutilización nos labores de mantemento e conservación do material.

Contidos básicos:

1. Identifica as condicións de seguridade da navegación na etapa de tecnificación, interpretando as normas de seguridade e protección ambiental que son de aplicación.

- Regulamento e sinais:
 - Regulamento internacional para previr as abordaxes na mar. Regras 1 a 37 e anexo IV.
 - Regulamento de policía de portos: extracto das normas que afectan as embarcacións de recreo respecto ao tráfico marítimo e navegación interior.
 - Limitacións ás navegacións en praias, lugares próximos á costa, praias balizadas, canles de acceso, reservas marítimas.
 - Prevención da contaminación: prohibicións, recollida de residuos, idea do que afecta as embarcacións de recreo seguindo o disposto no anexo V do convenio MARPOL.
 - Sinais de socorro en situacións de perigo.
- Coñecemento das recomendacións de Salvamento Marítimo con respecto á protección do medio.
- Permisos e autorizacións de acordo coa zona elixida.
- Coñecemento da normativa legal correspondente á seguridade en eventos deportivos seguindo o Real decreto 62/2008, do 25 de xaneiro.

2. Intervén no rescate de persoas e embarcacións de aparello fixo e aparello libre en condicións de navegación propias do adestramento na tecnificación deportiva, aplicando as técnicas e protocolos de axuda e rescate.

- Medios de seguridade durante o adestramento.
- Descrición e utilización do GPS:
 - Pantalla de posición, marcación, waypoint e navegación.
 - Home á auga utilizando GPS (M.O.B.):
 - Función da tecla de home á auga.

- Activación M.O.B.
- Navegación cara a M.O.B.
- Técnicas de recuperación de náufragos/as en cruceiro:
 - Manobra de rescate.
 - Pasos que hai que seguir.
 - Aproximación.
 - Primeiro contacto.
 - Rescate a motor e vela.
 - Consideracións izado a bordo.
- Técnicas de remolque en cruceiro.
- Condicións de seguridade das áreas de navegación.

3. Resolve situacións de urxencia no goberno de embarcacións de recreo de motor e vela, ata 12 metros de eslora e potencia de motor axeitada para navegacións realizadas entre a costa e a liña de 12 millas paralela a ela mesma, identificando as funcións do/a patrón/patroa de embarcacións de recreo, analizando as medidas que se deban tomar e as características das situacións de urxencia.

- Atribucións do título de patrón de embarcacións de recreo, bandeira, prestación de auxilio.

- Medidas que se deban tomar con mal tempo: revisión de zonas estancas, escotillas. Derrota que hai que seguir. Capear ou correr o temporal. Áncora de capa. Manobras ao paso dun chubasco.

- Protección das tormentas eléctricas e influencia no compás.

- Baixa visibilidade: Precaucións na navegación con néboa, reflector de radar, evitar o tráfico marítimo.

- Material de seguridade regulamentario para a zona de navegación C, seguindo a normativa da Mariña Mercante.
 - Caixa para a zona de navegación C, seguindo a normativa da Mariña Mercante.
 - Varada involuntaria, medidas a tomar para saír da embarrancada.
 - Vías de auga e inundación: puntos de maior risco: bucina, limeira do temón, orificio de fondo, manguitos. Bombas de achique.
 - Prevención de incendios e explosións. Lugares de risco. Modo de proceder ao declararse un incendio.
 - Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo. Centros locais rexionais e zonais, colocación e cobertura, forma de contactar con eles.
4. Emprega aparatos de comunicación, demostrando as súas características, aplicando técnicas de preparación e mantemento dos aparatos e analizando os sistemas e códigos de comunicación axeitados á navegación.
- Definicións básicas na comunicación. Terminación dunha transmisión.
 - O emprego da radiofonía: criterios de uso, interferencias, transmisión sen distintivo de identificación.
 - Procedemento de enlace: canle de chamada e de traballo coas estacións de barco, entre barcos e clubs náuticos.
 - Mensaxes de urxencia, socorro e seguridade. Sinal, chamada e mensaxe.
 - Aviso de recepción. Escoita canle 16, períodos de silencio en radiotelefonía.
 - Obrigación de levar o VHF na zona de navegación C.
 - Zonas de navegación seguindo normativa da Mariña Mercante.
 - Servizos especiais: radio médica, avisos os/as navegantes, avisos de temporal, boletíns meteorolóxicos.
 - Os aparatos de comunicación: VHF. Descrición, utilización e mantemento.

5. Dirixe a navegación da embarcación, interpretando as cartas de navegación, aplicando as técnicas e procedementos axeitados, así como os instrumentos de navegación, para situarse na carta.

- Cartas de navegación costeira, recalada, portulanos.
- Meridianos, paralelos, escalas de latitudes e lonxitudes.
- Declinación magnética, desvíos, corrección total.
- Clases de rumbos: verdadeiro, magnético e de agulla.
- Liñas de posición: enfilacións, demoras, distancias, isóbatas.
- Emprego das enfilacións, demoras e sondas como liñas de posición de seguridade.
- Rumbo para pasar a unha distancia determinada da costa ou perigo.
- Axudas á navegación: marcas, luces e sinais marítimos.
- Concepto elemental de navegación por estima gráfica na carta.
- Trazado e medida de demoras e enfilacións co transportador.
- A enfilación e a oposición como demoras verdadeiras. Cálculo da corrección total.
- Instrumentos de navegación: sonda, corredeira, indicadores de vento, compás electrónico.

6. Controla e organiza a seguridade da práctica deportiva da vela e das instalacións deportivas utilizadas, interpretando e analizando a normativa de aplicación e as medidas de protección do medio.

- Análise do plan de seguridade nunha competición ou adestramento de tecnificación, en terra e na auga:
 - Control da sinalización necesaria nas instalacións náuticas.
 - Control da seguridade pasiva (equipamentos, barcos, persoais, revisión material, alumnos/as, persoal técnico).
- Organización do plan de urxencia e evacuación das instalacións.

- Análise dos protocolos de actuación: sucesos e continxencias máis frecuentes.
- Organización e control do persoal de seguridade e do material.
- Embarcacións, tripulacións.
- Preparación da loxística necesaria para o plan de actuación de salvamento na auga:
 - Desde o porto ata a área de regatas.
- Instrucións ao equipo de salvamento:
 - Antes de facerse á mar.
 - Durante o desenvolvemento da proba.
 - Despois de finalizadas as probas.
- A importancia dunha formación permanente e actualizada do persoal técnico na resolución de situacións de perigo.
- Medidas de protección do medio:
 - Aforro e uso eficiente da auga e a enerxía.
 - As afeccións en contorno físico. Redución de residuos, apoio á reciclaxe e reutilización.
- * Módulo específico de ensino deportivo: Preparación física do/a regatista

Código: MED-VEVE204

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Valora a condición física do/a regatista, identificando as capacidades de que depende o seu rendemento en adestramento e competición, aplicando probas e tests de campo e analizando os seus resultados.

a) Identificáronse as capacidades condicionais e coordinativas de que depende a condición física específica do/a regatista en función do tipo de embarcación e rol do/a regatista.

b) Describíronse as características das capacidades condicionais e coordinativas de que depende a condición física específica do/a regatista en función do tipo de embarcación e rol do/a regatista.

c) Establecéronse, elixíronse e aplicáronse diferentes probas e tests para a valoración das diferentes capacidades condicionais e coordinativas, que interveñen no rendemento do/a regatista, durante o adestramento e a competición.

d) Identificáronse os signos indicadores de risco antes e durante a execución das probas ou tests específicos de valoración das capacidades condicionais de que depende a condición física específica do/a regatista.

e) Describíronse as normas de seguridade que se observarán durante a realización de test ou probas específicas de valoración das capacidades condicionais de que depende a condición física específica do/a regatista.

f) Valoráronse, nun suposto práctico de secuencia de medición da condición física específica dun/dunha regatista, os cambios observados nas diferentes medicións xustificando as posibles relacións causa-efecto.

g) Elaboráronse instrumentos para a recollida da información sobre a condición física específica do/a regatista durante o adestramento e a competición (ou práctica deportiva).

h) Describíronse os conceptos estatísticos básicos necesarios para o tratamento da información obtida na valoración da condición física.

i) Aplicáronse as técnicas de tratamento e procesamento estatístico básico da información obtida.

j) Seleccionáronse as técnicas de tratamento estatístico axeitadas ao tipo de información obtida e á finalidade da valoración.

k) Interiorizouse a necesidade de transmitir a información sobre a valoración dos/as deportistas de forma eficaz, discreta e reforzando a súa autoestima.

2. Adapta e concreta ciclos e sesións de adestramento da condición física do/a regatista, analizando a programación de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación e aplicando procedementos.

a) Describíronse os obxectivos de desenvolvemento da condición física do/a regatista e do tipo de competición nas programacións de referencia da etapa de tecnificación deportiva.

b) Identificáronse as funcións dos instrumentos e medios de control da condición física dentro da programación de referencia.

c) Relacionáronse os medios específicos de mellora da condición física do/a regatista, cos obxectivos da programación de referencia.

d) Explicáronse as características dos métodos específicos de desenvolvemento das capacidades condicionais de que depende a condición física específica do/a regatista.

e) Seleccionáronse os sistemas de cuantificación da carga de traballo nos métodos específicos.

f) Definíronse os factores que modifican a carga nos métodos específicos de desenvolvemento da condición física do/a regatista.

g) Seleccionáronse as características específicas dunha sesión de desenvolvemento da condición física do/a regatista.

h) Definíronse, analizáronse e seleccionáronse exercicios específicos para o desenvolvemento das capacidades condicionais e coordinativas requiridas na vela.

i) Analizáronse as características específicas dos distintos ciclos de preparación física dun/dunha regatista, en función da súa situación dentro da programación de referencia e dos seus obxectivos.

j) Elaborouse un ciclo de preparación física completa, a partir dunha programación de referencia, empregando os diferentes tipos de estruturas temporais propias da planificación deportiva, concretando: obxectivos, medios, métodos, instrumentos de control e dinámica da carga.

k) Relacionouse a evolución dun/dunha regatista cos obxectivos previamente establecidos, verificando que o programa de adestramento se axusta a eles.

l) Asumiuse a programación como factor de eficacia e calidade na planificación do adestramento básico do/a regatista.

m) Analizáronse os criterios para a combinación do adestramento físico co adestramento técnico-táctico, concretando unha sesión de preparación física na auga.

3. Dirixe sesións de desenvolvemento da condición física do/a regatista aplicando técnicas de dirección, seguindo unha programación de referencia e aplicando técnicas de autoavaliación.

a) Analizáronse as diferentes técnicas específicas de organización das sesións de desenvolvemento da condición física do/a regatista, tanto en terra como na auga, con especial atención á disposición en función do material, á optimización do espazo e do material e ao mantemento do nivel de práctica programado.

b) Describíronse as características que debe cumprir a información o/a regatista, cando se utilizan métodos de desenvolvemento da condición física do/a regatista.

c) Dirixiuse unha sesión simulada de desenvolvemento da condición física do/a regatista, de acordo co previsto na programación.

d) Analizáronse as incidencias máis habituais nas sesións de desenvolvemento da condición física do/a regatista, relacionándoas coas causas e posibles medidas para a súa solución.

e) Analizáronse as actitudes e accións de motivación máis axeitadas nas sesións de desenvolvemento da condición física do/a regatista.

f) Identificáronse os criterios de calidade na organización e dirección de sesións de desenvolvemento da condición física do/a regatista.

g) Adaptáronse instrumentos para a recollida de información sobre o desempeño persoal do persoal técnico deportivo durante a dirección de sesións de desenvolvemento da condición física do/a regatista.

h) Analizouse o comportamento do persoal técnico deportivo na dirección de sesións de preparación física do/a regatista, utilizando diferentes medios de rexistro da información e identificando os erros e propondo alternativas.

4. Promove prácticas deportivas saudables, analizando os xestos deportivos predominantes e identificando as pautas hixiénicas máis axeitadas nas etapas de iniciación e tecnificación deportiva, para a prevención de lesións e patoloxías propias da navegación a vela con aparello fixo e libre.

a) Detectáronse os aspectos negativos e contraindicacións dos xestos predominantes no nivel de tecnificación a vela con aparello fixo e aparello libre.

b) Descríbíronse as medidas preventivas e de defensa fronte ás condicións da práctica deportiva no nivel de tecnificación a vela con aparello fixo e aparello libre.

c) Analizáronse e puxéronse en práctica actividades de quecemento e arrefriamento específicos do/a regatista.

d) Analizáronse as características das rutinas e programas de preparación física, para a prevención das lesións máis comúns durante a etapa de iniciación e tecnificación.

e) Analizáronse as particularidades dos programas de preparación física orientados ao control e a variación do peso dos/as regatistas.

f) Descríbíronse pautas para unha alimentación e hidratación axeitadas antes, durante e despois da práctica da vela, adaptándoas ao contorno e particularidades do deporte.

Contidos básicos:

1. Valora a condición física do/a regatista, identificando as capacidades de que depende o seu rendemento en adestramento e competición, aplicando probas e tests de campo e analizando os seus resultados.

- Factores condicionais que inciden na forma física e deportiva do/a regatista. Capacidades condicionais e coordinativas: características e importancia seguindo rol e embarcación.

- Instrumentos de recollida de información: probas de nivel, test, cuestionarios, observación. Características e aplicación.

- Elaboración de tests específicos.

- Normas de seguridade; prevención de riscos na elaboración de test.

- Interpretación de resultados.

- Estatística básica: conceptos, análise e interpretación de datos.

- Evolución da forma deportiva.

- Información o/a deportista.

2. Adapta e concreta ciclos e sesións de adestramento da condición física do/a regatista, analizando a programación de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación e aplicando procedementos.

- Obxectivos do desenvolvemento da condición física do/a regatista.
- Medios de control da evolución da condición física do/a regatista.
- Medios e métodos específicos do adestramento do/a regatista: aplicación dos principios de adestramento.
- Cargas de adestramento: aplicación o/a regatista.
- Medios de cuantificación e control da carga de adestramento.
- Periodización da preparación física do/a regatista. Os ciclos de preparación física en vela.
- Sesión de adestramento físico: en terra e na auga.

3. Dirixe sesións de desenvolvemento da condición física do/a regatista aplicando técnicas de dirección, seguindo unha programación de referencia e aplicando técnicas de autoavaliación.

- As sesións de preparación física en terra e na auga: técnicas de organización temporal, espacial, material e do grupo.
- Información o/a regatista no desenvolvemento da sesión.
- A sesión de adestramento da preparación física; incidencias e solucións.
- Papel do persoal técnico no desenvolvemento da sesión de condición física: autoavaliación, actitudes e accións motivadoras.
- A calidade das sesións de preparación física do/a regatista. Criterios, instrumentos de recollida de información.

4. Promove prácticas deportivas saudables, analizando os xestos deportivos predominantes e identificando as pautas hixiénicas máis axeitadas nas etapas de iniciación e tecni-

ficación deportiva, para a prevención de lesións e patoloxías propias da navegación a vela con aparello fixo e móbil.

- Aspectos negativos, contraindicacións e consecuencias na práctica de vela.
- Medidas preventivas.
- Quecemento e volta á calma específicos.
- Características das rutinas e programas para a prevención de lesións.
- Métodos de adestramento orientados á variación e control do peso corporal.
- Pautas de alimentación e hidratación adaptadas á práctica da vela.
- * Módulo específico de ensino deportivo: vela adaptada

Código: MED-VEVE205

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Organiza sesións de iniciación á vela adaptada analizando as necesidades específicas das persoas con discapacidade, interpretando as principais clasificacións funcionais.

a) Describíronse as necesidades propias de cada discapacidade atendendo ao mecanismo funcional afectado e as súas consecuencias a nivel perceptivo motor na práctica da vela adaptada.

b) Identificáronse as principais restricións na participación cara á vela adaptada provocadas polas discapacidades dos/as alumnos/as.

c) Aplicáronse procedementos específicos de recollida de información do comportamento motor da persoa con discapacidade: especialmente en relación co transporte, autonomía no centro onde se realiza a actividade, subir e baixar do barco e as súas habilidades motrices específicas para a práctica da vela adaptada.

d) Aplicáronse as adaptacións metodolóxicas específicas que se deben empregar seguindo o tipo de discapacidade na sesión de iniciación á vela adaptada.

e) Describiuse o concepto de clasificación funcional do/a regatista e o concepto de discapacidade mínima en vela adaptada.

f) Enunciáronse as clasificacións funcionais dos/as regatistas segundo o tipo de discapacidade.

g) Xustificouse a importancia das clasificacións funcionais na homoxeneización dos procesos competitivos na vela adaptada argumentando as diferenzas entre elas.

h) Valorouse a importancia da adaptación da sesión de vela adaptada á discapacidade, simplificando as tarefas na medida que sexa necesario.

i) Valoráronse as vantaxes da vivenciación de situacións de limitación física ou sensorial, na creación de actitudes cara á discapacidade.

j) Identificáronse as limitacións técnicas na navegación a vela mediante a simulación de limitacións físicas ou sensoriais.

2. Dirixe sesións de familiarización e fundamentos básicos da navegación en vela adaptada, analizando as adaptacións no material e as manobras, e interpretando as normas básicas de seguridade aplicables.

a) Analizáronse as condicións mínimas de seguridade que debe cumprir unha embarcación adaptada que poida acoller persoas con discapacidade.

b) Describíronse as condicións en que é necesario realizar actividades en embarcacións de motor previas á navegación a vela.

c) Describíronse as características das actividades en embarcacións de motor, previas á navegación a vela no caso de discapacidades profundas.

d) Establecéronse as diferenzas da embarcación de vela adaptada, as partes que a compoñen, a súa situación e modo de funcionamento.

e) Seleccionáronse manobras básicas de navegación de equilibrio, dirección, propulsión, en calquera tipo de embarcación adaptada, en función do tipo de discapacidade.

f) Analizáronse os canons de seguridade preventiva en función do tipo de discapacidade.

g) Analizáronse as necesidades de recursos humanos na aprendizaxe da vela adaptada, en función do tipo de discapacidade.

h) Seleccionáronse as manobras de seguridade en función do tipo de discapacidade e estableceuse a súa relevancia.

i) Organizáronse actividades para motivar os/as alumnos/as cara á práctica da vela adaptada, tendo en conta as discapacidades destes.

j) Planificáronse estratexias para mellorar a actitude dos/as alumnos/as sen a axeitada predisposición.

k) Preparáronse actividades que premien a boa conduta.

3. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con discapacidade na vela adaptada, identificando as limitacións para a práctica da vela adaptada orixinadas polo contexto.

a) Identificáronse as principais limitacións cara á práctica da vela adaptada provocada pola falta de accesibilidade nas instalacións dos recintos deportivos e espazos sociais.

b) Valorouse a importancia dunha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica da vela adaptada das persoas con discapacidade.

c) Enunciáronse as posibilidades de axudas técnicas específicas atendendo ao tipo de discapacidade dos/as suxeitos.

d) Informouse os/as alumnos/as e familiares dos/as alumnos/as dos beneficios da práctica da vela para as persoas con discapacidade.

e) Identificáronse as principais barreiras arquitectónicas da instalación e adecuáronse medios para salvalas.

f) Organizáronse xogos e exercicios relacionados coa vela adaptada que fomenten a participación.

g) Describíronse as características do material de vela adaptada.

h) Descríbíronse axudas técnicas para a práctica da vela adaptada.

4. Orienta as persoas con discapacidade cara á práctica da vela adaptada recoñecendo a estrutura deste deporte e as fontes de información dispoñibles.

a) Relacionouse a orixe da vela adaptada coa estrutura actual do deporte adaptado.

b) Identificáronse os organismos reguladores da vela adaptada no ámbito internacional, nacional e rexional.

c) Valorouse o papel das institucións (federacións, asociacións, clubs etc.) na organización e fomento da competición, a recreación e a práctica saudable da vela adaptada.

d) Descríbíronse os diferentes programas da vela adaptada que existen para as persoas con discapacidade.

e) Descríbíronse as características dos principais programas de difusión e de desenvolvemento da vela adaptada e do deporte adaptado.

f) Utilizáronse as fontes de información dispoñibles na vela adaptada como recurso básico para orientar os/as deportistas con discapacidade.

g) Valorouse a importancia da promoción da vela adaptada.

Contidos básicos:

1. Organiza sesións de iniciación á vela adaptada analizando as necesidades específicas das persoas con discapacidade.

- Descrición das necesidades propias de cada discapacidade para a práctica da vela adaptada:

- Características específicas.
- Contraindicacións, precaucións que se deben ter en conta.

- Tipo de discapacidade, a súa relación co mecanismo perceptivo motor e as dificultades para a práctica da vela adaptada.

- Valoración inicial das características específicas das persoas con discapacidade para a práctica da vela adaptada.

- Utilización de ferramentas básicas para a recollida de información da aptitude en persoas con discapacidade aplicables á práctica da vela adaptada.

- Adaptacións metodolóxicas na sesión de vela adaptada en función do tipo de discapacidade.

- Accesibilidade das instalacións.

- Inclusión social.

- Axudas técnicas.

2. Organiza sesións teórico-prácticas sobre coñecementos básicos de vela adaptada e fundamentos básicos da navegación, analizando as necesidades das persoas con discapacidade.

- Actividades de familiarización coa auga e co mar.

- Actividades previas en embarcacións de motor para discapacidades profundas.

- Equilibrios sobre superficies flotantes e/ou embarcacións.

- Partes dunha embarcación.

- Nós.

- Rumbos.

- Manobras en diferentes embarcacións.

- A importancia das adaptacións metodolóxicas e a seguridade na iniciación á vela adaptada.

- Organización dos RRHH.

3. Aplica recursos que fomentan a participación de persoas con discapacidade na vela adaptada analizando as características da tarefa, dos materiais, e identificando as limitacións para a práctica da vela adaptada orixinadas polo contexto.

- As vías específicas de incorporación á práctica da vela adaptada de persoas con discapacidade.

- Xustificación da práctica da vela adaptada por persoas con discapacidade como factor clave do seu benestar e calidade de vida.

- Identificación das actitudes na contorna das persoas con discapacidade cara á práctica de vela adaptada.

- Barreiras arquitectónicas nas instalacións deportivas axeitadas para a práctica da vela e espazos sociais.

- Integración e inclusión a través de xogos, tarefas e actividades relacionados coa vela adaptada.

- Identificación e utilización dos mecanismos de adaptación das tarefas, xogos e actividades de vela, ao tipo de discapacidade.

- Vivenciación de situacións de práctica inclusiva para o fomento da participación de persoas con discapacidade nas actividades de vela adaptada.

- Características do material de vela adaptada.

- Axudas técnicas para a práctica da vela adaptada.

- Valoración do papel da integración-inclusión das persoas con discapacidade en xogos e actividades relacionados coa vela adaptada.

4. Orienta as persoas con discapacidade cara á práctica da vela adaptada, recoñecendo a estrutura do deporte da vela e o deporte adaptado e as fontes de información dispoñibles.

- Orixe e historia da vela dirixida a persoas con discapacidade.

- Estrutura do deporte de vela adaptada dentro da organización nacional e internacional do deporte da vela.

- Relación entre as Federacións Internacional e Nacional de Vela, o Comité Paralímpico Internacional, o Comité Paralímpico Español e as Federacións Internacional e Nacional de persoas con discapacidade.

- Special Olympics e outras organizacións.

- Os programas de difusión e desenvolvemento de actividades de vela adaptadas dirixidas a persoas con discapacidade a través de federacións territoriais de vela e federacións territoriais de persoas con discapacidade física.

- O papel do tecido asociativo de persoas con discapacidade na difusión da práctica da vela adaptada.

- As principais fontes de información sobre as actividades de vela adaptada dirixidas a persoas con discapacidade.

- A integración a través das escolas de vela adaptada.

- * Módulo específico de ensino deportivo: Perfeccionamento técnico-táctico da vela con AF

Código: MED-VEAF206

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Valora o rendemento do/a regatista no adestramento e durante a competición na etapa de tecnificación deportiva de vela con aparello fixo, analizando estándares técnicos e as situacións tácticas, elaborando secuencias da aprendizaxe e relacionando os erros de execución coas súas causas.

a) Explicáronse os factores técnicos e tácticos de que depende o rendemento deportivo do/a regatista en vela con aparello fixo durante a etapa de tecnificación deportiva.

b) Analizáronse estándares técnicos do/a regatista, segundo a RFEV, propios da modalidade de vela con aparello fixo durante esta etapa.

c) Identificáronse os elementos que definen a complexidade de estándares técnicos, propios desta etapa de vela con aparello fixo.

d) Identificáronse os elementos que definen a complexidade dos esquemas tácticos utilizados nas competicións desta etapa.

e) Descompuxéronse as manobras en movementos máis sinxelos para unha sesión de adestramento do/a regatista.

f) Empregáronse instrumentos para a representación gráfica dos exercicios que se utilizan para alcanzar os obxectivos técnico-tácticos.

g) Elaboráronse instrumentos de recollida da información sobre o comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello fixo.

h) Preparáronse e aplicáronse medios audiovisuais para a recollida de datos e a análise do comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello fixo.

i) Describíronse os erros tipo no comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello fixo.

j) Relacionáronse os erros no comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello fixo, coas posibles causas e as tarefas para solucionarlas.

k) Analizouse a execución das manobras que realiza o/a regatista, identificando as características técnico-tácticas da mesma.

l) Xustificouse a importancia da valoración e a análise do comportamento técnico-táctico do/a regatista, dentro das funcións do persoal técnico deportivo.

2. Adapta e concreta os ciclos e sesións de adestramento do/a regatista, analizando as programacións de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación e aplicando procedementos.

a) Describíronse os obxectivos técnicos e tácticos do/a regatista e as características das programacións de referencia da etapa de tecnificación deportiva.

b) Analizouse un suposto de calendario de competicións, clasificándoas de acordo coa súa función dentro do programa de adestramento de referencia.

c) Analizáronse as características específicas das diferentes fases ou ciclos de preparación dun/dunha regatista, en función da súa situación dentro da programación de referencia e dos seus obxectivos.

d) Relacionáronse os medios e recursos materiais do adestramento técnico-táctico do/a regatista, cos obxectivos da programación de referencia.

e) Elaborouse un ciclo ou etapa de preparación completa, a partir dunha programación de referencia, concretando: obxectivos, medios, métodos e instrumentos de control.

f) Descríbóronse as características dos métodos da aprendizaxe utilizados nas sesións de tecnificación en vela con AF.

g) Descríbóronse as características dos recursos materiais e didácticos necesarios na aprendizaxe dos movementos óptimos dunha manobra.

h) Descríbóronse as fases dunha sesión de tecnificación da vela con AF e as características das actividades alternativas á sesión.

i) Elaborouse unha sesión de traballo de tecnificación de vela con AF, a partir da programación dun ciclo ou etapa, concretando: os obxectivos da sesión, os medios e recursos utilizables, os métodos e secuencias da aprendizaxe e as actividades alternativas.

j) Valorouse a programación anticipada como factor de calidade dun programa de adestramento do/a regatista.

k) Valorouse a importancia da revisión continua do traballo realizado como factor de mellora da calidade dos programas de adestramento do/a regatista.

3. Dirixe sesións de adestramento do/a regatista, demostrando as técnicas propias deste nivel, analizando e aplicando as técnicas de dirección e organización e aplicando técnicas de autoavaliación.

a) Identificáronse as secuencias da aprendizaxe en vela con aparello fixo que fan necesaria a demostración da tarefa por parte do persoal técnico deportivo.

b) Demostráronse as manobras en vela con aparello fixo propias do nivel de tecnificación, sinalando os aspectos máis importantes para a súa aprendizaxe.

c) Analizáronse as diferentes técnicas específicas de organización das sesións de preparación técnica do/a regatista.

d) Dirixiuse unha sesión simulada de preparación técnica do/a regatista, de acordo co previsto na programación.

e) Analizáronse as incidencias máis habituais nas sesións de preparación técnica, relacionándoas coas causas e posibles medidas para a súa solución.

f) Identificáronse os criterios de calidade na organización e dirección de sesións de preparación técnica do/a regatista.

g) Describiuse a colocación do/a adestrador/a durante o desenvolvemento da regata ou adestramento.

h) Adaptáronse instrumentos de recollida da información sobre o desempeño persoal do persoal técnico deportivo durante a dirección de sesións de preparación técnica do/a regatista.

i) Analizouse e valorouse a importancia de manter a motivación do/a regatista a través da participación activa do persoal técnico.

4. Dirixe o/a regatista en competicións, analizando os factores que condicionan o rendemento, así como o regulamento de regatas a vela e o regulamento de competición, seleccionando as estratexias de intervención e coidados o/a deportista.

a) Describíronse os aspectos administrativos, loxísticos e normativos a ter en conta na preparación da participación nunha regata do nivel de tecnificación a vela con embarcacións de AF.

b) Describíronse as funcións do persoal técnico deportivo nas competicións de tecnificación deportiva en vela con aparello fixo.

c) Analizouse o regulamento de competición en vela con aparello fixo identificando as súas limitacións técnico-tácticas.

d) Aplicouse, nun suposto práctico de competición, o contido do regulamento de regatas a vela das partes:

III-Condución dunha regata.

IV-Outros requisitos durante a regata.

V-Protestas, reparacións, audiencias e apelacións.

VI-Inscripción e cualificación.

e) Aplicáronse, nun suposto práctico de competición, os contidos do regulamento de regatas a vela das partes :

Puntuación.

F-Procedementos de apelación.

G-Identificación nas velas.

J-Anuncio de regata e instrucións de regata.

P-Penalizacións inmediatas por infraccións á regra 42.

f) Definíronse os modelos tácticos posibles en función das características da competición e da área de navegación en vela con aparello fixo.

g) Establecéronse os criterios técnicos de optimización do resultado do/a regatista, nun suposto práctico de competición a vela con AF.

h) Describiuse a colocación do persoal técnico para facilitar a comunicación das súas instrucións cos/coas tripulantes, previndo posibles interferencias, nun suposto práctico de regata ou competición a vela.

i) Valorouse a importancia do quecemento previo do/a regatista nunha proba de competición en vela con aparello fixo.

5. Elabora o deseño técnico da área de navegación da competición, analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos e medios acuáticos, os mapas meteorolóxicos, o regulamento da proba, as características dos percorridos e aplicando procedementos establecidos.

a) Interpretáronse e seleccionáronse as limitacións que para a área de navegación e dos esquemas de percorridos establecen a guía da Real Federación Española de Vela e o regulamento de regatas a vela.

b) Describíronse e definíronse áreas de navegación e os percorridos, en función da dificultade e das clases da competición dentro da tecnificación deportiva.

c) Analizáronse a influencia da orografía na área de regatas, así como a batimetría da zona.

d) Elaboráronse áreas de navegación e os esquemas de percorridos da modalidade vela con aparello fixo, seguindo o regulamento de regatas a vela.

e) Aplicáronse procedementos de montaxe dos percorridos de regatas, tendo en conta os riscos e perigos da área de navegación.

f) Explicáronse as características dos sistemas meteorolóxicos, masas de aires, frontes e mapas do tempo.

g) Aplicáronse técnicas de medición do vento, indicando as forzas e os efectos que inflúen nel.

h) Aplicáronse técnicas de cálculo da altura, período e lonxitude das ondas, así como a súa relación coa intensidade do vento, na área de navegación.

i) Aplicáronse técnicas de cálculo da marea e medición da corrente na área de navegación.

j) Interpretáronse os boletíns de predición marítima da zona, así como os avisos de temporal, para a programación das actividades de navegación.

k) Interpretouse unha carta náutica e identificáronse as correntes para realizar o deseño da área de navegación.

l) Leuse e interpretouse un mapa meteorolóxico identificando os datos relevantes para a predición que afecta a navegación a vela.

m) Valorouse a importancia da previsión meteorolóxica na calidade do deseño dunha área de navegación.

Contidos básicos:

1. Valora o rendemento do/a regatista no adestramento e durante a competición na etapa de tecnificación deportiva, analizando estándares técnicos e as situacións tácticas, elaborando secuencias da aprendizaxe e relacionando os erros de execución coas súas causas.

- Factores técnico-tácticos que condicionan o rendemento do/a regatista.

- Estándares técnico-tácticos na tecnificación en vela con aparello fixo:
 - Técnicas de navegación.
 - Técnica de manobras.
 - Táctica.
- Análise dos elementos que constitúen os diversos estándares técnicos.
- Descomposición das manobras e movementos técnicos en movementos máis sinxelos.
- Instrumentos de representación gráfica.
- Instrumentos de recollida de información:
 - Clasificacións.
 - Pasos de baliza.
 - Ficha de actividade no mar.
 - Ficha de actividade persoal.
- Medios audiovisuais (vídeos, gravadoras).
- Análise da execución das manobras e os movementos técnicos na auga.
- Erros tipo no comportamento técnico e táctico. Causas e solucións:
 - Fallo na virada.
 - Fallo na virada en redondo.
 - Fallo na toma de balizas.
 - Fallo na saída.
 - Fallo nas marcaxes.

- Fallo na aproximación a balizas.

- Fallo no cambio de velas.

2. Adapta e concreta os ciclos e sesións de adestramento do/a regatista, analizando as programacións de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación e aplicando procedementos.

- Obxectivos técnicos e tácticos do/a regatista en tecnificación.

- Organización dunha tempada deportiva de vela:

- Programación e organización dos períodos de adestramento.

- Programación e organización dos períodos de competición.

- Períodos de descanso.

- Análise do calendario de competición e clasificación das regatas no programa de adestramento.

- Análise dos criterios de selección de regatas do calendario de competición.

- Sesións de adestramento de navegación con embarcacións con aparello fixo:

- Obxectivos da sesión.

- Fases dunha sesión de adestramento.

- Métodos da aprendizaxe.

- Medios e recursos materiais.

- Actividades alternativas ás sesións de adestramento.

- Métodos da aprendizaxe na etapa de tecnificación da vela con AF.

- Características da aprendizaxe dos movementos óptimos nas manobras. Paso a paso. Conscientemente. Estudo de distintas alternativas en terra e na auga.

- Características da automatización:
 - En condicións favorables, individualmente, sen fatiga.
 - Introducir dificultades (fatiga, competidores/as, contra reloxo).
- Procura do movemento óptimo das manobras e movementos:
 - Documentación (vídeos, libros).
 - Observación (vídeos das manobras propias).
 - Capacidade de análise e reflexión.
- Actividades adaptadas á tipoloxía e expectativas dos/as deportistas.

3. Dirixe sesións de adestramento do/a regatista, demostrando as técnicas propias deste nivel, analizando e aplicando as técnicas de dirección e organización e aplicando técnicas de autoavaliación.

- Execución de estándares técnicos que se pretende alcanzar na etapa da tecnificación, vocabulario técnico.

- Formularios que hai que utilizar para o rexistro dos resultados da actividade.
- Técnicas de organización de sesións de preparación técnica do/a regatista.
- Dirección de sesións de tecnificación de vela con aparello fixo.
- Criterios de calidade na organización e dirección de sesións de preparación técnica do/a regatista.
- Colocación do/a adestrador/a:
 - Percepción e comprensión das súas indicacións.
 - Visualización constante do campo de prácticas e dos/as deportistas.
 - Máxima eficiencia nas súas intervencións.

- Enquisas de valoración do persoal técnico.
- Incidencias nas sesións de preparación técnica:
 - Roturas.
 - Modificación de regraxes.
 - Envorcamentos, endereitamento.
 - Lesións dos/as regatistas.
- Motivación do/a regatista en adestramentos e competicións.

4. Dirixe o/a regatista en competicións, analizando os factores que condicionan o rendemento, así como o regulamento de regatas a vela e o regulamento de competición, seleccionando as estratexias de intervención e coidados o/a deportista na zona da regata.

- Planificación da participación nunha regata:
 - Normativa que caracteriza este tipo de regatas e permisos máis frecuentes.
 - Obxectivos temporalizados e obxectivo final.
 - Medios e recursos humanos e materiais.
 - Calendario de participación, cronogramas e número de regatas que se programan.
 - Avaliación do rendemento do/a tripulante e as competicións participadas.
- Funcións do persoal técnico na dirección do/a regatista en competicións.
- Colocación do persoal técnico para facilitar a comunicación das súas instrucións cos/coas tripulantes, tendo en conta a regulamentación.
- Estratexia de competición, modelos tácticos.
- Criterios para optimizar o resultado da regata.
- Rexistro de datos para a avaliación durante a competición.

- Regulamento de regatas a vela:
 - Parte 3, condución dunha regata.
 - Parte 4, outros requisitos durante a proba.
 - Parte 5, protestas, reparacións, audiencias, mal comportamento e apelacións.
 - Parte 6, inscrición e cualificación.
 - Apéndices: A, F, G, J e P.
- Regulamento de competición da guía da RFEV.
- Técnicas de quecemento previo do/a regatista.

5. Elabora o deseño técnico da área de navegación da competición, analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos e medios acuáticos, mapas meteorolóxicos, regulamento da proba, as características dos percorridos e aplicando procedementos establecidos.

- O campo de regatas na carta. Situación en función do vento e da orografía da zona:
 - Carta náutica, compás de puntas, regra, transportador, lapis.
 - Influencia da orografía no campo de regatas.
 - Batimetría da zona.
 - Obstáculos.
- Características das áreas de navegación e dos percorridos:
 - Regras de clase.
 - Regulamento de regatas a vela.
 - Normas da zona da autoridade portuaria.

- Criterios de selección da área de navegación:
 - Clase en que se vai competir.
 - Perfil do litoral da costa.
 - Profundidade da zona, baixos, mareas.
 - Ventos predominantes, térmicas.
- Esquemas de percorridos seguindo o regulamento de regatas a vela:
 - Percorrido barlovento-sotavento.
 - Percorrido barlovento-sotavento-triángulo.
 - Percorridos trapezoidais.
- Formatos de competición e percorridos, seguindo a guía da RFEV.
- Percorridos de regatas-procedementos de montaxe:
 - Na auga: GPS e equipo de vento, método de balizamento con GPS, control de área.
 - Técnicas de fondeo. Establecemento da liña de saída. Procedemento de saída.
 - Cambio de percorrido.
 - Funcións dos/as oficiais de regata. Barco do comité, visores, auxiliares, balizadores/as.
 - Comunicacións: con terra, co comité, cos/coas visores, cos/coas balizadores.
- Sistemas meteorolóxicos. Masas de aire. Frontes. Borrascas e anticiclóns, traxectorias. Mapas do tempo.
- O vento. Observación do vento. Forzas que inflúen no vento: gradiente de presión e forza de Coriolis. Brisas costeiras.
- Mar de vento: a súa relación coa intensidade do vento. Fecht e persistencia. Altura, período e lonxitude das ondas. Mar de fondo.

- Marea, corrente e a súa situación na carta, medición da corrente, estratexia con corrente, altura, coeficiente. Estudo estatístico do vento na zona.

- Previsión meteorolóxica:

- Fontes de información meteorolóxica. Avisos de temporal. Previsión con barómetro e termómetro. Chuvascos de choiva ou vento. Indicios.

- Procedementos para localizar riscos e perigos na área de navegación.

- Importancia do tempo meteorolóxico na seguridade da navegación.

- * Módulo específico de ensino deportivo: Posta a punto do material de AF

Código: MED-VEAF207

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Selecciona as clases de embarcación a vela con aparello fixo axeitada o/a navegante, analizando as características técnicas e regulamentarias das diferentes clases e as súas condicionantes técnicas e relacionándoas coas características dos/as navegantes.

a) Describiuse o regulamento de seccións e clases da guía da RFEV.

b) Descríronse e analizáronse as características técnicas das clases de embarcacións utilizadas na tecnificación a vela de aparello fixo.

c) Descríronse as regras de clase, das embarcacións utilizadas na tecnificación a vela con aparello fixo e as súas consecuencias nas características do/a regatista.

d) Aplicáronse criterios de selección das tripulacións axeitadas a cada embarcación, tendo en conta as características do barco (individual, colectivo), así como a da tripulación (peso, idade).

e) Analizáronse os principios físicos da mecánica de fluídos, estática (presión, forza) e dinámica (movemento, fluxo), aplicable á navegación a vela.

f) Analizáronse as características fundamentais do sistema vento-vela na navegación con embarcacións a vela con aparello fixo.

g) Analizáronse as características fundamentais das forzas de impulso e resistencia, así como a súa composición.

h) Analizáronse as características fundamentais do fluxo da auga, sobre a orza ou quilla e sobre o temón.

i) Analizouse a escora que se produce no barco e os mecanismos para contrarrestala.

j) Valorouse a importancia da análise das características da embarcación, do/a regatista e do regulamento e a súa relación.

2. Realiza a posta a punto e a regraxa das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo, seleccionando e aplicando as técnicas propias da posta a punto e da regraxa.

a) Identificáronse e describíronse as características dos diferentes elementos das embarcacións con aparello fixo que poden ser reguladas ou postas a punto.

b) Describíronse as diferentes accións de posta a punto e regraxa dos aparellos dunha embarcación de tecnificación a vela con aparello fixo, relacionándoas coas condicións de navegación: forza do vento, ondada, correntes.

c) Realizouse a posta a punto do casco e as súas ferraxes, así como da orza e o temón.

d) Preparouse e colocouse o pau, tendo en conta as características das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo.

e) Realizouse a medida de: caída do pau e a súa tensión, a apertura das crucetas e a súa lonxitude.

f) Realizouse a regraxa da maior (Cunningham, puxame, pata de galo, cuñas, trapa) tendo en conta as condicións ambientais dun suposto de navegación a vela con embarcacións de aparello fixo.

g) Realizouse a regraxa do foque (contraescota, Cunningham) tendo en conta as condicións ambientais dun suposto de navegación a vela con embarcacións de aparello fixo.

h) Realizouse o pulido das superficies molladas das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo.

i) Descríbóñse as formas das velas que se utilizan nas embarcacións de tecnificación a vela.

j) Descríbiuse e realizouse a regaxe dos sabres.

k) Comprobouse o funcionamento dos instrumentos de navegación.

l) Xustificouse a importancia da posta a punto das embarcacións como factor que melloira o rendemento deportivo na navegación con embarcacións a vela con aparello fixo.

3. Realiza o mantemento das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo, describindo os coidados necesarios e aplicando as accións de reparación axeitadas.

a) Descríbóñse as características e compatibilidade dos materiais: metálicos, madeiras e similares, fibras, resinas e derivados, utilizados nas embarcacións e aparellos das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo.

b) Descríbóñse e preparáronse os materiais que se utilizan para a reparación de pequenas avarías que poidan xurdir durante a competición.

c) Descríbóñse as características do mantemento e executáronse as técnicas de reparación dos materiais metálicos, madeiras e similares utilizados nas embarcacións e aparellos das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo.

d) Descríbóñse as características do mantemento e executáronse as técnicas de reparación de fibras, resinas e derivados utilizados nas embarcacións e aparellos das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo.

e) Descríbóñse as características dos tecidos utilizados na confección das velas utilizadas en tecnificación.

f) Descríbóñse as características do mantemento e executáronse as técnicas de reparación das velas utilizadas nas embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo.

g) Descríbóñse os protocolos de revisión das embarcacións, compartimentos estancos, aparellos e equipos de navegación antes e despois de realizar a actividade.

h) Revisouse e/ou substituíuse a o conxunto de cabos, drizas, escotas e os nós, en caso de necesidade despois do seu uso e funcionamento.

i) Descríbóñse os protocolos de comprobación e limpeza do circuíto de refrixeración, bomba da auga e aceite de cola, do motor da embarcación de seguridade e dos cruceiros.

j) Descríbóñse accións de limpeza de filtros, depósitos de combustible, bomba de auga, circuíto de refrixeración e mantemento de baterías da embarcación de seguridade e dos cruceiros.

k) Valorouse a importancia da revisión e mantemento das embarcacións, aparellos e equipamentos no rendemento deportivo.

l) Xustificouse a previsión como factor de seguridade na navegación a vela.

m) Descríbóñse as características da ITB (Inspección técnica de embarcacións) e a súa aplicación.

4. Almacena e transporta os materiais e embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo, seleccionando as condicións de almacenaxe e aplicando as técnicas axeitadas.

a) Descríbóñse os criterios e as condicións que se utilizan no almacenamento e a conservación, varada e internaxe do material, equipamento de navegante e embarcacións.

b) Descríbóñse as características das infraestruturas de almacenamento e conservación do material e as embarcacións.

c) Valorouse a importancia da almacenaxe e conservación na prolongación da vida útil das embarcacións e material de navegación.

d) Descríbóñse as características dos medios necesarios para o transporte de embarcacións e material utilizado na tecnificación a vela con aparello fixo.

e) Descríbóñse a normativa aplicable ao transporte de embarcacións e o material utilizado na tecnificación a vela con aparello fixo.

f) Seleccionáronse e aplicáronse as técnicas de unión da embarcación e o material aos medios de transporte utilizados.

g) Descríbóñse as condicións de seguridade que se deben considerar no transporte das embarcacións e o material.

h) Valorouse a importancia da seguridade nas operacións de transporte e almacenaxe das embarcacións e o material utilizado na tecnificación a vela con aparello fixo.

Contidos básicos:

1. Selecciona as clases de embarcación a vela con aparello fixo axeitada o/a navegante, analizando as características técnicas e regulamentarias das diferentes clases e as súas condicionantes técnicas, relacionándoas coas características dos/as navegantes.

- Regulamento de seccións e clases, guía da RFEV.
- Deseño de embarcacións: regras de clase e características, dos barcos de tecnificación.
- Medicións das embarcacións e aparellos, conceptos xerais.
- Táboas de regrexes e medidas (foque, maior, pesos) das embarcacións de tecnificación.
- A mecánica de fluídos.
- As características da dinámica do sistema vento-vela:
 - Fluxo sobre as velas, presión.
 - Interacción maior e foque, fluxo, forzas.
 - Ángulo de incidencia.
 - Forzas de impulso e resistencia, composición.
- O fluxo sobre a orza, quilla e temón.
- A escora: características, como se contrarresta.
- Criterios de selección do barco e da tripulación: parámetros e calidades que hai que ter en conta. Roles nun barco de cruceiro.

2. Realiza a posta a punto e a regraxa das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo, analizando as características das embarcacións e seleccionando e aplicando as técnicas propias da posta a punto e da regraxa.

- Posta a punto:
 - Pé de mastro (base do pau), situación (distancia).

- Regulación orza e temón. Simetrías.
- Crucetas.
- Pulido das superficies molladas.
- Regraxa:
 - Caída do pau e tensión. Simetrías.
 - Tensión estai e backestai.
 - Regraxa da maior (driza, escota, carro, Cunningham, puxame, pata de galo, cuñas, trapa).
 - Regraxa do foque (contraescota, Cunningham, carro).
 - Regraxa do spinnaker e genaker.
- Formas das velas e as súas regraxas:
 - Profundidade das velas.
 - Situación da bolsa.
 - Twist.
 - Forma do grátil.
 - Forma da baluma.
 - Tensión dos sabres, medidas.
- O funcionamento dos instrumentos de navegación. Protocolos de comprobación:
 - Equipamento de vento.
 - Compás.
 - Corredeira, sonda, anemómetro.

- GPS-plotter.

3. Realiza o mantemento das embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo, describindo os coidados necesarios e aplicando as accións de reparación axeitadas.

- Materiais utilizados: remaches, nicoprés, masillas para madeira e fibra, fibras, resinas, catalizadores e acelerantes, pinturas de acabados, reforzos estruturais. Procedementos de lixados, tipos de lixas. Microbalóns, silica. Espuma expansiva. Tecidos das velas, grames. Composición: Dracon, Mylar, Kevlar, Carbono, Monofilm.

- Protocolos e técnicas de limpeza dos materiais.

- Protocolos de revisión:

- Conxunto de cabos e/ou substitución en caso de necesidade, despois do seu uso.

- Os selados de tapóns e tambuches en caso de degradación dos materiais. Revisión e substitución.

- As superficies molladas, casco, orza, temón. Tipos e formas de acabado.

- As partes fixas do barco, mordazas, parafusos etc.

- Instalación eléctrica.

- Circuitos da auga, baños.

- Funcionamento dos instrumentos de navegación.

- Técnicas de reparación e mantemento:

- Pequenas roturas: casco, orza, temón etc.

- Materiais metálicos. (Mastros con ou sen enxarcia). Enxarcia, firme ou de labor. Ferraxes.

- Madeiras e similares. Conservación e reparación de orzas, temóns. Laminados, reforzos.

◦ Fibras, resinas e derivados. Procedementos de reparación: enmasillado, lixado, laminado.

• Velas: costuras, balumas, distinto tipo de parches etc.

• Conxunto de cabos.

• Motores:

◦ Comprobación e limpeza do circuíto de refrixeración.

◦ Comprobación e limpeza da bomba de auga.

◦ Limpeza de filtros.

◦ Comprobación aceite da cola-hélice.

◦ Limpeza do depósito de combustible.

◦ Mantemento das baterías.

4. Almacena e transporta os materiais e embarcacións de tecnificación a vela con aparello fixo, seleccionando as condicións de almacenaxe e aplicando as técnicas axeitadas.

• Almacenamento:

◦ Estibación das velas, orza, temón, pau, botavara, cascos.

◦ Lugar seguro: concepto, características e beneficios da correcta almacenaxe.

◦ Infraestrutura de almacenamento. Técnicas de almacenaxe, protección e unión das embarcacións e o material.

• Transporte de embarcacións con aparello fixo. Medios: remolques de estrada, carros de varada, bacas, técnicas de unión.

• A seguridade no transporte de embarcacións con aparello fixo: normativa e código de circulación, coidados durante a carga e o transporte.

* Módulo específico de ensino deportivo: Formación práctica

Código: MED-VEAF208

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do centro deportivo de prácticas de navegación a vela con aparello fixo, relacionándoa coa oferta de actividades de especialización, tecnificación deportiva e perfeccionamento técnico en vela con aparello fixo e as actividades de xestión deste e aplicando os procedementos e protocolos de seguridade na práctica.

a) Identificouse a estrutura da organización deportiva local e autonómica e as súas relacións co club náutico, escola de vela ou centro náutico.

b) Identificáronse as relacións do centro de prácticas coa Real Federación Española de Vela.

c) Identificouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do centro deportivo de prácticas de navegación a vela con aparello fixo.

d) Identificáronse as relacións xerárquicas dentro do centro deportivo de prácticas de navegación a vela con aparello fixo.

e) Identificouse a oferta de actividades vinculadas á tecnificación deportiva e o perfeccionamento técnico da navegación a vela con aparello fixo.

f) Identificáronse as vías de financiamento económico utilizadas polo centro de prácticas de navegación a vela con aparello fixo.

g) Distinguiuse a oferta de actividades orientada á especialización, tecnificación deportiva ou perfeccionamento técnico de navegación a vela nas mulleres.

h) Mantívose unha actitude clara de respecto ao medio nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas a ela.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo medio e aplicando os procedementos establecidos pola empresa.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizouse do traballo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do club náutico, escola de vela ou entidade deportiva.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club náutico, escola de vela ou entidade deportiva.

e) Estableceuse unha comunicación e relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os membros do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevista que se presente na actividade.

3. Controla a seguridade na práctica de tecnificación en vela con aparello fixo, supervisando as instalacións e medios utilizados, interpretando a normativa e aplicando os procedementos e protocolos de acordo coa normativa e instrucións establecidas.

a) Identificáronse os aspectos básicos de seguridade, plans de urxencia e evacuación das áreas de navegación e instalacións náuticas do centro de prácticas e a súa adecuación á súa normativa de aplicación.

b) Identificáronse as normas de aplicación á seguridade das instalacións náuticas do centro de prácticas de navegación a vela con aparello fixo.

c) Actuouse atendendo á seguridade persoal, do equipo de traballo e dos/as usuarios/as, cumprindo coa normativa vixente e cos protocolos establecidos no club náutico, escola de vela ou centro náutico de prácticas de navegación a vela con aparello fixo.

d) Aplicáronse/utilizáronse os equipamentos de prevención de riscos laborais propios da tecnificación en vela con aparello fixo.

e) Aplicáronse os aspectos fundamentais da Lei de prevención de riscos laborais, relacionados coas actividades, competicións e eventos da tecnificación en vela con aparello fixo.

f) Identificáronse e aplicáronse as medidas de protección do medio das áreas de navegación e instalacións náuticas e a súa adecuación á normativa vixente.

- g) Realizouse a manobra de rescate dun home á auga utilizando o GPS.
- h) Realizáronse as diferentes técnicas de recuperación de náufragos/as en cruceiro.
- i) Realizáronse as manobras de remolque con barcos de ata 12 metros.

4. Organiza, acompaña e dirixe os/as deportistas na súa participación en actividades, competicións e outros eventos de tecnificación en vela con aparello fixo, transmitindo actitudes e valores, persoais e sociais, propios da ética deportiva: respecto aos demais, ao contorno e ao propio corpo, xogo limpo e traballo en equipo.

a) Realizouse a inscrición do/a regatista ou grupo de regatistas nunha competición de tecnificación deportiva en vela con aparello fixo, de acordo cos protocolos e normas establecidos.

b) Realizáronse as operacións de xestión do seguro de accidente e actividade dun grupo de regatistas que participan nunha regata a vela con aparello fixo, de acordo coas instrucións e normas recibidas.

c) Recoñeceuse e xustificouse a responsabilidade do persoal técnico nos desprazamentos dos/as regatistas para asistir a unha competición.

d) Elaborouse o plan de viaxe dun/dunha regatista ou grupo de regatistas que participa nunha competición de tecnificación en vela con aparello fixo, aplicando as instrucións e procedementos establecidos.

e) Comprobase a cobertura legal do/a regatista, durante a súa participación na competición, de acordo coa normativa establecida.

f) Informouse o/a regatista das características da competición, interpretando a documentación sobre ela.

g) Aplicáronse procedementos de reclamación nunha competición de tecnificación en vela con aparello fixo, aplicando os protocolos e as regras establecidas.

h) Aplicáronse criterios de valoración da execución técnico-táctica do/a regatista, utilizando técnicas e procedementos de observación axeitadas ao nivel de tecnificación en vela con aparello fixo.

i) Trasládáronse o/a regatista as instrucións técnicas e tácticas durante a competición de tecnificación en vela con aparello fixo, tendo en conta as características da competición e do/a regatista.

j) Acompañouse os/as regatistas nas competicións, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

k) Velouse polo respecto aos valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e aos demais, durante a participación na competición de tecnificación deportiva en vela, aplicando os procedementos axeitados e respectando as súas normas.

5. Adapta e concreta os programas e dirixe as sesións de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello fixo, interpretando a información recibida, aplicando as técnicas e procedementos de acordo coas instrucións e normas establecidas e colaborando na aplicación de técnicas de detección de talentos.

a) Identificáronse e seleccionáronse os medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

b) Recibiuse o/a regatista seguindo o protocolo establecido e identificando as súas demandas e necesidades.

c) Aplicáronse técnicas e protocolos de valoración técnica e da condición motriz propios do/a regatista do nivel de tecnificación en vela con aparello fixo, valorando o seu estado inicial, o grao de consecución dos obxectivos propostos e os erros cometidos.

d) Identificáronse e seleccionáronse os obxectivos técnicos e de preparación da condición motriz do/a regatista a partir da programación de referencia do centro náutico.

e) Aplicáronse protocolos de control e cuantificación da carga de adestramento dun/dunha regatista ou grupo de regatistas nas sesións de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello fixo.

f) Colaborouse na aplicación de técnicas de detección de talentos propias da tecnificación en vela con aparello fixo.

g) Establecéronse as condicións de seguridade necesarias na tecnificación deportiva, interpretando as instrucións ou normas e aplicando os procedementos establecidos.

h) Elaborouse un/unha ciclo/etapa de preparación completa dun/dunha regatista ou grupo de regatistas a partir da programación de referencia do centro náutico, concretando:

- Obxectivos de preparación e/ou competición.

- Medios de adestramento.

- Instrumentos de control.

- Carga de traballo e a súa dinámica durante o ciclo.

- Métodos de adestramento.

- Sesións de adestramento.

- E adecuándose ás características do/a regatista ou grupo de regatistas e os medios de adestramento existentes.

i) Explicáronse os contidos da sesión de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello fixo, seguindo os protocolos e as técnicas establecidas de forma clara e motivadora.

j) Dirixiuse a sesión de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello fixo, solucionando as continxencias existentes, aplicando técnicas de dinámica de grupos e de motivación axeitadas o/a regatista e ao grupo de regatistas.

6. Organiza sesións de iniciación deportiva en vela con aparello fixo para persoas con discapacidade, aplicando recursos que fomenten a súa participación en función das súas limitacións.

a) Valorouse a importancia de atender as características únicas da persoa con discapacidade previamente á realización da práctica de navegación a vela con aparello fixo.

b) Orientouse as persoas con discapacidade cara ás prácticas de navegación a vela máis axeitadas en cada caso.

c) Determináronse axudas técnicas e as medidas de seguridade específicas seguindo os diferentes tipos de discapacidade e as características da práctica deportiva da navegación a vela con aparello fixo.

d) Establecéronse as principais orientacións metodolóxicas en relación a comunicación e coa participación na tarefa das persoas con discapacidade.

e) Aplicáronse procedementos de adaptación/modificación das tarefas e xogos favorecendo a participación, o goce e as posibilidades de éxito de persoas con discapacidade na práctica da vela con aparello fixo.

f) Identifícanse as principais limitacións cara á práctica provocadas pola falta de accesibilidade nas instalacións e espazos deportivos no centro náutico de prácticas.

g) Examináronse as limitacións orixinadas pola falta de acceso á información da oferta deportiva da navegación a vela e a difusión da práctica no centro náutico de prácticas.

h) Propiciouse unha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica deportiva da navegación a vela de persoas con discapacidade.

7. Coordina o proceso de iniciación deportiva en vela con aparello fixo, elaborando as programacións de referencia, analizando a estrutura da escola de iniciación á navegación a vela e aplicando os procedementos e técnicas axeitadas.

a) Identificouse a estrutura e funcións da escola de iniciación á navegación a vela con aparello fixo no centro de prácticas.

b) Realizáronse funcións e aplicáronse protocolos de coordinación do persoal técnico de iniciación deportiva en vela con aparello fixo no centro de prácticas.

c) Identificáronse as necesidades materiais e humanas da escola de iniciación en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

d) Identificáronse estándares técnicos do programa de iniciación a vela con aparello fixo do centro de prácticas.

e) Elaborouse un programa de iniciación deportiva en vela con aparello fixo de acordo coas características do grupo, da contorna e a programación do centro de prácticas.

8. Dirixe e deseña áreas de navegación e percorridos, identificando as condicións e medios necesarios, aplicando os procedementos e técnicas específicas e respectando os protocolos de seguridade e a normativa ambiental, en navegación a vela con aparello fixo.

a) Identificáronse as características das áreas de navegación e percorridos que utiliza o centro deportivo de prácticas, recoñecendo entre outras:

- O nivel de dificultade.
- O nivel dos/as usuarios/as.
- Os medios necesarios.
- Os percorridos alternativos.
- Posibles zonas de reunión.

b) Determinouse a dificultade técnica dun percorrido para navegación a vela con aparello fixo e as técnicas necesarias de superación.

c) Determináronse os riscos dunha área de navegación, así como as técnicas necesarias para a súa axeitada xestión.

d) Identificáronse as características ambientais e a normativa de protección que deben cumprir as áreas de navegación e percorridos utilizados polo centro de prácticas.

e) Analizáronse e elaboráronse áreas e percorridos de navegación e as súas actividades complementarias en función das características da zona, das embarcacións de aparello fixo e dos obxectivos do centro de prácticas.

f) Aplicáronse protocolos e técnicas de revisión das áreas de navegación e percorridos utilizados polo centro de prácticas.

g) Guiouse a un grupo de regatistas por un percorrido de regatas aplicando as técnicas específicas e respectando as normas e procedementos de seguridade establecidos polo centro de prácticas.

9. Colabora na organización de actividades e competicións de tecnificación en vela con aparello fixo, interpretando instrucións e normas relacionadas, identificando e preparando os medios necesarios e aplicando os procedementos establecidos.

a) Identificouse o calendario de actividades, eventos e regatas de iniciación ou tecnificación deportiva en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

b) Seleccionouse a información necesaria na organización dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

c) Realizáronse operacións de xestión e organización dos espazos, materiais e recursos humanos dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

d) Aplicáronse técnicas de recollida de información sobre os aspectos organizativos e loxísticos dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

e) Realizáronse operacións de distribución, colocación e aloxamento de participantes asistentes nun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

f) Realizáronse operacións de apoio administrativo á organización dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

g) Elaboráronse os documentos informativos dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello fixo do centro de prácticas.

ANEXO IV

Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo final de grao medio en vela con aparello libre

Obxectivos xerais:

a) Executar técnicas de goberno de embarcacións a vela con aparello libre, coa seguridade suficiente e tomando conciencia do realizado, para servir de modelo no proceso de ensino-aprendizaxe da tecnificación á navegación a vela con embarcacións de aparello libre, en condicións de vento superior a 10 nós.

b) Identificar e detectar as características técnicas, físicas e psicolóxicas e da competición, aplicando procedementos establecidos, para valorar e seleccionar o/a regatista na etapa de tecnificación deportiva en vela con embarcacións de aparello libre.

c) Analizar a execución técnica no nivel de tecnificación, utilizando procedementos establecidos e comparando a execución técnica con estándares de perfeccionamento á nave-

gación deportiva a vela con embarcacións de aparello libre para valorar a execución dos/as deportistas e determinar o seu nivel.

d) Analizar e interpretar a programación de referencia do adestramento básico do/a regatista de embarcacións a vela con aparello libre, elixindo e deseñando tarefas e aplicando métodos establecidos, para adaptar e concretar a sesión de adestramento básico.

e) Analizar e interpretar a programación de referencia do perfeccionamento técnico de vela con aparello libre elixindo e deseñando tarefas e aplicando métodos establecidos, para adaptar e concretar os programas específicos de tecnificación deportiva.

f) Estructurar, elaborar e describir os obxectivos e contidos do ensino da vela con aparello libre aplicando metodoloxías específicas, tendo en conta os principios da aprendizaxe motora e da práctica saudable, para deseñar programas de iniciación á vela con aparello libre.

g) Analizar as características da zona navegable, así como as cartas náuticas e mapas meteorolóxicos, para deseñar as áreas de navegación a vela con aparello libre.

h) Elixir e demostrar as técnicas de dirección e procedementos de control das continxencias, aplicando instrumentos de observación e control e resolvendo supostos, para dinamizar sesións de adestramento e perfeccionamento á navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello libre.

i) Seleccionar, comprobar, almacenar e axustar os materiais náuticos e embarcacións propias da tecnificación deportiva a vela con embarcacións de aparello libre, aplicando os procedementos establecidos, operando cos instrumentos de reparación e mantemento, para facilitar a dispoñibilidade e a axeitada utilización dos medios necesarios.

j) Identificar e describir as variables que interveñen no proceso da tecnificación deportiva a vela con embarcacións de aparello libre, aplicando os procedementos de recollida e valoración da información, para avaliar o devandito proceso.

k) Identificar as condicións de seguridade das instalacións, as áreas de navegación e medios propios da tecnificación deportiva a vela con embarcacións de aparello libre, aplicando procedementos establecidos e a normativa vixente, para controlar a seguridade na práctica neste nivel.

l) Elixir e demostrar as técnicas de axuda e rescate de embarcacións e persoas, aplicando os procedementos establecidos, para intervir en situacións de risco.

m) Analizar os aspectos técnicos e tácticos propios da competición de tecnificación en vela con aparello libre, aplicando procedementos establecidos e tendo en conta as características dos/as regatistas e a regulamentación oficial, para acompañar e dirixir os/as regatistas nas competicións deste nivel.

n) Analizar e elaborar a estrutura organizativa das competicións e eventos propios do nivel de iniciación á vela con aparello libre, e identificar as características organizativas de competicións de nivel de tecnificación á vela con aparello libre, enumerando os requisitos administrativos, os medios materiais e humanos necesarios, aplicando o marco legal que os regula, para organizar e colaborar na xestión de competicións e eventos.

o) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/as deportistas, para transmitir valores propios da navegación deportiva a vela con embarcacións de aparello libre a través do comportamento ético persoal.

p) Recoñecer e promover os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo as actitudes que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.

q) Identificar e describir os principios que fundamentan o traballo en equipo, sendo consciente da importancia do liderado e a comunicación, para manter a iniciativa e autonomía dentro do grupo de traballo.

r) Identificar e describir as características básicas das principais discapacidades, seguindo os procedementos da actuación establecidos e fixando as condicións básicas de relación e comunicación, para facilitar a integración e normalización das persoas con discapacidade.

s) Identificar e analizar as características organizativas e medios materiais e humanos, aplicando procedementos establecidos de xestión e comunicación, para coordinar outro persoal técnico encargado da iniciación á vela con aparello libre.

Os módulos citados a continuación, tanto comúns como específicos, compártense entre o ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo e o ciclo final de grao medio en vela con aparello libre e desenvólvense, na súa totalidade dentro do anexo II:

- Módulo común de ensino deportivo: Bases da aprendizaxe deportiva. Código: MED-C201.
- Módulo común de ensino deportivo: Bases do adestramento deportivo. Código: MED-C202.
- Módulo común de ensino deportivo: Deporte adaptado e discapacidade. Código: MED-C203.
- Módulo común de ensino deportivo: Organización e lexislación deportiva. Código MED-C204.
- Módulo común de ensino deportivo: Xénero e deporte. Código: MED-C205.
- Módulo específico de ensino deportivo: Escola de vela. Código: MED-VEVE201.
- Módulo específico de ensino deportivo: Competicións e eventos a vela. Código: MED-VEVE202.
- Módulo específico de ensino deportivo: Seguridade na navegación a vela. Código: MED-VEVE203.
- Módulo específico de ensino deportivo: Preparación física do/a regatista. Código: MED-VEVE204.
- Módulo específico de ensino deportivo: vela adaptada. Código: MED-VEVE205.
- * Módulo específico de ensino deportivo: Perfeccionamento técnico-táctico da vela con AL
Código: MED-VEAL209

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Valora o rendemento do/a regatista no adestramento e durante a competición na etapa de tecnificación deportiva, analizando estándares técnicos e as situacións tácticas, elaborando secuencias da aprendizaxe e relacionando os erros de execución coas súas causas.

a) Explicáronse os factores técnicos, tácticos, físicos e psicolóxicos de que depende o rendemento deportivo do/a regatista en vela con aparello libre durante a etapa de tecnificación deportiva.

b) Analizáronse estándares técnicos do/a regatista, propios da modalidade de vela con aparello libre durante esta etapa.

c) Identificáronse os elementos que definen a complexidade de estándares técnicos, propios desta etapa de vela con aparello libre.

d) Identificáronse os elementos que definen a complexidade dos esquemas tácticos utilizados nas competicións desta etapa.

e) Descompuxéronse as manobras en movementos máis sinxelos para unha sesión de adestramento do/a regatista.

f) Empregáronse instrumentos para a representación gráfica dos exercicios que se utilizan para alcanzar os obxectivos técnico-tácticos.

g) Elaboráronse instrumentos para a recollida de información sobre o comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello libre.

h) Preparáronse e aplicáronse medios audiovisuais para a recollida de datos e a análise do comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello libre.

i) Describíronse os erros tipo no comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello libre.

j) Relacionáronse os erros no comportamento técnico-táctico do/a regatista durante o adestramento e a competición en vela con aparello libre, coas posibles causas e as tarefas para solucionarlas.

k) Analizouse a execución das manobras que realiza o/a regatista, identificando as súas características técnicas e tácticas.

l) Xustificouse a importancia da valoración e a análise do comportamento técnico-táctico do/a regatista, dentro das funcións do persoal técnico deportivo.

2. Adapta e concreta os ciclos e sesións de adestramento do/a regatista, analizando as programacións de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación e aplicando os procedementos.

a) Describíronse os obxectivos técnicos e tácticos do/a regatista nas programacións de referencia da etapa de tecnificación deportiva.

b) Analizouse un suposto de calendario de competicións, clasificándoas de acordo coa súa función dentro do programa de adestramento de referencia.

c) Analizáronse os criterios de selección das competicións en función dos obxectivos e do momento da tempada, e das características da competición.

d) Analizáronse as características específicas das/os diferentes fases/ciclos de preparación dun/dunha regatista, en función da súa situación dentro da programación de referencia e os seus obxectivos.

e) Relacionáronse os medios e recursos materiais do adestramento técnico-táctico do/a regatista cos obxectivos da programación de referencia.

f) Elaborouse un ciclo ou etapa de preparación completa, a partir dunha programación de referencia, concretando: obxectivos, medios, métodos e instrumentos de control.

g) Describíronse as características dos métodos da aprendizaxe utilizados nas sesións de tecnificación en vela con AL.

h) Describíronse as características dos recursos materiais e didácticos necesarios na aprendizaxe dos movementos óptimos dunha manobra.

i) Describíronse as fases dunha sesión de tecnificación da vela con AL.

j) Elaborouse unha sesión de traballo de tecnificación de vela con AL, a partir da programación dun ciclo ou etapa, concretando: os obxectivos da sesión, os medios e recursos utilizables, os métodos e secuencias da aprendizaxe e as actividades alternativas.

k) Valorouse a programación anticipada como factor de calidade dun programa de adestramento do/a regatista.

l) Valorouse a importancia da revisión continua do traballo realizado como factor de mellora da calidade dos programas de adestramento do/a regatista.

3. Dirixe sesións de adestramento do/a regatista, demostrando as técnicas propias deste nivel, analizando e aplicando as técnicas de dirección e organización e aplicando técnicas de autoavaliación.

a) Identificáronse as secuencias da aprendizaxe en vela con aparello libre que fan necesaria a demostración da tarefa por parte do persoal técnico deportivo.

b) Demostráronse as manobras en vela con aparello libre propias do nivel de tecnificación, sinalando os aspectos máis importantes para a súa aprendizaxe.

c) Analizáronse as diferentes técnicas específicas de organización das sesións de preparación técnica do/a regatista.

d) Dirixiuse unha sesión simulada de preparación técnica do/a regatista, de acordo co previsto na programación.

e) Analizáronse as incidencias máis habituais nas sesións de preparación técnica, relacionándoas coas causas e posibles medidas para a súa solución.

f) Identificáronse os criterios de calidade na organización e dirección de sesións de preparación técnica do/a regatista.

g) Describiuse a colocación do/a adestrador/a durante o desenvolvemento da regata ou adestramento.

h) Adaptáronse instrumentos para a recollida de información sobre o desempeño persoal do persoal técnico deportivo durante a dirección de sesións de preparación técnica do/a regatista.

i) Analizouse e valorouse a importancia de manter a motivación do/a regatista a través da participación activa do persoal técnico.

4. Dirixe o/a regatista en competicións, analizando os factores que condicionan o rendemento, así como o regulamento de regatas a vela e o regulamento de competición, seleccionando as estratexias de intervención e coidados o/a deportista.

a) Describíronse os aspectos administrativos, loxísticos e normativos que hai que ter en conta na preparación da participación nunha regata do nivel de tecnificación a vela con embarcacións de AL.

b) Describíronse as funcións do persoal técnico deportivo nas competicións de tecnificación deportiva en vela con aparello libre.

c) Analizouse o regulamento de competición a vela con aparello libre identificando as súas limitacións técnico-tácticas.

d) Aplícase nun suposto práctico de competición o contido do regulamento de regatas a vela das partes:

- III-Condución dunha regata.
- IV-Outros requisitos durante a regata.
- V-Protestas, reparacións, audiencias e apelacións.
- VI-Inscripción e cualificación.

e) Aplícanse, nun suposto práctico de competición, os contidos do regulamento de regatas a vela das partes:

- A-Puntuación.
- B-Regras de competición de windsurf.
- F-Procedementos de apelación.
- G-Identificación nas velas.
- J-Anuncio de regata e instrucións de regata.
- P-Penalizacións inmediatas por infraccións á regra 42.

f) Definíronse os modelos tácticos posibles en función das características da competición e da área de navegación en vela con aparello libre.

g) Establecéronse os criterios técnicos de optimización do resultado do/a regatista, nun suposto práctico de competición a vela con AL.

h) Describiuse a colocación do persoal técnico para facilitar a comunicación das súas instrucións cos/coas tripulantes, prevendo posibles interferencias, nun suposto práctico de regata ou competición a vela con AL.

i) Valorouse a importancia do quecemento previo do/a regatista nunha proba de competición en vela con aparello libre.

5. Elabora o deseño técnico da área de navegación da competición analizando: as características hidrográficas dos diferentes tipos e medios acuáticos, os mapas meteorolóxicos, o regulamento da proba, as características dos percorridos e aplicando procedementos establecidos.

a) Interpretáronse e seleccionáronse as limitacións que para a área de navegación e dos esquemas de percorridos establecen a guía da Real Federación Española de Vela e o regulamento de regatas a vela.

b) Describíronse e definíronse as áreas de navegación e os percorridos, en función da dificultade e das clases que van competir.

c) Analizáronse a influencia da orografía na área de regatas, así como a batimetría da zona.

d) Elaboráronse áreas de navegación e os esquemas de percorridos da modalidade vela con aparello fixo, seguindo o regulamento de regatas a vela.

e) Aplicáronse procedementos para a montaxe dos percorridos de regatas, tendo en conta os riscos e perigos da área de navegación.

f) Explicáronse as características dos sistemas meteorolóxicos, masas de aires, frontes e mapas do tempo.

g) Aplicáronse técnicas para a medición do vento, indicando as forzas e os efectos que inflúen nel.

h) Aplicáronse técnicas para o cálculo da altura, período e lonxitude das ondas, así como a súa relación coa intensidade do vento, na área de navegación.

i) Aplicáronse técnicas para o cálculo da marea e medición da corrente na área de navegación.

j) Interpretáronse os boletíns de predición marítima da zona, así como os avisos de temporal, para a programación das actividades de navegación.

k) Interpretouse unha carta náutica e identificáronse as correntes para realizar o deseño da área de navegación.

l) Leuse e interpretouse un mapa meteorolóxico identificando os datos relevantes para a predición que afecta a navegación a vela.

m) Valorouse a importancia da previsión meteorolóxica na calidade do deseño dunha área de navegación.

Contidos básicos:

1. Valora o rendemento do/a regatista no adestramento e durante a competición na etapa de tecnificación deportiva, analizando estándares técnicos e as situacións tácticas, elaborando secuencias da aprendizaxe e relacionando os erros de execución coas súas causas.

- Factores técnicos, tácticos, físicos e psicolóxicos que condicionan o rendemento do/a regatista.

- Estándares técnicos na tecnificación en vela con aparello libre:

- Técnicas de navegación.

- Técnica de manobras.

- Táctica.

- Análise dos elementos que constitúen diversos estándares técnicos.

- Descomposición das manobras e movementos técnicos, en movementos máis sinxelos.

- Instrumentos de representación gráfica.

- Instrumentos de recollida de información:

- Clasificacións.

- Pasos de baliza.

- Ficha de actividade no mar.

- Ficha de actividade persoal.

- Medios audiovisuais (vídeos, gravadoras).
- Análise da execución da manobra e dos movementos técnicos na auga.
- Erros tipo no comportamento técnico e táctico: causas e solucións.
 - Fallo na virada.
 - Fallo na virada en redondo.
 - Fallo na toma de balizas.
 - Fallo na saída.
 - Fallo nas marcaxes.
 - Fallo na aproximación a balizas.

2. Adapta e concreta os ciclos e sesións de adestramento do/a regatista, analizando as programacións de referencia, a metodoloxía, os medios específicos de preparación, aplicando procedementos.

- Obxectivos técnicos, tácticos, físicos e psicolóxicos do/a regatista de tecnificación.
- Organización dunha tempada deportiva de vela:
 - Programación e organización dos períodos de adestramento.
 - Programación e organización dos períodos de competición.
 - Períodos de descanso.
- Análise do calendario de competición e clasificación das regatas no programa de adestramento. Calendario de regatas da RFEV.
 - Análise dos criterios de selección de regatas do calendario de competición.
 - Sesións de adestramento de navegación con embarcacións con aparello libre:
 - Obxectivos da sesión.

- Fases dunha sesión de adestramento.
 - Métodos da aprendizaxe.
 - Medios e recursos materiais.
 - Actividades alternativas ás sesións de adestramento.
 - Métodos da aprendizaxe na etapa de tecnificación da vela con AL.
 - Características da aprendizaxe dos movementos óptimos nas manobras. Paso a paso. Conscientemente. Estudo de distintas alternativas en terra e na auga.
 - Características da automatización:
 - En condicións favorables, individualmente, sen fatiga.
 - Introducir dificultades (fatiga, competidores/as, contra reloxo).
 - Procura do movemento óptimo das manobras e movementos:
 - Documentación (vídeos, libros).
 - Observación (vídeos das manobras propias).
 - Capacidade de análise e reflexión.
 - Actividades adaptadas á tipoloxía e expectativas dos/as deportistas.
3. Dirixe sesións de adestramento do/a regatista, demostrando as técnicas propias deste nivel, analizando e aplicando as técnicas de dirección e organización e aplicando técnicas de autoavaliación.
- Execución de estándares técnicos que se deben alcanzar na etapa da tecnificación, vocabulario técnico.
 - Formularios que se utilizarán para o rexistro dos resultados da actividade.
 - Técnicas de organización de sesións de preparación técnica do/a regatista.

• Criterios de calidade na organización e dirección de sesións de preparación técnica do/a regatista.

• Colocación do/a adestrador/a:

◦ Percepción e comprensión das súas indicacións.

◦ Visualización constante do campo de prácticas e dos/as deportistas.

◦ Máxima eficiencia nas súas intervencións.

• Enquisas de valoración do persoal técnico.

• Incidencias nas sesións de preparación técnica:

◦ Roturas.

◦ Modificación de regrexes.

◦ Enforcamentos, endereitamento.

◦ Lesións dos/as regatistas.

• Motivación do/a regatista en adestramentos e competicións.

4. Dirixe o/a regatista en competicións, analizando os factores que condicionan o rendemento, así como o regulamento de regatas a vela e o regulamento de competición, seleccionando as estratexias de intervención na zona da regata.

• Planificación dunha regata:

◦ Normativa que caracteriza este tipo de competicións e permisos máis frecuentes.

◦ Obxectivos temporalizados e obxectivo final.

◦ Medios e recursos humanos e materiais.

◦ Calendario de participación, cronogramas e número de regatas que se programan.

◦ Forma de avaliar o rendemento do/a tripulante e das regatas participadas.

- Funcións do persoal técnico:

- Dirección técnica da participación dos/as deportistas seguindo as súas características persoais.

- Colocación do persoal técnico para facilitar a comunicación das súas instrucións cos/coas tripulantes, tendo en conta a regulamentación.

- Estratexia de competición, modelos tácticos.

- Criterios para optimizar o resultado da regata.

- Rexistrar os datos para a avaliación durante a competición.

- Regulamento de regatas a vela.

- Parte 3, condución dunha regata.

- Parte 4, outros requisitos durante a proba.

- Parte 5, protestas, reparacións, audiencias, mal comportamento e apelacións.

- Parte 6, inscrición e cualificación.

- Apéndices: A, B, F, G, J e P.

- Regulamento de competición da guía da RFEV.

- Técnicas de quecemento previo do/a regatista.

5. Elabora o deseño técnico da área de navegación da competición, analizando as características hidrográficas dos diferentes tipos e medios acuáticos, mapas meteorolóxicos, regulamento da proba, as características dos percorridos e aplicando procedementos establecidos.

- Situar o campo de regatas na carta, en función do vento e da orografía da zona:

- Carta náutica, compás de puntas, regra, transportador, lapis.

- Influencia da orografía no campo de regatas.

- Batimetría da zona.
- Obstáculos.
- Características das áreas de navegación e dos percorridos:
 - Regras de clase.
 - Regulamento de regatas a vela.
 - Normas da zona da autoridade portuaria.
- Criterios de selección da área de navegación:
 - Clase que vai competir.
 - Perfil do litoral da costa.
 - Profundidade da zona, baixos, mareas.
 - Ventos predominantes, térmicas.
- Esquemas de percorridos seguindo o regulamento de regatas a vela:
 - Percorrido barlovento-sotavento.
 - Percorrido barlovento-sotavento-triángulo.
 - Percorridos trapezoidais.
- Formatos de competición e percorridos, seguindo a guía da RFEV.
- Percorridos de regatas-procedementos de montaxe:
 - Na auga: GPS e equipamento de vento. Método de balizamento con GPS, control de área.
 - Técnicas de fondeo. Establecemento da liña de saída. Procedemento de saída.
 - Cambio de percorrido.

- Funcións dos/as oficiais de regata. Barco do comité, visores, auxiliares, balizadores.
- Comunicacóns: con terra, co comité, cos visores, cos balizadores.
- Sistemas meteorolóxicos. Masas de aire. Frontes. Borrascas e anticiclóns. Mapas do tempo.
- O vento. Observación do vento. Forzas que inflúen no vento: gradiente de presión e forza de Coriolis. Brisas costeiras.
- Mar de vento: a súa relación coa intensidade do vento. Fech e persistencia. Altura, período e lonxitude das ondas. Mar de fondo.
- Marea, corrente e a súa situación na carta, medición da corrente, estratexia con corrente, altura, coeficiente. Estudo estatístico do vento na zona.
- Previsión meteorolóxica:
 - Como obtela. Avisos de temporal. Previsión con barómetro e termómetro. Chuvasco de choiva ou vento. Indicios.
- Procedementos para localizar riscos e perigos na área de navegación.
- Importancia do tempo meteorolóxico na seguridade da navegación.
- * Módulo específico de ensino deportivo: Posta a punto do material de AL

Código: MED-VEAL210

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Selecciona as clases de táboa a vela con aparello libre axeitada o/a navegante, analizando as características técnicas e regulamentarias das diferentes clases e as súas condicionantes técnicas, relacionándoas coas características dos/as navegantes.

a) Describiuse o regulamento de seccións e clases da guía da RFEV.

b) Describíronse e analizáronse as características técnicas das clases de táboas utilizadas na tecnificación a vela de aparello libre.

c) Descríbóronse as regras de clase, das táboas utilizadas na tecnificación a vela con aparello libre e as súas consecuencias nas características do/a regatista.

d) Aplicáronse criterios de selección das tripulacións axeitadas a cada táboa, tendo en conta as características da táboa, do/a tripulante e do tipo de competición.

e) Analizáronse os principios físicos da mecánica de fluídos, estática (presión, forza) e dinámica (movemento, fluxo), aplicable á navegación a vela con aparello libre.

f) Analizáronse as características fundamentais do sistema vento-vela ou na navegación con táboas a vela con aparello libre.

g) Analizáronse as características fundamentais das forzas de impulso e resistencia, así como a súa composición.

h) Analizáronse as características fundamentais do fluxo da auga, sobre a orza e aleta ou aleróns.

i) Valorouse a importancia da análise das características da embarcación, do/a regatista e do regulamento e a súa relación.

2. Realiza a posta a punto e a regraxe das táboas de tecnificación a vela con aparello libre, seleccionando e aplicando as técnicas propias da posta a punto e da regraxe.

a) Identificáronse e describíronse as características dos diferentes elementos das táboas con aparello libre que poden ser reguladas ou postas a punto.

b) Descríbóronse as diferentes accións de posta a punto e regraxe dos aparellos dunha táboa de tecnificación a vela con aparello libre, relacionándoos coas condicións de navegación: forza do vento, ondada, correntes.

c) Realizáronse a posta a punto da táboa, así como da orza e a aleta.

d) Preparouse e colocouse o pau, tendo en conta as características das táboas de tecnificación a vela con aparello libre.

e) Realizouse a regraxe da maior (Cunningham) tendo en conta as condicións meteorolóxicas dun suposto de navegación a vela con aparello libre.

f) Realizouse o pulido das superficies molladas das táboas de tecnificación a vela.

g) Xustificouse a importancia da posta a punto das táboas como factor que mellora o rendemento deportivo na navegación a vela con aparello libre.

h) Describiuse as formas das velas e cometas que se utilizan nas táboas de tecnificación a vela.

i) Describiuse e realizouse a regraxa dos sabres.

3. Realiza o mantemento das táboas de tecnificación a vela con aparello libre, describindo os coidados necesarios e aplicando as accións de reparación axeitadas.

a) Describíronse as características e compatibilidade dos materiais: metálicos, madeiras e similares, fibras, resinas e derivados, utilizados nas táboas e aparellos das táboas de tecnificación a vela con aparello libre.

b) Describíronse e preparáronse os materiais que se utilizan para a reparación de pequenas avarías que poidan xurdir durante a competición.

c) Describíronse as características do mantemento e executáronse as técnicas de reparación dos materiais metálicos e de madeira, utilizados nas táboas e aparellos das embarcacións de tecnificación a vela con aparello libre.

d) Describíronse as características do mantemento e executáronse as técnicas de reparación de fibras, resinas e derivados utilizados nas táboas e aparellos das embarcacións de tecnificación a vela con aparello libre.

e) Describíronse as características dos tecidos utilizados na confección das velas utilizadas en tecnificación.

f) Describíronse as características do mantemento e executáronse as técnicas de reparación das velas utilizadas na tecnificación a vela con aparello libre.

g) Describíronse os protocolos de revisión das táboas, aparellos e equipos de navegación antes e despois de realizar a actividade.

h) Valorouse a importancia da revisión e mantemento das táboas, aparellos e equipamentos no rendemento deportivo.

- i) Xustificouse a previsión como factor de seguridade na navegación a vela.
 - j) Revisouse e/ou substituíuse o conxunto de cabos, drizas, liñas e os nós, en caso de necesidade despois do seu uso e funcionamento.
 - k) Describíronse as características de comprobación e limpeza do circuíto de refrixeración de motores, bomba da auga e aceite de cola, do motor da embarcación de seguridade.
 - l) Describíronse as accións de limpeza de filtros e depósitos de combustible do motor da embarcación de seguridade.
 - m) Describíronse como realizar o mantemento das baterías da embarcación de seguridade.
4. Almacena e transporta os materiais e táboas de aparello libre de tecnificación a vela, seleccionando as condicións de almacenaxe e aplicando as técnicas axeitadas.
- a) Describíronse os criterios e as condicións que se utilizan no almacenamento e a conservación e invernaxe do material, equipo de navegante e táboas.
 - b) Describíronse as características das infraestruturas de almacenamento e conservación do material e das táboas.
 - c) Valorouse a importancia da almacenaxe e conservación na prolongación da vida útil das táboas e material de navegación.
 - d) Describíronse as características dos medios necesarios para o transporte das táboas e material utilizado na tecnificación a vela con aparello libre.
 - e) Describíronse a normativa aplicable ao transporte de táboas e material utilizado na tecnificación a vela con aparello libre.
 - f) Seleccionáronse e aplicáronse as técnicas de unión das táboas e o material, aos medios de transporte utilizados.
 - g) Describíronse as condicións de seguridade que se deben considerar no transporte das táboas e o material.
 - h) Valorouse a importancia da seguridade nas operacións de transporte e almacenaxe das táboas e o material utilizado na tecnificación a vela con aparello libre.

Contidos básicos:

1. Selecciona a clase de táboa a vela con aparello libre axeitada o/a navegante, analizando as características técnicas e regulamentarias das diferentes clases e as súas condicionantes técnicas relacionándoas coas características dos/as navegantes.

- Regulamento de seccións e clases, guía da RFEV.
- Deseño de embarcacións: regras de clase e características das táboas de tecnificación.
- Medición das táboas e aparellos, conceptos xerais.
- Análise da mecánica de fluídos.
- Análise das características da dinámica do sistema vento-vela:
 - Fluxo sobre a vela.
 - Ángulo de incidencia.
 - Forzas de impulso e resistencia, composición.
- Análise do fluxo sobre a orza, quilla ou aleta.

2. Realiza a posta a punto e a regraxa das táboas e aparellos de tecnificación a vela con aparello libre, analizando as características das táboas e seleccionando e aplicando as técnicas propias da posta a punto e da regraxa.

- Posta a punto:
 - Pé de mastro (base do pau), situación (distancia).
 - Regulación orza. Simetrías.
 - Pulido das superficies molladas.
- Regraxa:
 - Regraxa da vela.

- Formas das velas e as súas regraxes:

- Profundidade das velas.
- Colocación da bolsa.
- Forma do grátil.
- Forma da baluma.
- Tensión dos sabres, medidas.

3. Realiza o mantemento das táboas de tecnificación a vela con aparello libre, describindo os coidados necesarios e aplicando as accións de reparación axeitadas.

- Materiais utilizados: remaches, nicoprés, masillas para madeira e fibra, fibras, resinas, catalizadores e acelerantes, pinturas de acabados, reforzos estruturais. Procedementos de lixados, tipos de lixas. Microbalones, silica. Espuma expansiva. Tecidos das velas, gramaxes. Composición: Dracon, Mylar, Kevlar, Carbono, Monofilm.

- Protocolos e técnicas de limpeza dos materiais.
- Protocolos de revisión:
 - Conxunto de cabos e/ou substitución en caso de necesidade, despois do seu uso.
 - As superficies molladas, táboa, orza, alerón. Tipos e formas de acabado.
- Técnicas de reparación e mantemento:
 - Pequenas roturas: táboa, orza, alerón etc.
 - Madeiras e similares. Conservación e reparación de orzas. Aleróns. Laminados, reforzos.
 - Fibras, resinas e derivados. Procedementos de reparación: enmasillado, lixado, laminado.
 - Velas: costuras, balumas, distinto tipo de parches etc.

- Conxunto de cabos.
- Motores:
 - Comprobación e limpeza do circuíto de refrixeración.
 - Comprobación e limpeza da bomba de auga.
 - Limpeza de filtros.
 - Comprobación do aceite da cola-hélice.
 - Limpeza do depósito de combustible.
 - Mantemento das baterías.

4. Almacena e transporta os materiais e as táboas de aparello libre de tecnificación a vela, seleccionando as condicións de almacenaxe e aplicando as técnicas axeitadas.

- Almacenamento:
 - Estibación das velas, orza, alerón, pau, botavara, táboa.
 - Lugar seguro: concepto, características e beneficios da correcta almacenaxe.
 - Infraestrutura de almacenamento.
- Transporte de embarcacións con aparello libre. Medios: remolques de estrada, bacas, técnicas de unión.
- A seguridade no transporte de embarcacións con aparello libre: normativa e código de circulación, coidados durante a carga e o transporte.

* Módulo específico de ensino deportivo: Formación práctica

Código: MED-VEAL211

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do centro deportivo de prácticas de navegación a vela con aparello libre, relacionándoa coa oferta de actividades de espe-

cialización, tecnificación deportiva e perfeccionamento técnico en vela con aparello libre e as súas actividades de xestión e aplicando os procedementos e protocolos de seguridade na práctica.

a) Identificouse a estrutura da organización deportiva local e autonómica e as súas relacións co club náutico, escola de vela ou centro náutico.

b) Identificáronse as relacións do centro de prácticas coa Real Federación Española de Vela.

c) Identificouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do centro deportivo de prácticas de navegación a vela con aparello libre.

d) Identificáronse as relacións xerárquicas dentro do centro deportivo de prácticas de navegación a vela con aparello libre.

e) Identificouse a oferta de actividades vinculadas á tecnificación deportiva e ao perfeccionamento técnico da navegación a vela con aparello libre.

f) Identificáronse as vías de financiamento económico utilizadas polo centro de prácticas de navegación a vela con aparello libre.

g) Distinguiuse a oferta de actividades orientada á especialización, tecnificación deportiva ou perfeccionamento técnico de navegación a vela nas mulleres.

h) Mantívose unha actitude clara de respecto ao medio nas actividades desenvolvidas e aplicando as normas internas e externas vinculadas a ela.

2. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo medio e aplicando os procedementos establecidos pola empresa.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizouse do traballo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do club náutico, escola de vela ou entidade deportiva.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club náutico, escola de vela ou entidade deportiva.

e) Estableceuse unha comunicación e relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os membros do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevista que se presente na actividade.

3. Controla a seguridade na práctica de tecnificación en vela con aparello libre, supervisando as instalacións e medios utilizados, interpretando a normativa e aplicando os procedementos e protocolos de acordo coa normativa e instrucións establecidas.

a) Identificáronse os aspectos básicos de seguridade, plans de urxencia e evacuación das áreas de navegación e instalacións náuticas do centro de prácticas e a súa adecuación á súa normativa de aplicación.

b) Identificáronse as normas de aplicación á seguridade das instalacións náuticas do centro de prácticas de navegación a vela con aparello libre.

c) Actuouse atendendo á seguridade persoal, do equipo de traballo e dos/as usuarios/as, cumprindo coa normativa vixente e cos protocolos establecidos no club náutico, escola de vela ou centro náutico de prácticas de navegación a vela con aparello libre.

d) Aplicáronse/utilizáronse os equipamentos de prevención de riscos laborais propios da tecnificación en vela con aparello libre.

e) Aplicáronse os aspectos fundamentais da Lei de prevención de riscos laborais, relacionados coas actividades, competicións e eventos da tecnificación en vela con aparello libre.

f) Identificáronse e aplicáronse as medidas de protección do medio das áreas de navegación e instalacións náuticas e a súa adecuación á normativa vixente.

4. Organiza, acompaña e dirixe os/as deportistas na súa participación en actividades, competicións e outros eventos de tecnificación en vela con aparello libre, transmitindo actitudes e valores, persoais e sociais, propios da ética deportiva: respecto aos demais, ao contorno e ao propio corpo, xogo limpo e traballo en equipo.

a) Realizouse a inscrición do/a regatista ou grupo de regatistas nunha competición de tecnificación deportiva en vela con aparello libre, de acordo cos protocolos e normas establecidos.

b) Realizáronse as operacións de xestión do seguro de accidente e actividade dun grupo de regatistas que participan nunha regata a vela con aparello libre, de acordo coas instrucións e normas recibidas.

c) Recoñeceuse e xustificouse a responsabilidade do persoal técnico nos desprazamentos dos/as regatistas para asistir a unha competición.

d) Elaborouse o plan de viaxe dun/dunha regatista ou grupo de regatistas que participa nunha competición de tecnificación en vela con aparello libre, aplicando as instrucións e procedementos establecidos.

e) Comprobouse a cobertura legal do/a regatista, durante a súa participación na competición, de acordo coa normativa establecida.

f) Informouse o/a regatista das características da competición, interpretando a documentación sobre ela.

g) Aplicáronse procedementos de reclamación nunha competición de tecnificación en vela con aparello libre, aplicando os protocolos e as regras establecidas.

h) Aplicáronse criterios de valoración da execución técnico-táctica do/a regatista, utilizando técnicas e procedementos de observación axeitados ao nivel de tecnificación en vela con aparello libre.

i) Trasladáronse o/a regatista as instrucións técnicas e tácticas durante a competición de tecnificación en vela con aparello libre, tendo en conta as características da competición e do/a regatista.

j) Acompañouse os/as regatistas nas competicións, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

k) Velouse polo respecto aos valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e aos demais, durante a participación na competición de tecnificación deportiva en vela, aplicando os procedementos axeitados e respectando as súas normas.

5. Adapta e concreta os programas e dirixe as sesións de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello libre, interpretando a información recibida, aplicando as técnicas e procedementos de acordo coas instrucións e normas establecidas e colaborando na aplicación de técnicas de detección de talentos.

a) Identificáronse e seleccionáronse os medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

b) Recibiuse o/a regatista seguindo o protocolo establecido e identificando as súas demandas e necesidades.

c) Aplicáronse técnicas e protocolos de valoración técnica e da condición motriz propios do/a regatista do nivel de tecnificación en vela con aparello libre, valorando o seu estado inicial, o grao de consecución dos obxectivos propostos e os erros cometidos.

d) Identificáronse e seleccionáronse os obxectivos técnicos e de preparación da condición motriz do/a regatista a partir da programación de referencia do centro náutico.

e) Aplicáronse protocolos de control e cuantificación da carga de adestramento dun/dunha regatista ou grupo de regatistas nas sesións de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello libre.

f) Colaborouse na aplicación de técnicas de detección de talentos propias da tecnificación en vela con aparello libre.

g) Establecéronse as condicións de seguridade necesarias na tecnificación deportiva, interpretando as instrucións ou normas e aplicando os procedementos establecidos.

h) Elaborouse un/unha ciclo/etapa de preparación completa dun/dunha regatista ou grupo de regatistas a partir da programación de referencia do centro náutico, concretando:

- Obxectivos de preparación e/ou competición.
- Medios de adestramento.
- Instrumentos de control.
- Carga de traballo e a súa dinámica durante o ciclo.
- Métodos de adestramento.
- Sesións de adestramento.
- E adecuándose ás características do/a regatista ou grupo de regatistas e os medios de adestramento existentes.

i) Explicáronse os contidos da sesión de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello libre, seguindo os protocolos e técnicas establecidas de forma clara e motivadora.

j) Dirixiuse a sesión de adestramento básico e perfeccionamento técnico en vela con aparello libre, solucionando as continxencias existentes, aplicando técnicas de dinámica de grupos e de motivación axeitadas o/a regatista e ao grupo de regatistas.

6. Organiza sesións de iniciación deportiva en vela con aparello libre para persoas con discapacidade, aplicando recursos que fomenten a súa participación en función das súas limitacións.

a) Valorouse a importancia de atender as características únicas da persoa con discapacidade previamente á realización da práctica da navegación a vela con aparello libre.

b) Orientouse as persoas con discapacidade cara ás prácticas de navegación a vela máis axeitadas en cada caso.

c) Determináronse axudas técnicas e as medidas de seguridade específicas seguindo os diferentes tipos de discapacidade e as características da práctica deportiva da navegación a vela con aparello libre.

d) Establecéronse as principais orientacións metodolóxicas en relación a comunicación e coa participación na tarefa das persoas con discapacidade.

e) Aplicáronse procedementos de adaptación/modificación das tarefas e xogos favorecendo a participación, o goce e as posibilidades de éxito de persoas con discapacidade na práctica da vela con aparello libre.

f) Identificáronse as principais limitacións cara á práctica provocadas pola falta de accesibilidade nas instalacións e espazos deportivos no centro náutico de prácticas.

g) Examináronse as limitacións orixinadas pola falta de acceso á información da oferta deportiva da navegación a vela e a difusión da práctica no centro náutico de prácticas.

h) Propiciouse unha actitude positiva cara á inclusión por parte de compañeiros/as, persoal técnico, as propias familias e as institucións cara á práctica deportiva da navegación a vela de persoas con discapacidade.

7. Coordina o proceso de iniciación deportiva en vela con aparello libre, elaborando as programacións de referencia, analizando a estrutura da escola de iniciación á navegación a vela e aplicando os procedementos e técnicas axeitadas.

a) Identificouse a estrutura e funcións da escola de iniciación á navegación a vela con aparello libre no centro de prácticas.

b) Realizáronse funcións e aplicáronse protocolos de coordinación do persoal técnico de iniciación deportiva en vela con aparello libre no centro de prácticas.

c) Identificáronse as necesidades materiais e humanas da escola de iniciación en vela con aparello libre do centro de prácticas.

d) Identificáronse estándares técnicos do programa de iniciación a vela con aparello libre do centro de prácticas.

e) Elaborouse un programa de iniciación deportiva en vela con aparello libre de acordo coas características do grupo, da contorna e a programación do centro de prácticas.

8. Dirixe e diseña áreas de navegación e percorridos, identificando as condicións e medios necesarios, aplicando os procedementos e técnicas específicas e respectando os protocolos de seguridade e a normativa ambiental, en navegación a vela con aparello libre.

a) Identificáronse as características das áreas de navegación e percorridos que utiliza o centro deportivo de prácticas, recoñecendo entre outras:

- O nivel de dificultade.
- O nivel dos/as usuarios/as.
- Os medios necesarios.
- Os percorridos alternativos.
- Posibles zonas de reunión.

b) Determinouse a dificultade técnica dun percorrido para navegación a vela con aparello libre e as técnicas necesarias de superación.

c) Determináronse os riscos dunha área de navegación, así como as técnicas necesarias para a súa axeitada xestión.

d) Identificáronse as características ambientais e a súa normativa de protección que deben cumprir as áreas de navegación e os percorridos utilizados polo centro de prácticas.

e) Analizáronse e elaboráronse áreas e percorridos de navegación e as súas actividades complementarias en función das características da zona, das embarcacións de aparello libre e dos obxectivos do centro de prácticas.

f) Aplicáronse protocolos e técnicas de revisión das áreas de navegación e percorridos utilizados polo centro de prácticas.

g) Guíouse un grupo de regatistas por un percorrido de regatas aplicando as técnicas específicas e respectando as normas e procedementos de seguridade establecidos polo centro de prácticas.

9. Colabora na organización de actividades e competicións de tecnificación en vela con aparello libre, interpretando instrucións e normas relacionadas, identificando e preparando os medios necesarios e aplicando os procedementos establecidos.

a) Identificouse o calendario de actividades, eventos e regatas de iniciación ou tecnificación deportiva en vela con aparello libre do centro de prácticas.

b) Seleccíonouse a información necesaria na organización dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello libre do centro de prácticas.

c) Realizáronse operacións de xestión e organización dos espazos, materiais e recursos humanos dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello libre do centro de prácticas.

d) Aplicáronse técnicas de recollida de información sobre os aspectos organizativos e loxísticos dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello libre do centro de prácticas.

e) Realizáronse operacións de distribución, colocación e aloxamento dos/as participantes nun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello libre do centro de prácticas.

f) Realizáronse operacións de apoio administrativo á organización dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello libre do centro de prácticas.

g) Elaboráronse os documentos informativos dun evento ou regata de iniciación ou tecnificación en vela con aparello libre do centro de prácticas.

ANEXO V

Ratio profesorado/alumnado

Bloque específico ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre	
MED-VEVE102. Formación técnica	1/20
MED-VEVE103. Seguridade da navegación e conservación dos materiais	1/6
MED-VEVE104. Metodoloxía da vela e iniciación á competición	1/20
Bloque específico ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo	
MED-VEVE201. Escola de vela	1/20
MED-VEVE202. Competicións e eventos a vela	1/20
MED-VEVE203. Seguridade na navegación a vela	1/6
MED-VEVE204. Preparación física do/a regatista	1/20
MED-VEVE205. Vela adaptada	1/6
MED-EVEAF206. Perfeccionamento técnico-táctico da vela con AF	1/15
MED-EVEAF207. Posta a punto do material de AF	1/6
Bloque específico ciclo final de grao medio en vela con aparello libre	
MED-VEVE201. Escola de vela	1/20
MED-VEVE202. Competicións e eventos a vela	1/20
MED-VEVE203. Seguridade na navegación a vela	1/6
MED-VEVE204. Preparación física do/a regatista	1/20
MED-VEVE205. Vela adaptada	1/6
MED-VEAL209. Perfeccionamento técnico-táctico da vela con AL	1/15
MED-VEAL210. Posta a punto do material de AL	1/6

ANEXO VI

Acceso módulo formación práctica

Acceso módulo formación práctica	Módulos que se deben superar
MED-VEVE105. Formación práctica.	Do bloque común do ciclo inicial. • MED-C101. Bases do comportamento deportivo. • MED-C102. Primeiros auxilios. Do bloque específico. • MED-VEVE102. Formación técnica. • MED-VEVE103. Seguridade da navegación e conservación dos materiais.

Acceso módulo formación práctica	Módulos que se deben superar
MED-VEAF208. Formación práctica.	Do bloque común do ciclo final. • MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. • MED-C202. Bases do adestramento deportivo. Do bloque específico. • MED-VEAF206. Perfeccionamento técnico táctico da vela con AF. • MED-VEAF207. Posta a punto do material de aparello fixo.
MED-VEAL211. Formación práctica.	Do bloque común do ciclo final. • MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. • MED-C202. Bases do adestramento deportivo. Do bloque específico. • MED-VEAL209. Perfeccionamento técnico-táctico da vela con AL. • MED-VEAL210. Posta a punto do material de aparello libre.

ANEXO VII A

Espazos e equipamentos mínimos do ciclo inicial

Espazos: ciclo inicial

Espazo formativo	Superficie m ² 30 alumnos/as	Superficie m ² 20 alumnos/as	Módulo de ensino deportivo
Aula polivalente	60 m ²	40 m ²	Módulos de ensino deportivo dos bloques comúns e específico do ciclo inicial.
Ximnasio	120 m ²	90 m ²	MED-C101. Bases do comportamento deportivo. MED-C102. Primeiros auxilios. MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.

Espazo formativo	Módulo de ensino deportivo
Aula obradoiro	MED-VEVE102. Formación técnica. MED-VEVE103. Seguridade da navegación e conservación dos materiais. MED-VEVE104. Metodoloxía da vela e iniciación á competición.
Zona de varada e de montaxe de embarcacións ao aire libre con acceso á área de navegación.	
Área de navegación: • Zona de augas protexidas e tranquilas, situada en: baía, rías, zonas de costa ou encoros; a zona debe estar limitada e marcada. • Debe permitir a comunicación visual e o contacto verbal. • Debe permitir a montaxe dos percorridos axeitados á iniciación en vela.	

Equipamentos: ciclo inicial

Equipamento da aula polivalente	Módulo de ensino deportivo
Equipamentos audiovisuais. Canón de proxección. PCs instalados en rede con conexión á internet. Software específico.	Módulos de ensino deportivo dos bloques comúns e específico do ciclo inicial.
Equipamento do ximnasio	Módulo de ensino deportivo
Maniquís de primeiros auxilios (adulto e bebé). Material de inmovilización e mobilización. Material de cura. Desfibrilador externo semiautomático.	MED-C102. Primeiros auxilios.
Material deportivo adaptado.	MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.

Equipamento da aula obradoiro	Módulo de ensino deportivo
Medios de socorro. Documentación de seguridade. EPI-Equipamentos de protección individual. Equipamentos de comunicación. Materiais de recambio e reparación. Ferramentas. Manuais de mantemento e reparación. Estándares de la RFEV, RRV. Aparatos de medición e predición meteorolóxica. Simuladores de navegación e meteorolóxicos.	MED-VEVE102. Formación técnica. MED-VEVE103. Seguridade de navegación e conservación dos materiais. MED-VEVE104. Metodoloxía da vela e iniciación á competición.
Equipamento da zona de varada e montaxe e da área de navegación	Módulo de ensino deportivo
Embarcacións e aparellos. Medios de transporte (terrestre, marítimo, aéreo), vehículos, remolques e bacas. Sistemas de almacenaxe. Boias, cabos e fondeos. Embarcacións de ata 8 metros e potencia de motor axeitada.	MED-VEVE102. Formación técnica. MED-VEVE103. Seguridade da navegación e conservación dos materiais. MED-VEVE104. Metodoloxía da vela e iniciación á competición.

ANEXO VII B

Espazos e equipamentos do ciclo final de grao medio en vela con aparello fixo

Espazos: ciclo final

Espazo formativo	Superficie m ² 30 alumnos/as	Superficie m ² 20 alumnos/as	Módulo de ensino deportivo
Aula polivalente	60 m ²	40 m ²	Todos os módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo final.
Ximnasio	120 m ²	90 m ²	MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. MED-C202. Bases do adestramento deportivo. MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade. MED-VEVE204. Preparación física do/a regatista.
Pista polideportiva 44 × 22 m			MED-C201. Bases da aprendizaxe deportiva. MED-C202. Bases do adestramento deportivo. MED-C203. Deporte adaptado e discapacidade.

Espazo de formación	Módulo de ensino deportivo
Aula obradoiro	MED-VEVE202. Competicións e eventos a vela. MED-VEVE203. Seguridade na navegación a vela. MED-VEVE201. Escola de vela. MED-EVEAF206. Perfeccionamento técnico-táctico da vela con AF. MED-EVEAF207. Posta a punto do material de AF.
Zona de varada e montaxe de embarcacións ao aire libre con acceso á área de navegación.	
Área de navegación: • Zona de augas protexidas, situada en: baía, rías, zonas de costa ou encoros; a zona debe estar limitada e marcada. • Debe permitir a comunicación visual e o contacto verbal. • Debe permitir a montaxe dos percorridos axeitados á tecnificación en vela. • En cruceiro a limitación da área vén delimitada polas atribucións do título de patrón de embarcacións de recreo, así como pola súa eslora.	

